

## SESIÓN ORDINARIA DO PLENO MUNICIPAL DO DÍA 25 DE MAIO DE 2016

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás vinte horas do día vinte e cinco de maio de dous mil dezaseis, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese en sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o Pleno municipal.

Asisten os señores concelleiros don Manuel Rivas Caridad, dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M<sup>a</sup> Vázquez Golpe, do PP; don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M<sup>a</sup> Dolores Blanca García Fernández, de UxC; dona Leonor Fernández Grande, dona M<sup>a</sup> Jesús Gómez González e don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, do PSdeG-PSOE; dona M<sup>a</sup> Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos, de ACdC-SON; don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández, do BNG; integrando o Grupo Mixto, dona M<sup>a</sup> José García Hidalgo, de C's; e don Jesús Bao Bouzas, concelleiro non adscrito.

Non asisten, con escusa, dona Rocío Vila Díaz, do PP, e dona Josefa Vázquez Soto, do PSdeG-PSOE.

Asisten don Francisco Javier Ulloa Arias, interventor, e dona Verónica M<sup>a</sup> Otero López, secretaria accidental

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

### 1. PARTE RESOLUTIVA

#### **1.1. Recoñecemento de obrigas procedentes de exercicios anteriores con cargo ao Orzamento de 2016. Expediente número 6.1/2016**

Vista a proposta de Alcaldía do día 12 de maio de 2016 que consta do seguinte teor literal:

“Vista a relación de facturas que se achega, correspondente a prestacións realizadas en exercicios anteriores por importe total de 7.489,15 euros, e o informe de reparos emitido con data 14 de abril de 2016 pola intervención municipal.

O principio de anualidade queda recoñecido no artigo 162 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de facendas locais (TRLFL), ao definir o orzamento das entidades locais como a “expresión cifrada, conxunta e sistemática das obrigas que, como máximo pode recoñecer a entidade e os seus organismos autónomos, e dos dereitos que prevea liquidar durante o correspondente exercicio”.

No relativo aos gastos o artigo 176.1 do TRLFL e 26.1 do RD 500/1990, establecen que con cargo aos créditos do estado de gastos do exercicio corrente só poderán contraerse obrigas derivadas de adquisicións, obras, servizos e despesas en xeral que se realicen no ano natural do propio exercicio orzamentario.

Visto que a factura que se pretende aprobar non se aprobou no seu debido momento por non terse presentado no Concello no mesmo exercicio no que se prestou o servizo ou se realizou a subministración.

Visto que o artigo 26 do Real decreto 500/1990, de 20 de abril, permite, non obstante, aplicar ós créditos do orzamento vixente no momento do seu recoñecemento, as obrigas procedentes de exercicios anteriores ás que se refire o artigo 60.2 do mesmo texto. (artigo 60.2 Real decreto 500/1990: “Corresponderá ao Pleno da entidade o recoñecemento extraxudicial de créditos,...”).

Por tanto, atopámonos con gastos realizados que se teñen que pagar, e co recoñecemento extraxudicial de créditos, se posibilita o aprobar gastos dun exercicio noutro. Doutro modo prexudicaríanse os intereses dos acredores, aos que a xurisprudencia lles recoñece o dereito a percibir o importe dos seus servizos, con independencia da aplicación da normativa orzamentaria, por aplicación da teoría do enriquecemento inxusto.

Visto o establecido nos artigos 185.1 e 217.2 do Real decreto 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Por todo iso, **PROPONSE** ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro: Levantar os reparos formulados pola Intervención municipal.

Segundo: Aprobar o expediente número 6.1/2016 de recoñecemento de obrigas de exercicios anteriores con cargo ao orzamento de 2016 por importe de 7.489,15 euros, correspondente á seguinte factura:

Nº DE ENTRADA	DATA FACTURA	NIF/CIF	NOME /DENOMINACION SOCIAL	IMPORTE
F/2016/20	07/01/2016	B70087226	ATALAIA SOCIAL S.L.N.E.	7.489,15
			<b>TOTAL</b>	<b>7.489,15 euros</b>

Terceiro: Autorizar, dispoñer e recoñecer as obrigas correspondentes ao acredor relacionado anteriormente.”

Foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Economía, Facenda, Seguridade Cidadá e Participación de data 18 de maio de 2016, por catro votos a prol, correspondentes ás dúas concelleiras de UxC e ás dúas concelleiras do PSdeG-PSOE; co voto en contra dos dous concelleiros do PP e da concelleira de C's, integrante do GM; e coa abstención da concelleira de ACdC-SON, do concelleiro do BNG e do concelleiro non adscrito.

Concedida a palabra a don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, voceiro do PSdeG-PSOE, explica que de acordo co acordo adoptado na xunta de voceiros, houbo un grupo de facturas que se decidiron desagregar. Este é o primeiro expediente, o 6.1/2016, que atinxe ao concepto da campaña de prevención, sensibilización e concienciación sobre a violencia de xénero na sociedade, cun orzamento de 7.489,15 euros, correspondente á empresa Atalaia Social.

Concedida a palabra a don Manuel Rivas Caridad, voceiro do PP, expón que a factura que se lles presenta xa parte das comisións do mes de outubro pasado, pleno do mes de outubro, comisións do mes de abril, foi retirada do pleno do mes de abril, e vólvese a traer de novo a comisións e a pleno neste mes de maio.

Explica que eles non poden votar favorablemente o pagamento da factura, porque lendo directamente o informe do señor interventor o que di é que se emite informe desfavorable motivado en que o contrato menor tramitado no expediente ten sido adxudicado á empresa Atalaia Social S.L.N.E. a proposta do concelleiro delegado da Área de Benestar Social e Educación, apartándose do criterio técnico do informe de valoración das ofertas presentadas á contratación, sen que conste fundamentación ningunha pola súa parte, nin no expediente, nin na proposta, nin na resolución, polo que a Intervención municipal non pode entender cumprido o requisito de motivación, que ten que estar presente en toda adxudicación tras a análise das ofertas presentadas que cumpren os requisitos de procedemento, iso tal e como se esixe para todo procedemento administrativo nos artigos 53 e 54 da Lei 30/1992, en canto á produción e contido dos actos e a súa motivación, e especificamente para todos os contratos do sector público no artigo 151 da Lei de contratos do sector público. Así pois, o informe que presenta o interventor non é un informe desfavorable, é un informe suspensivo e, polo tanto, o voto do seu grupo vai ser un voto en contra.

Concedida a palabra a dona M<sup>a</sup> Olga Santos López, voceira de ACdC-SON, manifesta, en primeiro lugar, que nesta ocasión, neste mes de maio, deberían ter convocado un pleno monográfico, quizais extraordinario, sobre as irregularidades cometidas ao longo do que vai deste ano de goberno, por concelleiros en particular, e dende o seu punto de vista poderíase dicir que incluso polo Goberno en xeral.

O caso que lles ocupa, como dicía o Sr. Rivas, xa foi amplamente debatido no pleno extraordinario do 25 de novembro do pasado ano, no que se aprobou a reprobación de don Augusto Rey Moreno e don Jesús Bao Bouzas como consecuencia da contratación da empresa que hoxe lles presenta esta factura que lles ocupa.

Lembra que era para levar a cabo unha campaña contra a violencia de xénero en Cambre, que efectivamente foi realizada. A reprobación viña motivada pola ausencia de respecto, como xa se apuntou, aos criterios dos técnicos municipais, que recomendaban a contratación doutra empresa, e que o Sr. Bao pasou por alto co visto e prace do entón voceiro do PSdeG-PSOE. Ambos, naquel momento concelleiros do Goberno, decidiron contratar á empresa peor valorada. Esa empresa é Atalaia Social e é a factura que lles presentan para aprobación.

Di que o voto de Asemblea Cidadá de Cambre vai ser contrario, por varias razóns que pretende que queden claras e vai intentar explicar. Primeiro, porque despois de seis meses, ninguén asumiu ningún tipo de responsabilidade, e estase referindo a máis persoas que ao propio Sr. Bao e ao propio Sr. Rey. O Sr. Rey desapareceu covardemente, sen dar a cara, nin ante os veciños, nin ante a Corporación. O Sr. Bao intentou enrevesar a madeixa durante os quince minutos de exposición máis ridículos que ela lembra nos anos que leva de concelleira, e non foi quen nin de pedir desculpas, nin de explicar a motivación de outorgar a dedo un contrato á empresa menos recomendada.

Pero di que ela tamén quere facer responsable ao alcalde de Cambre, que lles está pedindo aos veciños que saquen máis de 7.000 euros para facer fronte ao pagamento dunha factura sen tomar nin unha soa medida contra os concelleiros que cometeron, non esta irregularidade, senón moitas máis como van ir vendo ao longo deste pleno, e dende o seu punto de vista, e iso xa é unha opinión particular, moitas máis que aínda non saberán.

Outra persoa á que fai responsable é ao Sr. Juan Evaristo Rodríguez. No pleno de reprobación o entón tamén concelleiro do Goberno tivo que ausentarse por razóns médicas, algo que respectan profundamente, pero ese pleno foi no mes de novembro e están a finais de maio, e non houbo ningunha reprobación expresa, nin unha explicación sobre o seu parecer sobre o asunto. A día de hoxe é o primeiro tenente de alcalde do concello e non tivo a decencia de manifestar unha reprobación pública ou de apoiar publicamente ao Sr. Bao. Di que a indeterminación en política non se pode consentir.

Continúa dicindo que lembrarán os presentes que ela mesma naquel pleno de reprobación pediu expresamente a opinión das concelleiras dona Leonor Fernández e dona M<sup>a</sup> Jesús Gómez, e lonxe de dala fixeron algo moito máis grave dende o seu punto de vista. Levantáronse sen mencionar nin unha soa palabra, abandonaron o salón de plenos de xeito covarde e miserable, e nin sequera foron quen de dicir elas mesmas que facían o que non facían. Foi o Sr. Bao o seu voceiro, elas non pronunciaron palabra.

Por outra parte, en Asemblea Cidadá de Cambre non van consentir que se paguen as consecuencias dunha xestión pésima, co parabén do Goberno, e que o paguen os veciños de Cambre. Se queren que levanten este reparo van ter que facer moito máis do que fixeron ata o de agora, non pode ser tan fácil como pretenden que sexa. Primeiro, hai que pedir desculpas públicas aos veciños. Segundo, hai que iniciar as accións oportunas contra os responsables desas irregularidades, porque neste país nalgún momento alguén vai ter que empezar a pagar polas irregularidades que comete, non poden saír de rositas sempre. Están falando de casos moi graves.

Tamén se terán que facer unhas declaracións neste salón de plenos, pero non soamente o implicado que queda, senón expresamente os tres concelleiros que acaba de mencionar. E cando todo iso ocorra, ao mellor dende ACdC-SON poden empezar a pensar se ao mellor deben empezar a cargar aos veciños con esa responsabilidade. Pero di que aquí hai que asumir consecuencias. Se todo iso non ocorre, evidentemente van votar en contra. Non teñen nin idea do que está pasando neste Goberno, pero non van consentir que os utilicen para limpar as súas mans.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, voceiro do BNG, manifesta que dende o seu grupo fanse cargo de que están ante unha factura peculiar, que ten loxicamente unha peripecia política detrás, e que non a fai, en certa maneira, asimilable a outras. Foi o grupo do BNG, e non o di con especial orgullo, porque a eles gústalles máis estar en política para realizar outro tipo de xestións, para intentar acadar na medida do posible outro tipo de logros, pero foi o seu grupo o que puxo na picota e o que puxo en tea de xuízo público esta factura no seu día, motivando a convocatoria dun pleno extraordinario no mes de novembro e acadando finalmente a maioría dese pleno para conseguir unha reprobación política a don Augusto Rey, voceiro do PSdeG-PSOE naquel momento, e a don Jesús Bao, naquel momento concelleiro tamén do PSOE e membro do Goberno a cargo da Área de Servizos Sociais.

Queren dicir isto e explicitar isto porque en certa maneira, a xuízo do BNG, nun concello pode haber moitas facturas que teñan un informe de Intervención desfavorable, e hai menos, pero tamén as pode haber, como é o caso, que poden ter un informe que é tan desfavorable que é suspensivo. O que pasa é que esta, a diferenza desas que pode haber outras veces, afortunadamente, e o di no haber e como un eloxio a esta Corporación, si tivo unha peaxe política, é dicir, si tivo unha serie de consecuencias.

Esa factura tramitouse como reflexa o informe de Intervención que tivo a ben ler o voceiro do PP, o Sr. Rivas, a través dese trámite tan absolutamente disparatado e tan absolutamente carente dos máis mínimos requisitos éticos, e di éticos, non legais, porque tristemente iso que se di de que “quen fai a lei fai a trampa” parece que ás veces, como é neste caso, se cumpre, porque non están falando de nada a sensu strictu ilegal, pero si moral, política e eticamente reprochable. Pero quen a fixo aquí si tivo dalgunha maneira que pagala, porque o Pleno reprobou a esas persoas, e porque eles entenden que foi tamén algo determinante para que se produciran unha serie de situacións que se deron logo no executivo local, poñendo a esa xente fóra do Goberno municipal, o cal ao seu modo de ver é unha noticia satisfactoria para Cambre.

Ao Bloque gustaríalle que se tivera ido máis alá, é dicir, en parte están de acordo co argumentario que esgrimiou a voceira de ACdC, aínda que quizais non é necesario plasmalo, ao seu modo de ver, desa maneira, porque a eles si lles consta que determinados grupos, e o di aquí publicamente, do actual Grupo Socialista, non teñen absolutamente nada que ver, ata onde eles saben, e por iso o poden dicir publicamente, con ese tipo de prácticas, e tamén lles parece xusto dicilo. Pero si lles gustaría tamén que por parte, non igual do grupo municipal socialista, senón por parte do partido, do PSOE, se decidira que quen fixo esa tropelía quizais non deba estar no PSOE, pero loxicamente esa é unha cuestión do propio PSOE.

En todo caso, como o BNG entende que se lles deu a información que reclamaron no seu momento, que se tomaron medidas políticas total e absolutamente coercitivas contra quen fixo esta falcatrada, e porque entenden tamén que toca dalgunha maneira, non pasar páxina, pero si rematar este capítulo e o concello ten que pagar, vanse abster coa clara intencionalidade de que se poida resolver esta factura, agardando que episodios como estes, están total e absolutamente convencidos e así cren que será, non se volvan repetir neste concello.

Concedida a palabra a dona M<sup>a</sup> José García Hidalgo, voceira do GM (C's), manifesta que ela cre que a exposición ten sido moi clara por parte do resto dos grupos. A oposición non é culpable dunha mala xestión por parte dalgúns membros do Goberno no seu momento, e o seu grupo mantén, ao igual que fixeron en comisións, o seu voto en contra.

Concedida a palabra a don Juan González Leirós, voceiro de UxC, manifesta que todo o que se expuxo é razoable, é certo, pero todo expediente deste tipo ten dous tipos de consideracións, unha consideración de ámbito administrativo onde se fan os procedementos, neste caso absolutamente negatorios, absolutamente fóra de norma, e despois ten outro tipo de consecuencias que é pagar a quen fixo un traballo. Polo tanto, están nunha dobre dialéctica, nun dobre dilema, que tamén menciona o interventor nos seus informes, onde se di que ao final aquel que fai un traballo, que se comprobou que o fixo, tamén debe de cobrar, porque os efectos negativos non son só para os veciños de Cambre.



Dille á voceira de ACdC-SON que non é a responsabilidade dos veciños de Cambre, senón que é a dela. Neste tema os veciños de Cambre son uns elementos observadores do que aquí ocorre, pero a responsabilidade é deles como concelleiros, votar a favor ou votar en contra, esa é a responsabilidade.

E expón que teñen dúas responsabilidades. A primeira no ámbito administrativo. Fixéronse as depuracións que había que facer, elimináronse os elementos discordantes, e quere dicir que se eliminaron sen ningún tipo de sentenza xudicial. Hai outros casos que se detectan aquí dentro que si teñen ámbitos xudiciais e, non obstante, non se tomou a mesma belixerancia cara a eles. Iso non diminúe o que están falando da responsabilidade dos concelleiros, pero si hai diferenzas notables, e a pesar diso a forma de proceder é absolutamente distinta en ambos ámbitos.

Continúa dicindo que esa é a primeira cuestión. Si se deron responsabilidades e si se acoutaron, si se puxo freo e consecuencia diso si que pagaron un prezo bastante substancial, que foi o de quedarse en minoría e ter uns tempos bastante difíciles para o Goberno municipal de Cambre.

En segundo lugar está o pago da factura, e preguntalles se unha empresa que fixo un traballo, que parece que o fixo de acordo con toda norma, merece non cobrar. Di que ese é o dilema que teñen que decidir aquí, e a mesma valentía que se pide nas accións legais sobre os concelleiros que fixeron isto, pídesese tamén para as responsabilidades dos concelleiros en canto a unha empresa que pode ou non devengar 7.000 euros que para ela poden ser moi importantes.

Conclúe dicindo que por suposto van votar afirmativamente, porque a empresa ten que cobrar.

Concedida a palabra a don Jesús Bao Bouzas, concelleiro non adscrito, manifesta que el tamén vai votar en sentido afirmativo á proposta do Goberno.

Concedida a palabra a don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez manifesta que el quere facer unha aclaración, que o grupo municipal socialista reproba publicamente a actitude dos seus compañeiros naquel momento. Dende o grupo municipal socialista fixeron, por decisión propia, todo o que estaba nas súas mans, como foi apartar do grupo a ese concelleiro. Por outra parte, como todos saben os partidos políticos que teñen representación no Estado dependen dunhas instancias provinciais, autonómicas e nacionais, e como outra vez están inmersos nunha situación de eleccións, víronse un pouco prexudicados nunha pronta toma de decisións. É máis, di que el pensou que onte podería ter feito unha rolda de prensa comunicando unha serie de puntos, pero por problemas dende Madrid, que agora está en Madrid o tema, non puido facelo, pero dilles a todos que deben saber que eles reprobán publicamente esa actitude, e o grupo municipal socialista ten feito todo o que estaba nas súas mans para poder seguir traballando e colaborando co Goberno.

Concedida a palabra a dona M<sup>a</sup> Olga Santos López manifesta que só unha serie de aclaracións. Di que en primeiro lugar non concorda de todo co compañeiro Carballada. Ela entende que o PSOE non pagou debidamente como tiña que ter pagado as consecuencias desta situación. Si agradece a intervención do Sr. Juan Evaristo, pero dille que chega tarde, chega realmente moi tarde, e entende que a reprobación é extensible ás súas dúas compañeiras que non están intervindo, pero que si deberían facelo, porque naquel momento se levantaron e apoiaron esa actitude que hoxe reprobán. Di que non o pide ela, é politicamente algo que se debería facer ante os veciños do concello.

En canto ao que comentaba o Sr. González Leirós de que hai que pagar a quen fixo un traballo, evidentemente que hai que facelo, iso non o dubida ninguén, o que pasa é que non está suficientemente clara a trama desa situación, e como non está suficientemente clara, non o está nin nun sentido, nin o está no outro, porque unha empresa que recibe a dedo unha contratación, se o Goberno non se para a clarificar excesivamente os feitos, ela non sabe ata que punto lles vai quedar a dúbida de por que esa empresa e non outra.

En canto á responsabilidade, efectivamente, como teñen responsabilidade é polo que esixen, piden e reiteran que o Goberno non fixo os deberes como os tiña que ter feito. Agora presentan a factura, van lavar as mans e van tirar para diante porque a empresa ten que cobrar. Di que se fará, dende logo que si, porque non fixo a conta pero cre que esta proposta vai saír para adiante, pero que quede constancia de que isto non queda suficientemente aclarado ante os veciños, nin aclarado ante os grupos da oposición.

Conclúe pedíndolle ao señor concelleiro que non lle diga que non son responsables, que non o diga, porque responsable debería ter sido o Goberno coas dúas concelleiras que están aí e que se levantaron orgullosas apoiando a actitude do Sr. Bao. Que hoxe se reproba, perfecto, pero di que isto vén con seis meses de tardanza.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez manifesta que non quere ser pesado no seu posicionamento, pero que o BNG abstense para que esta factura saia adiante por unha cuestión que el cre que é perfectamente comprensible. Non van votar a favor, pero van votar abstención sabendo que isto vai saír adiante, pero iso non é óbice, nin moito menos, para manter a súa postura total e absolutamente clara, que entenden que non é preciso explicitar neste pleno porque xa o fixeron no pleno que precisamente pediu o BNG no seu día.

Loxicamente eles están total e absolutamente convencidos, ata onde chegan, de que aquí o que hai é unha untada como unha catedral, é dicir, que aquí determinado cargo público elixiu determinada empresa, vaian a saber o porqué. El cre que é perfectamente claro ese porqué, pero o que pasa é que non teñen medios para probalo xudicialmente, nin moito menos, como si lles gustaría. Pero por suposto que están diante dun caso flagrante, diante dun dedazo, dunha auténtica cacicada que felizmente, insiste, a ollos do BNG, tivo consecuencias políticas.

Agradecen as palabras do voceiro do grupo socialista, porque lles consta, é certo que a nivel privado, iso tamén o teñen que dicir, e hoxe a nivel público, que dende o minuto cero viñeron falar co BNG para transmitir o seu bochorno pola situación creada e a súa contrariedade ante os modos de actuar que tiña determinada xente que estaba no Goberno municipal. Pero hai un feito obxectivo, esa xente que antes estaba no Goberno municipal, a día de hoxe felizmente xa non o está, e nun caso, máis felizmente aínda, non está nin na Corporación. Loxicamente el pode poñerlle moitas tachas ao PSOE, pero ponlle máis a quen fuxiu como un covarde e non a quen neste caso, e coa maior das correccións, está a dar a cara.

Polo tanto, eles entenden que esta factura hai que pagala, que isto non pode ter unha continuación a nivel xudicial motivada no impago, poñan por caso, non sería o óptimo, polo tanto, o que ten que facer o concello é pagar esa factura. Así o entenden dende o BNG.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os cinco concelleiros de UxC, os tres concelleiros presentes do PSdeG-PSOE e o concelleiro non adscrito. Votan en contra os cinco concelleiros presentes do PP, os dous concelleiros de ACdC-SON e a concelleira do GM (C's). Abstéñense os dous concelleiros do BNG.

O Pleno municipal, por nove votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

## **1.2. Recoñecemento de obrigas procedentes de exercicios anteriores con cargo ao Orzamento de 2016. Expediente número 6.2/2016**

Vista a proposta de Alcaldía do día 12 de maio de 2016 que consta do seguinte teor literal:

“Vista a relación de facturas que se achega, correspondentes a prestacións realizadas en exercicios anteriores por importe total de 5.999,99 euros, e o informe de reparos emitido con data 14 de abril de 2016 pola intervención municipal.

O principio de anualidade queda recoñecido no artigo 162 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de facendas locais (TRLFL), ao definir o orzamento das entidades locais como a

“expresión cifrada, conxunta e sistemática das obrigas que, como máximo pode recoñecer a entidade e os seus organismos autónomos, e dos dereitos que prevea liquidar durante o correspondente exercicio”.

No relativo aos gastos o artigo 176.1 do TRLFL e 26.1 do RD 500/1990, establecen que con cargo aos créditos do estado de gastos do exercicio corrente só poderán contraerse obrigas derivadas de adquisicións, obras, servizos e despesas en xeral que se realicen no ano natural do propio exercicio orzamentario.

Visto que a factura que se pretende aprobar non se aprobou no seu debido momento por non terse presentado no Concello no mesmo exercicio no que se prestou o servizo ou se realizou a subministración.

Visto que o artigo 26 do Real decreto 500/1990, de 20 de abril, permite, non obstante, aplicar ós créditos do orzamento vixente no momento do seu recoñecemento, as obrigas procedentes de exercicios anteriores ás que se refire o artigo 60.2 do mesmo texto. (artigo 60.2 Real decreto 500/1990: “Corresponderá ao Pleno da entidade o recoñecemento extraxudicial de créditos,...”).

Por tanto, atopámonos con gastos realizados que se teñen que pagar, e co recoñecemento extraxudicial de créditos, se posibilita o aprobar gastos dun exercicio noutro. Doutro modo prexudicaríanse os intereses dos acredores, aos que a xurisprudencia lles recoñece o dereito a percibir o importe dos seus servizos, con independencia da aplicación da normativa orzamentaria, por aplicación da teoría do enriquecemento inxusto.

Visto o establecido nos artigos 185.1 e 217.2 do Real decreto 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Por todo iso, **PROPONSE** ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro: Levantar os reparos formulados pola Intervención municipal.

Segundo: Aprobar o expediente número 6.2/2016 de recoñecemento de obrigas de exercicios anteriores con cargo ao orzamento de 2016 por importe de 5.999,99 euros, correspondente á seguinte factura:

Nº DE ENTRADA	DATA FACTURA	NIF/CIF	NOME /DENOMINACION SOCIAL	IMPORTE
F/2016/251	25/01/2016	A15049943	AUTOMOVILES SIGRAS CARRAL, S.A.	5.999,99
			<b>TOTAL</b>	<b>5.999,99 euros</b>

Terceiro: Autorizar, dispoñer e recoñecer as obrigas correspondentes ao acreedor relacionado anteriormente.”

Foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Economía, Facenda, Seguridade Cidadá e Participación de data 18 de maio de 2016, por catro votos a prol, correspondentes ás dúas concelleiras de UxC e ás dúas concelleiras do PSdeG-PSOE; co voto en contra dos dous concelleiros do PP e da concelleira de C's, integrante do GM; e coa abstención da concelleira de ACdC-SON, do concelleiro do BNG e do concelleiro non adscrito.

Concedida a palabra a don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, voceiro do PSdeG-PSOE, explica que esta factura corresponde ao servizo de transporte do David Buján de Sigrás no período do mes de outubro de 2015 a xaneiro do 2016, concretamente a unha subvención á Anpa. A empresa é “Automóviles Sigrás Carral” e o importe da factura é de 5.999,99 euros.

Concedida a palabra a don Manuel Rivas Caridad, voceiro do PP, manifesta que esta é unha factura que formaba parte dun conxunto de facturas, como no expediente anterior, se no expediente anterior no estaban de acordo, aquí vai dicir o porqué. Ese grupo de facturas tróuxose a comisións no mes de outubro, nesas comisións o PP solicitou do Goberno un informe xurídico, tróuxose a pleno sen ese informe xurídico e aprobouse a sinatura dun convenio.

Ese informe xurídico achegouse no mes de decembro do ano pasado, dous meses despois do acordo. E a pesar de que o PP votou en contra e lle notificou ao Goberno que esa posiblemente fora unha actuación ilegal, ou que tiña visos de ilegalidade, o Goberno, coa súa incompetencia, tirou para adiante. Trouxérono ao pleno do mes de abril, aínda que logo o retiraron, e na xunta de voceiros decidiron separar os puntos, porque nese grupo de facturas había outras dúas, que se verán no expediente seguinte, que non tiñan culpa de todo isto.

Continúa dicindo que cando o señor interventor fai o informe a esa factura, fai outra vez un informe totalmente suspensivo, e agora traen o asunto a pleno para levantar ese reparo suspensivo, coas consecuencias que iso pode ter. Pero iso non é o peor, dicía o Sr. González Leirós no punto anterior que todos son concelleiros deste concello e teñen que tomar decisións, o peor é que eles, e dirixese concretamente ao Sr. alcalde, tiñan coñecemento disto dende outubro e podían telo feito doutra forma, pero o Goberno enganou á Anpa do David Buján, prometéndolles algo que sabían que non podían cumprir, e seguiron co engano ata hoxe, por iso o PP, por moito que queira e facendo todo o posible, non pode levantar ese reparo, porque é un reparo suspensivo.

Di que de acordo con que a empresa ten que cobrar, el é o primeiro en dicir que as empresas cando fan un traballo teñen que cobralo, pero resulta que o transporte o contrata a Anpa e a factura a paga o concello. Iso non se viu nunca. O Goberno presenta unha factura dun contrato que teoricamente non é co concello, senón coa Anpa do David Buján.

Cre que ata este mes de maio, que é cando o Goberno trae esta factura, houbo meses. Dende o Goberno proclaman a transparencia, e el dilles que entre todos podían ter arranxado este desaguisado, porque o único que trae isto son consecuencias, unhas consecuencias para a Anpa do David Buján graves, sobre todo graves a nivel económico, porque as Anpas xa saben todos como funcionan. El ten que recriminarlles, dende logo, que esa transparencia da que fan gala, non a teñan posto enriba da mesa, que non os teñan convocado a todos no mes de novembro, cando requiriron o informe, e ter arranxado este asunto doutra forma, pero empeñáronse, na súa incompetencia, en non arranxar ese desaguisado.

Pide que non lle digan que a culpa a ten o Sr. Bao, porque o Sr. Bao probablemente fixera a proposta como concelleiro de Benestar Social que era, pero o Sr. alcalde tiña coñecemento deste feito. Foi o alcalde, conxuntamente co concelleiro, quen prometeu á Anpa do David Buján unha subvención nominativa, todos tiñan coñecemento dese feito.

Conclúe reiterando que se o tiveran posto enriba da mesa, probablemente o terían arranxado. O voto do PP non pode ser doutra forma, polas consecuencias que pode ter, que ser un voto en contra.

Concedida a palabra a dona M<sup>a</sup> Olga Santos López, voceira de ACdC-SON, manifesta que neste caso están ante outra factura que procede dunha irregularidade no proceso de adxudicación por parte do Sr. Bao, o que ocorre é que están falando dunha casuística diferente, e ese precisamente foi o motivo polo que dende o seu grupo solicitaron que para este pleno se presentaran as facturas con reparos de xeito independente. Son tan bizarras, se lle permiten dicir, as situacións que rodean a estas facturas, que merecen o seu tratamento por separado.

Di que a situación que se presenta respecto desta factura ten dúas cuestións que claramente a diferencian da factura da que falaban no punto anterior. En primeiro lugar existe unha Anpa que foi deliberadamente enganada polo Sr. Bao, asegurándolle que se lle ía conceder unha subvención de 6.000 euros para que puideran sufragar parte do gasto de bus para rapaces que non podían usar o servizo de transporte escolar. Pero non só se enganou á Anpa, senón que o Sr. Bao enganou a todos os membros desta Corporación formando parte do Goberno.

Por parte de ACdC-SON, e así consta na acta na que se aprobou esa dotación económica, díxose claramente que ían votar a prol desa subvención tendo en conta que daban por feito que se ía subscribir un convenio coa Anpa, algo que nunca chegou a suceder.



No caso anterior non teñen forma, como dixo hai un momento, de chegar a saber se a empresa tiña coñecemento do que estaba a acontecer, pero neste caso dende Asemblea Cidadá de Cambre o que non poden por responsabilidade é votar en contra desta factura, porque a consecuencia é que Asicasa, se non recibe o cobro, vaillo requirir á Anpa directamente, e o que deben evitar é que a Anpa sexa responsable da incompetencia do Goberno.

Expón que fala do Goberno polo mesmo motivo que afirmaba antes. A responsabilidade non é unicamente do Sr. Bao. Se o seu fillo rompe algo a responsable é ela, pero aquí o Sr. Bao rompe o que se lle pon por diante, polo que están vendo, e o Goberno pasa no bico dos pés, traendo ao pleno a responsabilidade de levantar un reparo suspensivo, con todo o que leva consigo, e trasladándolle aos veciños as consecuencias de todas esas incompetencias.

Dille ao Sr. alcalde que neste caso consideran que é especialmente grave porque, aínda por riba, a documentación que lles achegan entenden que tampouco está suficientemente contrastada. O indicaba a concelleira de Ciudadanos, e pídelle que en caso de que se equivoca por favor a corrixa, que Asicasa presenta unha factura de 6.000 euros pola prestación dun servizo que se debía, ou iso entenden pola documentación que se lles presentou no momento de aprobación daquela subvención, prestar previsiblemente por un curso escolar. Realmente préstase, segundo a factura que presenta Asicasa, durante catro meses antes de que se teña coñecemento, ou iso cren e niso confían, de que non se podía levar a cabo o convenio.

Segundo un escrito da presidenta da Anpa do mes de febreiro, xa sendo coñecedores de que non se podía celebrar o convenio, a Anpa pídelle a factura a Asicasa, que a emite polo importe total, é dicir, por 6.000 euros, iso cando o servizo con esas características foi prestado durante catro meses, aínda que a día de hoxe, segundo ela ten entendido, se siga a prestar.

Di todo isto porque se efectivamente o concello, por responsabilidade, e polo feito de que a Anpa no teña que asumir ese gasto, ten que asumir esta situación, debería estudar a factura pormenorizadamente e debería intermediar con Asicasa para aclarar esta situación, porque a factura está feita claramente a medida, divídese o importe total entre os días que se presta o servizo, 6.000 entre 62,5 dá a 96 euros por día, se fora un mes máis sería 6.000 entre 90 días, é dicir, faise a factura para que dea o resultado de 6.000 euros.

Eles o que piden é que teñan a ben deixar a factura enriba da mesa, que se faga un recálculo, e que se fale con Asicasa sobre o importe que realmente se debe de pagar, porque se fan un prorrateo e para 9 meses inicialmente eran 6.000 euros, para 4 meses serían 2.700 euros, que é o que realmente tería que pagar o Concello de Cambre. Pide ao Goberno que intermedien con Asicasa e que intermedien coa Anpa.

Ela non sabe se o concello, non o sabe porque cre que non se formulou a pregunta ou non o lembra, se nalgún momento o Goberno chegou a falar con Asicasa deste tema. Entende que non, que a factura a presenta Asicasa á Anpa, e que esta lla traslada ao concello por mor dese compromiso. Pero cre que tampouco poden consentir que saian 6.000 euros das arcas públicas, cando ao mellor a factura non é correcta.

Piden, polo tanto, que retiren o punto da orde do día e que o traian máis adiante polo importe que corresponde, porque, efectivamente, aínda que hai que defender os intereses da Anpa, tamén hai que protexer os intereses dos veciños de Cambre.

Conclúe dicindo que lles fagan caso ou non, o voto do seu grupo o que non vai é a prexudicar de ningún xeito a unha Anpa, asumirán a responsabilidade de levantar o reparo de Intervención e votarán abstención no caso de que non decidan retiralo e, de cara á responsabilidade que dicía o Sr. González Leirós, pídelles revisar esa factura a ver se efectivamente está feita ou non a medida, como a todas luces parece que está, e actuar neste caso como correctos intermediarios.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, voceiro do BNG, manifesta que dende o seu grupo entenden que esta é unha factura que ten un fundamento moi especial, pola súa especial, vaia a redundancia, sensibilidade social. Ao seu xuízo iso é o que debe primar neste caso, clarisimamente, por riba incluso de formalismos técnicos, e dende logo por riba da salubridade económica desa banda de atracadores que é Asicasa, disfrazada de empresa, que é un auténtico sindicato do crime e da extorsión a administracións municipais, nomeadamente a este concello, e niso concordan total e absolutamente coa intervención da compañeira de ACdC. Están total e absolutamente seguros de que esta é unha factura incluso diría que fóra de prezos de mercado, do que poden entender como algo lóxico e normal, por iso se suman á súa petición de que se o Goberno, que é o que ao fin e ao cabo ten esa potestade neste pleno, decide retirar este punto da orde do día, para intentar negociar con Asicasa, loxicamente á baixa, o BNG estará encantado e secundará esa postura, se non o que farán será absterse.

Explica que se van abster porque entenden que o que hai que facer, por riba de calquera outro tipo de consideración e por riba incluso de calquera outro tipo de consecuencias que poida ter incluso para eles, é preservar a integridade da Anpa. É dicir, hai xente que está poñendo do seu tempo, do seu esforzo, dos seus cartos, por suposto que si, para realizar un servizo que beneficia á colectividade, que beneficia ao conxunto da cidadanía de Cambre, que defende tamén un ensino público, e neste caso se algo teñen claro é que esas persoas foron, e pide que se entenda con todas as comiñas do mundo, máis vítimas que outra cousa.

Ao seu modo de ver, mirando por arriba e por abaixo, a Anpa non ten culpa de que isto se fixera así, que se fixo xustamente como non se debe facer e, en fin, o BNG está neste pleno con estas facturas por cousas que se fixeron, si, pero que se fixeron como non se tiñan que facer, e nese sentido queren deixar claro que agardan que non se volvan repetir accións como esta.

Continúa dicindo que por iso subscriben parte do que aquí se dixo respecto de poñer en común determinadas cuestións cos grupos da oposición, e levar os temas doutra maneira, como si se ten feito, por certo, noutros moitos ámbitos, e eles así o recoñecen publicamente. Insiste en que debe primar a total e absoluta seguridade, a total e absoluta certeza, tranquilidade, blindaxe, para os membros da Anpa. Por iso, consultadas diversas fontes que teñen, como non lles aseguran que de aquí se poida derivar que chegado o momento Asicasa poida disparar contra a Asociación de nais e pais, pois o BNG o que defende é que esta factura a saquen canto antes de diante, servindo como exemplo de como non se deben facer as cousas.

Como nota a rodapé, conclúe dicindo que oxalá todos os problemas que poida haber no futuro no Concello de Cambre, e oxalá que non existan máis deste tipo, sexan ao fin e ao cabo por fornecer neste caso, e ademais cunha casuística moi peculiar, dun transporte público a xente que ten que ir a un centro de ensino. É dicir, que non sexa noutro tipo de mesteres, máis luxuriosos e dadivosos, como ten pasado, no pasado, neste concello.

Concedida a palabra a dona M<sup>a</sup> José García Hidalgo, voceira do GM (C's), manifesta que aquí hai varios puntos neste asunto. Dende logo a Anpa pecou de inocente, e os señores do Goberno non viron a tempo que ese convenio non se podía levar a cabo. No mes de outubro do 2015, Ciudadanos votou a favor da modificación de crédito para que se puidera dotar e facer ese convenio, pero xusto despois diso sucedeu algo que os conmocionou a todos, e o Goberno aos poucos días retirou das súas funcións ao Sr. Bao, polo que era imposible que el puidera levar a cabo o convenio, e o Sr. García Patiño fíxose cargo da concellería.

Obviamente ela entende perfectamente, e a ela sucederíalle tamén, esqueceron o tema do convenio e non o viron a tempo. Entenden que foron momentos moi difíciles para o Goberno, xa lle di que ela mesma quizais tamén se sentira incapaz ao mellor de levar todo o peso e toda a responsabilidade política que tiñan nese momento co que estaba pasando. E si é certo que tamén é mellor ter cicatrices por ser valente que ter a pel intacta por ser covarde. O Sr. García Patiño foi valente, iso hai que recoñecerllo, e ela díxollo dende o primeiro

día e díxollo publicamente, cre que fixeron o que tiñan que facer en consecuencia, pero obviamente este tema quedóuselles atrás.

O seu grupo nas comisións informativas votou en contra, agora vanse abster, e explica que se van abster porque cren que a Anpa non é culpable de toda esta situación.

En canto ao comentario que fixo a compañeira de ACdC-SON, efectivamente esa factura fíxose a medida. Facturouse o primeiro trimestre para que a Anpa poida pagar os seguintes, e é normal, porque senón a Anpa non podería asumir todo iso.

O Goberno pídelles agora que levanten o reparo, e xa lles di que Ciudadanos vaise abster, pero tamén lles pide que se dean conta de que eles non son responsables da mala xestión que houbo no seu momento, nin de que dúas persoas que nese momento estiveron no Goberno tiveran unha actitude, ben, vai dicir que inmoral.

Conclúe dicindo que van estar pendentes de que isto non se volva repetir, e pídelles ao señor alcalde, por favor, que el tamén sexa consciente de que a oposición non é responsable disto.

Concedida a palabra a don Jesús Bao Bouzas, concelleiro non adscrito, manifesta que o sentido do seu voto vai ser favorable, como non podería ser doutro modo, e aproveita tamén para recoñecer publicamente o labor que nesta materia ten feito, e segue facendo, a Anpa do David Buján.

Concedida a palabra a don Manuel Rivas Caridad manifesta que simplemente quere aclarar dous puntos.

Intervén o Sr. alcalde para dicirlle que non sabe que é o que quere aclarar, porque o Goberno aínda non dixo nada. Falou a oposición, o PP manifestou a súa postura, e por parte do Goberno, que el saiba, non houbo ningunha cousa, polo que sinceramente non sabe que é o que ten que aclarar. Pídelles que agarde un pouco.

O Sr. Alcalde explica que o acordo ao que se chegou coa Anpa de Sigrás era sobre unha factura de 18.000 euros, un terzo o achegaba o concello mediante un convenio, eses eran os principios dese acordo, outro terzo o pagaría a Anpa e outro os usuarios. Iso equivalía a 18.000 euros. El baixo ningún concepto pensa que a Anpa teña feito unha mala xestión en canto a contratar un servizo. Está segurísimo de que intentaron contratar o máis barato de todos. El non o pon en dúbida e, polo tanto, non se vai levantar esta factura, esta factura vaise votar hoxe aquí.

Tamén lle quere dicir ao Sr. Rivas que antes dixo que se trouxo a pleno un convenio, que é mentira, que aquí non se trouxo ningún convenio a pleno. Chamounos incompetentes, el pídelles que por favor se lea os plenos e o que vota en cada pleno. O que se trouxo a pleno foi unha modificación de crédito, unha modificación das bases de execución, para ser máis exactos.

Di que é certo que separaron as facturas. Cre que foi Asemblea Cidadá quen pediu na xunta de voceiros que separaran as facturas despois de telas retirado do pleno, e eles non tiveron ningún problema en facelo, nin o tiveron nestas, nin o van a ter no futuro, ningún, porque non teñen absolutamente nada que ocultar, e lémbrollle ao Sr. Rivas que el en catro anos non quitou ningunha. O que acaba de facer o equipo de goberno actual, o Sr. Rivas non o fixo nunca, iso como para que llelo reproche agora.

En canto a iso de que o Goberno enganou á Anpa, dille que ten aquí presente a parte da Anpa, e el nunca a enganou, nin ten pensado facelo, xamais, dille que non pense que todos son da mesma condición.

O de que a Anpa contrata un autobús e despois paga o concello, dille que home!, que non se puido facer a subvención, que todos saben por que non se puido facer a subvención, son conscientes, ténselles repetido ata a saciedade a razón de por que non se puido facer e, polo tanto, tanto el persoalmente como o seu Goberno, cren

que teñen que pagar eses 6.000 euros, porque se lle creou unha expectativa á Anpa por 6.000 euros. Teñen que ser conscientes de que o fixo un membro do Goberno, un membro da Corporación, a unha asociación, e teñen que asumir ese compromiso que se tivo nese momento, e niso están.

Que o van a pagar, reitera que por suposto que se vai pagar, coa abstención do resto dos grupos, pero que o Sr. Rivas lle diga e lle reproche a este Goberno, que lles diga que menten, que lles fale de convenios, iso cando o Sr. Rivas é o mestre das subvencións encubertas. Dille que foi el quen no 2014 tivo 35.684,58 euros de reparos, e agora díllelo a eles, non ten vergonza. No 2015 o Goberno do PP tivo 23.000 euros de reparos e agora din que se vai pagar un autobús, cando aquí se pagaron autobuses ao Brexo-Lema Club de Fútbol, ou ao Hockey. Sinceramente dille que non ten vergonza para dicir que o Goberno intentou enganar á Anpa. É ver para crer.

Conclúe dicindo respecto da intervención da voceira de ACdC-SON que el ten un fillo e unha filla e ningún deles é o Sr. Bao. El dende logo sería responsable dos seus fillos, aínda que un deles xa sexa maior de idade, reitera que el sería responsable dos seus fillos, pero que ten dous e ningún deles é o Sr. Bao.

Concedida a palabra a don Manuel Rivas Caridad manifesta que é consciente de que o que aprobaron aquí no mes de outubro, como dixo a súa compañeira de Corporación Olga Santos, foi unha transferencia de crédito, efectivamente, coa expectativa de asinar un convenio. E como dixo a concelleira de Ciudadanos, o Goberno esqueceuse totalmente do convenio. Pero dille ao Sr. alcalde que lle vai ler o que pon o Sr. interventor no seu informe. Nese informe dise que os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos xerais do Estado ou nas corporacións locais, sen prexuízo do que a este respecto estableza a súa normativa reguladora, e que foi o propio concelleiro da Área de Benestar Social e Educación o que verbalmente concedeu á Anpa IES David Buján de Sigrás a subvención, tal e como se expresa no escrito da presidenta da Anpa cando di que a Anpa tivo que pedir axuda ao Concello de Cambre, ao que este, por medio do seu concelleiro de Educación, contestou afirmativamente, concedéndolles verbalmente 6.000 euros por medio dun convenio de colaboración que despois dun tempo lle comunican que non se pode levar a cabo por diversos motivos.

No informe tamén se di que se trata da realización da actividade que se factura pola empresa Asicasa, meses completos de outubro de 2015 a xaneiro de 2016, producíndose un incumprimento total e absoluto do procedemento establecido na Lei 38/2003, xeral de subvencións e lexislación de desenvolvemento e omitindo o debido trámite de fiscalización obrigatoria, sendo por iso causa de nulidade de toda obriga contraída, é por iso se informa desfavorablemente.

Don Manuel Rivas Caridad expón que o que acaba de ler non é un informe desfavorable, é un informe suspensivo. Dille ao Sr. alcalde que naturalmente que durante o seu mandato el ten traído a este pleno facturas, e o Sr. García Patiño dende o seu escano o ten criticado, pero é que hoxe teñen no pleno o expediente número 9. Di que non ten habido un só pleno no que o actual alcalde non teña traído facturas, cando antes lle criticaba a el por iso.

En canto ás subvencións ao Brexo-Lema, á carpa de non sabe onde, etc., dille que levantaban o reparo porque eran informes desfavorables. A este pleno teñen vido moitas facturas con informe desfavorable e sempre as teñen votado a favor, porque cre que os que fan o traballo teñen que cobrar, pero é que aquí están ante un informe suspensivo. E se o Sr. García Patiño lle di que non tiña coñecemento disto e lle quere botar a culpa ao Sr. Bao, el dille que tiña coñecemento dende o primeiro día, porque o alcalde tamén prometeu á Anpa esa subvención. A el parécelle moi ben que o fixera, pero preguntalle entón por que non fixeron o convenio, que tería sido o máis fácil e non estarían agora falando doutras cousas.

A Anpa non ten absolutamente culpa ningunha, niso está de acordo, ten sido un problema de xestión. Mantense no dito, a súa ineptitude fíxolles tirar para adiante, esqueceronse do convenio como dixo a voceira de Ciudadanos, esqueceronse absolutamente de todo e tiraron para adiante. Tamén lle lembra ao Sr. alcalde que



nunha xunta de voceiros díxolles a todos os voceiros que o servizo xa tiña sido automaticamente suspendido, e iso non é certo, non o é.

Conclúe dicindo que se suma á petición que se fixo, aínda que sabe que o Sr. alcalde non o quere facer, porque o acaba de dicir, pero súmase á petición de deixar sobre a mesa este punto da orde do día, e se quere, o arranxan. Se non se fai así o voto do seu grupo seguirá sendo en contra.

Concedida a palabra a dona M<sup>a</sup> Olga Santos López manifesta que simplemente quere aclarar que eles pediron precisamente iso, que quedara fóra. Decía o Sr. alcalde ao principio da súa intervención que non poñía en dúbida a xestión da Anpa, e eles evidentemente tampouco o fan. A Anpa fixo o que tiña que facer, se é que se refería con iso ao feito de que ela mencionara antes que a Anpa pedira a factura a Asicasa. Non era iso, é dicir, a Anpa o que fixo foi chegar, ver que non se podía prestar o servizo, falar con Asicasa e pedirlle que lle liquidara o tempo que se prestou, que foron catro meses. Díxoo nese sentido, evidentemente, e se a entenderon mal quere aclaralo, porque dende o seu grupo nunca puxeron en dúbida a xestión da Anpa nese punto, máis ben ao contrario, o que poñen en dúbida neste caso, e por iso a súa petición, é a xestión do Goberno.

Tamén quere deixar claro que ACdC-SON non achaca de responsabilidade a ningún dos membros da Corporación que non sexa o Sr. Bao directamente, pero o Sr. García Patiño é pai dos seus fillos, pero tamén é alcalde deste concello, e non ten ningún fillo que se pareza a ningunha persoa, pero ten a responsabilidade de ser alcalde de Cambre e ten que responder polas actuacións dos concelleiros que forman parte do seu equipo de goberno.

Iso é o que lle están pedindo, porque insistindo no que dixo o voceiro do BNG, que foi moito máis explícito que ela co tema de Asicasa, eles non ven a intermediación do Goberno neste punto, por iso pedían a retirada do punto, non porque non vaian a permitilo, que van votar abstención para que isto saia adiante, senón porque cren que falta xestión por parte do Goberno. Que se presenta unha factura que todos saben que é unha factura, como xa se dixo, feita a medida, que se vai pagar, que son 6.000 euros, evidentemente si, para que a Anpa non sufra as consecuencias, pero cre que o Goberno podería esgotar todas as balas, porque ao mellor esta situación pode adquirir outro cariz, sempre deixando clarísimo que a Anpa non vai sufrir ningún tipo de agravio por esta situación. Ese era o sentido da súa petición.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez manifesta que se trata simplemente de matizar ou explicitar unha afirmación que fixo el, que é moi de ler entre liñas e cre que houbo por aí algunha alusión. Di que cando eles poñen en cuestión o importe da factura, non nin sequera o seu despezamento, senón o importe en si, é porque saben minimamente do que falan.

Saben que quen presta o servizo vai ser Asicasa, é dicir, quen elixe a empresa que presta un servizo a un instituto no tramo de educación obrigatoria, na ESO, é a Xunta, e neste caso é Asicasa para o instituto David Buján. E o que si saben, e por iso o din, é que están diante dun auténtico cártel, porque dende determinadas empresas privadas se vacila ás administracións públicas, ou á xente que conforma entidades como as Anpas. Saben que non hai unha liberdade de mercado real á hora de obter prezos que sexan máis vantaxosos á hora de prestar un servizo. Porque prestando Asicasa o servizo ao David Buján, se van a outra empresa a solicitar outro orzamento, xa non é que non lles vaian como norma a ofertar un substancialmente máis barato, é que en moitos casos non lles van ofrecer servizos, porque saben que en caso de meterse no terreo de Asicasa, Asicasa despois vaise meter no seu. Por iso el di moitas veces que igual dende o concello si teñen que poñer coto a ese tipo de prácticas, facendo forza alá onde poidan.

Conclúe dicindo que simplemente era ese matiz e reiterar o seu apoio, por suposto que si, á xestión da Anpa e á súa boa intención. Entenden que a xestión que se fixo por parte do concello é loxicamente mellorable, pero que debe preservarse neste caso o interese público e dar por boa esta factura.

Toma a palabra o Sr. alcalde para dicir que eles non esqueceron o convenio. El non di que este Goberno dende a saída do Sr. Bao actuara perfectamente, non o vai dicir porque non o pode dicir, e asume esa responsabilidade, e seguramente non foi a mellor das actuacións, pero non esqueceron o convenio. Aquí tróuxose unha modificación de crédito para establecer un convenio coa Anpa, explicouse o porqué se ía facer e como se ía facer, e saíu aprobada pola maioría dos grupos presentes, porque todos crían que o convenio se ía poder facer. Cando chegaron ao momento de formalizar o convenio foi cando se deron conta de que non se podía formalizar, porque os datos que ao principio se barallaban non eran os reais á hora de formalizar o dito convenio e, polo tanto, era imposible formalizalo. Cando faloron aquí desa modificación, faloron sempre ou case sempre da educación obrigatoria, e cando chegaron a formalizar o convenio, non era exactamente así, polo tanto non se podía formalizar. Reitera que eles non esqueceron o convenio, senón que non se puido facer, e así se lle dixo á Anpa dende o primeiro momento.

Tamén sabe que o Sr. Rivas sabe ler perfectamente, e así o está facendo ao longo dos plenos, os informes que fai o interventor, ou os informes que fan os técnicos, xa sabe que o sabe facer, pero iso que dixo de que se suma, dille que o único ao que se suma é a cando hai que retirar algo, no resto o que fai é restar constantemente. Agora quere penalizar a unha Anpa, está intentando convencer aos veciños de que o Goberno e el como alcalde principalmente, enganou á Anpa. A Anpa está aí e á saída deste pleno pódelle preguntar se se senten enganados por este alcalde, e nada máis. Di que van pasar á votación da proposta.

Intervén don Manuel Rivas Caridad para dicir que o acusou.

O Sr. alcalde responde que non o acusou absolutamente de nada, só dixo que o Sr. Rivas o acusara a el de enganar á Anpa, o que quere dicir que estaba en contra da Anpa. A continuación somete o asunto a votación.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os cinco concelleiros de UxC, os tres concelleiros presentes do PSdeG-PSOE e o concelleiro non adscrito. Votan en contra os cinco concelleiros presentes do PP. Abstéñense os dous concelleiros de ACdC-SON, os dous concelleiros do BNG e a concelleira do GM (C's).

O Pleno municipal, por nove votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

### **1.3. Recoñecemento de obrigas procedentes de exercicios anteriores con cargo ao Orzamento de 2016. Expediente número 6.3/2016**

Vista a proposta de Alcaldía do día 12 de maio de 2016 que consta do seguinte teor literal:

“Vista a relación de facturas que se achega, correspondentes a prestacións realizadas en exercicios anteriores por importe total de 605,00 euros, e o informe de reparos emitido con data 14 de abril de 2016 pola intervención municipal.

O principio de anualidade queda recoñecido no artigo 162 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de facendas locais (TRLFL), ao definir o orzamento das entidades locais como a “expresión cifrada, conxunta e sistemática das obrigas que, como máximo pode recoñecer a entidade e os seus organismos autónomos, e dos dereitos que prevea liquidar durante o correspondente exercicio”.

No relativo aos gastos o artigo 176.1 do TRLFL e 26.1 do RD 500/1990, establecen que con cargo aos créditos do estado de gastos do exercicio corrente só poderán contraerse obrigas derivadas de adquisicións, obras, servizos e despesas en xeral que se realicen no ano natural do propio exercicio orzamentario.

Visto que as facturas que se pretende aprobar non se aprobaron no seu debido momento por non terse presentado no Concello no mesmo exercicio no que se prestou o servizo ou se realizou a subministración.

Visto que o artigo 26 do Real decreto 500/1990, de 20 de abril, permite, non obstante, aplicar ós créditos do orzamento vixente no momento do seu recoñecemento, as obrigas procedentes de exercicios anteriores ás que se refire o artigo 60.2

do mesmo texto. (artigo 60.2 Real decreto 500/1990: "Corresponderá ao Pleno da entidade o recoñecemento extraxudicial de créditos,...").

Por tanto, atopámonos con gastos realizados que se teñen que pagar, e co recoñecemento extraxudicial de créditos, se posibilita o aprobar gastos dun exercicio noutro. Doutro modo prexudicariáanse os intereses dos acredores, aos que a xurisprudencia lles recoñece o dereito a percibir o importe dos seus servizos, con independencia da aplicación da normativa orzamentaria, por aplicación da teoría do enriquecemento inxusto.

Visto o establecido nos artigos 185.1 e 217.2 do Real decreto 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Por todo iso, **PROPONSE** ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro: Levantar os reparos formulados pola Intervención municipal.

Segundo: Aprobar o expediente número 6.3/2016 de recoñecemento de obrigas de exercicios anteriores con cargo ao orzamento de 2016 por importe de 605,00 euros, correspondente ás seguintes facturas:

Nº DE ENTRADA	DATA FACTURA	NIF/CIF	NOME /DENOMINACION SOCIAL	IMPORTE
F/2016/159	18/01/2016	B15999857	LUZ CORUÑA, S.L.	121,00
F/2016/363	03/02/2016	B15999857	LUZ CORUÑA, S.L.	484,00
			<b>TOTAL</b>	<b>605,00 EUROS</b>

Terceiro: Autorizar, dispoñer e recoñecer as obrigas correspondentes ao acreedor relacionado anteriormente."

Foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Economía, Facenda, Seguridade Cidadá e Participación de data 18 de maio de 2016, por catro votos a prol, correspondentes ás dúas concelleiras de UxC e ás dúas concelleiras do PSdeG-PSOE; co voto en contra da concelleira de C's, integrante do GM; e coa abstención dos dous concelleiros do PP, da concelleira de ACdC-SON, do concelleiro do BNG e do concelleiro non adscrito.

Concedida a palabra a don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, voceiro do PSdeG-PSOE, explica que estas facturas correspóndense ao traslado do asador de castañas da sala de obras á escola de música e viceversa (magosto Sementeira 2015) efectuado por Luz Coruña, cun importe de 121 euros, e á montaxe e desmonte de taboleiros e caballetes para o belén vivente de Bribes, tamén con Luz Coruña, cun montante de 484 euros. O montante global das dúas facturas é de 605 euros.

Concedida a palabra a don Manuel Rivas Caridad, voceiro do PP, manifesta que non sabe se estenderse na intervención ou non facelo, porque o Sr. alcalde como se estiveran nunha ditadura non os deixa intervir, nin sequera facer comentarios. Trátase de dúas facturas desagregadas do grupo de facturas dos dous puntos anteriores e o seu grupo vai manter o voto das comisións, abstención.

Concedida a palabra a dona M<sup>a</sup> Olga Santos López, voceira de ACdC-SON, manifesta que neste caso vanse abster, sempre co ánimo de que se empecen a corrixir este tipo de vicios que non fan máis que ensombrecer a xestión do goberno e facer que a sombra da dúbida ondee sobre as cabezas pensantes que cometen este tipo de irregularidades.

Di que ata onde eles saben, o alcalde, o goberno municipal, comprometeuse de xeito explícito en máis dunha ocasión a acabar con todos eses temas de subvencións encubertas ao que os tiñan acostumbrados gobernos anteriores, e nese sentido entenden que, correspondendo as facturas a decembro do 2015, vanlles dar ese voto de confianza e van permitir o pago.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, voceiro do BNG, manifesta que, demandando magnanimidade e igualdade de trato para o conxunto de asociacións do concello, e entendendo xa máis en serio que estas facturas deben ser aboadas, que é un servizo que se prestou e que beneficia ao conxunto de veciños de Cambre dunha maneira clara, é dicir, son dúas actividades vinculadas neste caso ao mundo da cultura, e toda vez incluso que corresponden a unha empresa radicada en Cambre, o seu voto vai ser favorable.

Concedida a palabra a dona M<sup>a</sup> José García Hidalgo, voceira do GM (C's), manifesta que o seu grupo vaise abster.

Toma a palabra o Sr. alcalde para manifestar que efectivamente a proposta do Goberno sempre foi, e é, acabar coas subvencións encubertas que se viñan dando historicamente neste concello. Que lles está dando un custo e lles vai dar un custo político o saben, e o asumen, porque cren que é o que teñen que facer como Goberno, e di que aí seguirán nese camiño.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os cinco concelleiros de UxC, os tres concelleiros presentes do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros do BNG e o concelleiro non adscrito. Abstéñense os cinco concelleiros presentes do PP, os dous concelleiros de ACdC-SON e a concelleira do GM (C's).

O Pleno municipal, por once votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

#### **1.4. Recoñecemento de obrigas procedentes de exercicios anteriores con cargo ao Orzamento de 2016. Expediente número 8/2016**

Vista a proposta de Alcaldía do día 13 de maio de 2016 que consta do seguinte teor literal:

“Vista a relación de facturas que se achega, correspondentes a prestacións realizadas en exercicios anteriores por importe total de 15.943,89 euros, e o informe de reparos emitido con data 11 de maio de 2016 pola intervención municipal.

O principio de anualidade queda recoñecido no artigo 162 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de facendas locais (TRLFL), ao definir o orzamento das entidades locais como a “expresión cifrada, conxunta e sistemática das obrigas que, como máximo pode recoñecer a entidade e os seus organismos autónomos, e dos dereitos que prevea liquidar durante o correspondente exercicio”.

No relativo aos gastos o artigo 176.1 do TRLFL e 26.1 do RD 500/1990, establecen que con cargo aos créditos do estado de gastos do exercicio corrente só poderán contraerse obrigas derivadas de adquisicións, obras, servizos e despesas en xeral que se realicen no ano natural do propio exercicio orzamentario.

Visto que as facturas que se pretende aprobar non se aprobaron no seu debido momento por non terse presentado no Concello no mesmo exercicio no que se prestou o servizo ou se realizou a subministración.

Visto que o artigo 26 do Real decreto 500/1990, de 20 de abril, permite, non obstante, aplicar ós créditos do orzamento vixente no momento do seu recoñecemento, as obrigas procedentes de exercicios anteriores ás que se refire o artigo 60.2 do mesmo texto. (artigo 60.2 Real decreto 500/1990: “Corresponderá ao Pleno da entidade o recoñecemento extraxudicial de créditos,...”).

Por tanto, atopámonos con gastos realizados que se teñen que pagar, e co recoñecemento extraxudicial de créditos, se posibilita o aprobar gastos dun exercicio noutro. Doutro modo prexudicariáanse os intereses dos acredores, aos que a xurisprudencia lles recoñece o dereito a percibir o importe dos seus servizos, con independencia da aplicación da normativa orzamentaria, por aplicación da teoría do enriquecemento inxusto.

Visto o establecido nos artigos 185.1 e 217.2 do Real decreto 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Por todo iso, PROPONSE ao Pleno a adopción do seguinte acordo:





CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

Primeiro: Levantar os reparos formulados pola Intervención municipal.

Segundo: Aprobar o expediente número 8/2016 de recoñecemento de obrigas de exercicios anteriores con cargo ao orzamento de 2016 por importe de 15.943,89 euros, correspondente ás seguintes facturas:

Nº DE ENTRADA	DATA FACTURA	NIF/CIF	NOME /DENOMINACION SOCIAL	IMPORTE
F/2016/448	05/02/2016	B15639149	AUTOCARES LUIS RAPOSO, S.L.	132,00
F/2016/893	02/03/2016	J15702640	EXTINTORES SEGMA, S.C.	5.031,18
F/2016/993	23/03/2016	B15170095	L. BUGALLO, S.L.	3.806,51
F/2016/994	23/03/2016	B15170095	L. BUGALLO, S.L.	1.896,30
F/2016/995	23/03/2016	B15170095	L. BUGALLO, S.L.	2.234,40
F/2016/1019	30/03/2016	B15538317	JOSE BOUZA E HIJOS, S.L	1.210,00
F/2016/1020	30/03/2016	B15538317	JOSE BOUZA E HIJOS, S.L	1.633,50
			<b>TOTAL</b>	<b>15.943,89 euros</b>

Terceiro: Autorizar, dispoñer e recoñecer as obrigas correspondentes a cada un dos acredores relacionados anteriormente.”

Foi ditaminada desfavorablemente pola Comisión Informativa de Economía, Facenda, Seguridade Cidadá e Participación de data 18 de maio de 2016, por cinco votos en contra, correspondentes as dous concelleiros do PP, ao concelleiro de ACdC-SON, ao concelleiro do BNG e á concelleira de C's, integrante do GM; co voto a prol das dúas concelleiras de UxC e das dúas concelleiras do PSdeG-PSOE; e coa abstención do concelleiro non adscrito. *(Faise constar que cando a señora secretaria dá lectura ao ditame emitido nas comisións informativas, por un erro material fai constar que o voto emitido polo concelleiro non adscrito foi un voto en contra. O dito erro foi corrixido polo propio concelleiro durante a súa quenda de palabra no debate que se abre a continuación.)*

Concedida a palabra a don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, voceiro do PSdeG-PSOE, explica que a relación de facturas que se achega corresponde a prestacións realizadas en exercicios anteriores, por un importe total de 15.943,89 euros, cos informes de reparos emitidos con data do 11 de maio de 2016 pola Intervención municipal. Atópanse, polo tanto, cuns gastos realizados que teñen que ser pagados mediante un recoñecemento extraxudicial de créditos, iso co fin de aprobar os gastos dun exercicio noutro. Por todo isto o que se propón é levantar os reparos formulados pola Intervención municipal.

Expón que as facturas en cuestión son unha factura por importe de 132 euros, de Autocares Luis Raposo S.L., polo servizo de transporte do grupo Os Kilomberos da Coruña. Neste caso acordouse con eles que a factura en lugar de vir a nome dos Kilomberos, que viñeron a Cambre desinteresadamente, se fixera a nome da compañía que fixo o transporte. Logo hai unha factura de “Extintores Segma S.C.” e tres de “L. Bugallo S.L.”, esas son por carecer de contrato en vigor. E logo hai dúas facturas de “José Bouza e Hijos S.L.” que é por aluguer de carpas, que foron compromisos do Goberno anterior coas comisións de festas.

Concedida a palabra a don Manuel Rivas Caridad, voceiro do PP, manifesta que en principio el pediríalles que retiraran este punto da orde do día e que separaran as facturas para poder aprobalas. Di que non é polo importe, que son 132 euros, pero é que seguen no mesmo, trátase dun informe totalmente suspensivo, é dicir, o contrato fáiselle a unha empresa e o servizo realízao outra. O informe do Sr. interventor está perfectamente claro, por iso el lles pide que desagreguen as facturas e que as volvan traer a pleno, porque poden aprobar o resto das facturas, pero hai unha, concretamente esa de 132 euros, que eles non poden votar a prol.

Concedida a palabra a dona M<sup>a</sup> Olga Santos López, voceira de ACdC-SON, manifesta que novamente están ante unha serie de facturas reparadas por Intervención que albergan casuísticas diferentes e que todas elas teñen

unha problemática distinta. Adiantóuselle a dicilo o Sr. Rivas, que ultimamente está moi de acordo con Asemblea Cidadá de Cambre, agárdano nas súas filas se quere.

O Sr. alcalde dixo hai un momento que el non se opoñía á separación das facturas, e eles entenden que estas facturas, e non só estas, senón xa de cara a vindeiros plenos, necesitan dun tratamento separado, e xa lle di ao Sr. alcalde que ao Sr. Leirós a idea non lle parece ben, iso polos xestos que está a facer. Reitera que requiren non xa só dunha votación individualizada, senón dun tratamento individualizado por honestidade cos veciños de Cambre.

Continúa dicindo que traer unha proposta conxunta, e agora fala en termos xenéricos de diversas facturas reparadas por cuestións diferentes nun mesmo punto, o que fai é diluír innecesariamente o debate, e non falar de cada unha delas e de cada unha das situacións concretas que leva a que o interventor manifeste reparos para non pagalas.

Se ten que ser responsabilidade dos concelleiros presentes o pagamento de facturas por asuntos que non teñen que ver con eles directamente, é dicir, se recae en cada un deles esa responsabilidade, se ten que recaer, deberían ter dereito, polo menos, a falalas, debatelas e votalas individualizadamente, porque se as presentan todas xuntas e algunha delas, como no caso da Anpa, lles toca a sensibilidade, dalgún xeito estase manipulando, non di deliberadamente, pero si se está manipulando o seu voto para non prexudicar a uns, e dese xeito o que se fai é beneficiar a outros. Iso non é xusto, nin para un nin para outros.

Outra posibilidade sería, e xa o ten dito noutras ocasións, que fora o alcalde o que asumira esa responsabilidade, pero é que resulta que é competencia do Pleno, e como tal, e sen ser eles directamente responsables de ningunha desas xestións, cre que os asila ese dereito.

Son actuacións a maioría delas mal feitas, ou irregulares, e a procura da súa complicidade require de que polo menos pensen niso que lles están solicitando. Evidentemente eles non queren penalizar a ningún veciño por unha actuación irregular do Goberno, pero tampouco poden permitir que non se corrixa os erros que están sinalados no informe de Intervención, erros que levan a situacións de absoluto descontrol e coas que levan unha hora de pleno, e iso pleno tras pleno. Solicita que, como dicía o Sr. Rivas, retiren da orde do día este punto, que traian as facturas por separado, e no vindeiro pleno debaten cada un dos casos. Así ademais da votación, o que se fai é intentar buscar o compromiso do Goberno para solucionar cada unha das situacións concretas que están detrás de cada unha desas facturas.

Non poden meter no mesmo saco, o di para que quede claro cal é a súa argumentación, o pagamento de facturas como a subministración de combustible e facturas polo mantemento dos extintores. Aínda que ambos casos están sen contrato, algo que xa dá para moito debate, a casuística é absolutamente diferente. Entenden que teñen o dereito a debater por que motivo sempre se encarga o combustible á mesma estación de servizo. Pregunta se non deben debater tamén nun punto á parte sobre a ausencia do contrato coa empresa de extintores e as causas da ausencia dese contrato. Tamén falaron hai un momento das subvencións encubertas, e aquí hai facturas por carpas para as comisións de festas, anteriores ás do outro punto, pero tamén están aquí subvencións encubertas.

Pregunta se non merece mención separada que o Sr. Bao volva aparecer nunha desas facturas, nunha contratación a dedo sen consultar cos técnicos. Merece mención á parte e merece voto á parte, porque para cada unha desas facturas dende Asemblea Cidadá de Cambre teñen un voto diferente.

Conclúe pedindo novamente que separen as facturas, que por favor as debatan, ou en caso contrario eles o que dende logo non van asumir é a responsabilidade de levantar todos eses reparos de Intervención en conxunto, e tampouco van asumir as consecuencias dunha mala xestión.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, voceiro do BNG, manifesta que dende o seu grupo están un pouco perplexos diante destas facturas, ou por así dicilo diante da repercusión ou do posicionamento que suscitan algunha destas facturas. Loxicamente parece bastante claro que o tema da factura dos Kilombros e o autobús de Luis Raposo, pois en fin, non se fixo debidamente, o que pasa é que era para un magosto solidario. Pregúntase se pode ou non iso fundamentar un voto favorable a levantar a apreciación suspensiva que vén por parte de Intervención, pois si, pois claramente si, e o din aquí de maneira total e absolutamente pública e transparente, diante deste pleno e dos veciños de Cambre, porque entenden que eles non teñen culpa.

Por suposto que teñen que preguntarse por que determinadas cuestións, por que determinadas subministracións dos concellos que son estables no tempo, que son total e absolutamente cotiáns, se perpetúan durante anos e case décadas, por exemplo cuestións de seguridade como os extintores, ou a subministración de combustible para varias instalacións públicas, por que non están debidamente regulados, con contratos ao día e cos concursos que sexan preceptivos.

Con todo di que volven ao de sempre, ese servizo prestouse e entenden que debe ser pagado, pero isto debe motivar unha reflexión política, non quizais hoxe, pero si nunha xunta de voceiros, si nunha comisión informativa, si nun pleno, saber por que nunha administración como esta pasan esta serie de cuestións.

E capítulo á parte, total e absolutamente, e di que el pasará á historia con minúsculas como o concelleiro das carpas, pero a moita honra, porque é unha teima que ten dende que hai catro anos entrou nesta casa, segue sen explicarse por que un concello de 24.000 habitantes, co orzamento que ten Cambre, non pode ter unha carpa municipal para poñer a disposición das asociacións, senón que teñen que andar as asociacións, que fan todo o que boamente poden, por suposto que si, e queren ter as súas festas, e queren ter as súas actividades culturais, e queren ter as súas actividades deportivas, pendentes moitísimas veces do favor político correspondente, da cacicada, da componenda, do compango, do amiguismo, para poder ter unha carpa o día da súa festa, romaría, concerto ou o que sexa.

Non ten ningún tipo de sentido, e el está seguro de que o Sr. Leirós, que antes estaba un pouco removendo a cabeza, estaba pensando como é posible que se gasten 2.800 euros dos cartos de todos para alugar carpas, cando por eses cartos poden empezar a pagar o leasing dunha, e incluso dálles para un operario ou cousa polo estilo. Realmente é un dispendio total e absoluto. Eles convidan a que isto se mire, se estude, se avalíe entre todos de cara ao futuro, para poder incrementar o patrimonio do concello, patrimonio que se porá ao servizo, uso e goce de todo tipo de asociacións, sexa para actividades puramente culturais, sexa tamén para eventos festivos.

Continúa dicindo que por suposto eles, concelleiros do BNG, teñen un problema, non deberían estar en política, porque non calan unha, e ás veces é mellor calar que falar, pero dixérono así de maneira moi clara, saben que é unha factura do Goberno anterior, insiste e remarca, o saben, pero dilles que non hai cambreses que dependendo da parroquia sexan hidrófugos ou non, é dicir, pregunta por que hai para uns sitios si e para outros non. Casualmente el foi a esas dúas festas, e insiste e recalca, todo o seu recoñecemento ao labor das comisións das festas e da xente das parroquias, que loxicamente traballan, como traballan todos, para o mellor dende as súas asociacións, pero é que por riba de xestionar mal os cartos, porque é clamoroso que un concello como Cambre teña que andar alugando carpas, por riba de facer unha mala xestión dos cartos públicos, son dende a administración pública municipal moitas veces inxustos. El cre que esa é unha das cousas que entre todos teñen que cambiar en Cambre a partir de agora, e desexar que este tipo de facturas non teñan que volver ao pleno e non teñan nin que existir.

Conclúe dicindo que o seu voto vai ser favorable para facilitar a súa aprobación.

Concedida a palabra a dona M<sup>a</sup> José García Hidalgo, voceira do GM (C's), manifesta que dende o seu grupo solicitan tamén que esas facturas se traten por separado, porque cada unha delas é diferente. Para unha maior claridade tamén queren que se retiren e que se traian por separado, igual que se trouxeron as outras. Cada unha

delas é diferente, por exemplo, no informe técnico de Extintores Segma solicítase que se continúe co servizo cando xa tiña finalizado o contrato e a súa prórroga. Son cousas polas que cada unha é diferente, polo tanto se suman á petición de que se retiren e se traian por separado.

Concedida a palabra a don Jesús Bao Bouzas, concelleiro non adscrito, manifesta que en primeiro lugar quere solicitar a modificación do ditame da comisión informativa, que recolle un voto que non reproduce fielmente o emitido por el nas pasadas comisións, abstención. Entende que non afecta ao resultado final da votación, pero si lle gustaría que se recollera. Nesta sesión o sentido do seu voto será favorable.

Concedida a palabra a don Juan González Leirós, voceiro de UxC, manifesta que el cre ter sentido da proporción, ás veces se equivoca, pero ten sentido da proporción, e sabe perfectamente o que unha mala praxe, o que é unha praxe deficiente, que se pode reestruturar, e o que é unha praxes continua, deficiente e intencionada. Sábeo perfectamente. Polo tanto, sabe o que son 132 euros de mala praxe, e o que son 200.000 euros de mala praxe, sabe o que é. Por iso fixo mención antes a que sabe o que é unha deficiencia administrativa, con todo o que leva consigo e sen xustificar absolutamente nada, por suposto, pero tamén sabe o que é un contrato menor, perfectamente, e sabe o que é un contrato maior, e sabe cales son as diferenzas. E sabe a diferenza diso, e sabe a diferenza do que é a formalización dun convenio de forma substancialmente irregular que provoca outras cousas. E como sabe o que é esa diferenza, por iso non lle daba a cabeza nese sentido, dábaa por outro.

Conclúe dicindo que aquí do que están falando cre que é de cousas que se están desproporcionando.

Toma a palabra o Sr. alcalde para dicir que el sempre está disposto a retirar as facturas e traelas por separado, é máis, o seu compromiso a partir de hoxe é traer todas as facturas por separado. O que pasa é que tiveron tempo, dende que se lles entregou a documentación, que foi hai dúas semanas, e tiveron as comisións a semana pasada, e agardaron ao pleno a pedir que se retiren.

Interveñen algúns concelleiros para dicir que en comisións xa se falara disto.

O Sr. alcalde pide perdón e di que non o tiña visto. En todo caso di que van levar a cabo esta votación. Hai unha parte das facturas, como é a subministración e o tema dos extintores, que é claramente unha falta de contrato. Están sen contrato como moitísimas cousas que están sen contrato, e lamentablemente ten que dicir que van estar unha boa tempada sen moitos contratos, precisamente porque teñen só unha técnica e unha auxiliar en contratación, e teñen moitísima carga de traballo que lles están dando para contratar onde non había nin pregos de condicións para iniciar os expedientes de contratación. Niso está traballando tanto a parte de Servizos como a parte de Contratación, en facer todos os pregos de condicións para ir sacando todos os contratos que poidan. Ademais se lles entregará a todos a información de cando empezan e cando finalizan os contratos, para que teñan coñecemento do que se está facendo na Área de Contratación, que non é pouco. Pero di que non sendo pouco, senón moito o traballo que están tendo, non van ser capaces este ano de sacar todos os contratos que lles gustaría. Iso teñen que asumilo dende o primeiro momento, e dicilo abertamente.

En canto á carpa, dilles que non hai amiguismo político, nin cor política, dende que eles están aquí. Nos orzamentos que aprobaron este ano se duplicaban as asignacións ás comisións de festas para que todos tiveran as mesmas regras de xogo. Non hai ningunha, nin vai haber ningunha carpa encuberta para ningunha comisión de festas. Ese é outro custo político que van ter, e eles sábeno, pero todos van xogar coas mesmas regras de xogo, iso é o que pasa no ano 2016.

No ano 2015 este Goberno, así como dixeron antes que asumían a palabra que dou un concelleiro que estaba no Goberno naquel momento, don Jesús Bao, co tema da Anpa, tamén asumiron algunhas palabras que dera o anterior Goberno ás comisións de festas respecto das carpas. As asumiron porque recoñeceron que estaban prometidas e por eles non ía haber problema ese ano, porque senón deixaban ás comisións de festas



literalmente en pelotas. Polo tanto, non ía quedar por eles que non se fixera unha festa por falta de cartos ou tempo para facer a xestión co tema das carpas. Dí que por iso veñen estas carpas, e cre lembrar que algunha máis pode vir, e se explicará por que vén, que vén do ano 2015 precisamente por iso. No ano 2016 non vai haber ningunha carpa das comisións de festas que veña con reparos, porque non vai existir ningunha.

Concedida a palabra a dona M<sup>a</sup> Olga Santos López manifesta que diga o Sr. alcalde que agardaron ao pleno para pedir que se separen as facturas, cando hai unha semana que o pediron nas comisións informativas, é bastante grave, aínda que agora pida desculpas. Sabe perfectamente que pediu desculpas, pero tamén sabe perfectamente que ese ton que utilizou non é o máis apropiado. Reitera que o pediron nas comisións informativas, argumentando exactamente o mesmo que hoxe.

Por outra parte, que diga que hai un par de puntos, recriminando ao Sr. Rivas, co cal ela pode estar ou non de acordo, e non se vai meter nesa discusión, pero dicir que el a diferenza do Sr. Rivas está disposto a separar e retirar as facturas, e que agora non o faga, a ela persoalmente déixalle claro que a súa palabra, neste momento, está sendo bastante dubidosa.

Terceiro. Que non lles permita que falen destas facturas por separado, cando recae sobre eles a responsabilidade de levantar un reparo de Intervención do cal non son responsables, o que fai é deixar claro, antes eles e cre que tamén ante algúns dos presentes, que a responsabilidade quen non está cumprindo con ela é o propio alcalde de Cambre.

Conclúe dicindo que se quere votalo, que adiante, que el saberá por que o fai.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez manifesta que en certa maneira quere explicitar a súa intervención inicial, por se non se transmitiu de maneira clara o posicionamento do seu grupo. Intentou dicilo dúas veces e, en fin, a eles quédalles total e absolutamente claro que o tema desas carpas non é do Goberno actual, cre que o dixo na súa intervención inicial. Non di isto en descargo do actual alcalde, o di por explicitar a súa postura, porque senón parecerían irresponsables, parecería que non saben do que están falando diante do conxunto da Corporación e dos veciños, unicamente e exclusivamente por iso.

Eles recriminaranlle ao alcalde todo o que lle teñan que recriminar, e en certa maneira recrimínanlle algo, e gústalles dicilo, porque a postura do Bloque sería que estando ben e dando por bo, por suposto que si, porque é un paso adiante e é o camiño no que se deben facer as cousas, o modelo de subvención, de apoio municipal que se está dando ás comisións de festas e diversas asociacións que organizan actividades lúdicas en Cambre, eles entenden que o modelo debe ser outro, que o concello debería ter unha carpa en propiedade, que se poida ceder gratuitamente ao conxunto de asociacións de Cambre, con base nun regulamento e nunhas normas claras e transparentes. E aí pois posiblemente non estean de acordo, no outro por suposto que si, e insiste, son perfectamente conscientes de que isto é algo que vén do Goberno anterior, e por suposto que o que ten que facer o actual Goberno é cumprir co prometido e traer isto aquí para que co praxe da Corporación, e aí terá o seu voto favorable, se poidan solucionar esas facturas sen maior problema.

Concedida a palabra a don Manuel Rivas Caridad manifesta que eles queren deixar claro que efectivamente o actual alcalde está asumindo promesas ou subvencións encubertas que fixo o anterior Goberno, están todos de acordo, e que teñen un reparo, como tiveron moitas facturas, pero aquí están falando, e xa o dixeron nas comisións, onde pediron a retirada deste punto, de que hai unha factura que segue tendo un reparo suspensivo, unha factura de 132 euros. Pedírono nas comisións, e a el non lle vale que o Sr. alcalde lles diga agora a todos que iso non o sabía.

Non lles vale, porque este punto votaríano a prol simplemente con separar esa factura, de xeito que siga un tratamento distinto. Como dicía a súa compañeira de Corporación, dona Olga Santos, porque merecen un trato completamente distinto. Eles por coherencia, simplemente por coherencia, aquelas facturas que teñan un reparo

suspensivo non o van levantar, polo menos o grupo do PP. Se ten un informe desfavorable, sumaranse, pero se teñen un reparo suspensivo, votarán en contra, e aquí hai unha factura que ten un reparo suspensivo.

Conclúe dicindo que por iso pediron xa nas comisións que se retirara este punto da orde do día, para discutilo, aclaralo, e que non haxa ningún problema, pero se o Sr. alcalde o quere votar, pois adiante, vótano.

Toma a palabra o Sr. alcalde para manifestar que el non presidiu esas comisións, e se quen presidiu esas comisións decidiu non retiralo, el non o vai retirar, dende logo, vai apoiar a decisión que se tivo nese momento. Por outra parte o Sr. Rivas di que é o problema dunha factura, dona Olga Santos di que é o problema das facturas en xeral, que hai que tratalas de forma independente. El enténdeo, non todas son iguais, e igual que hai unha que o PP non votaría a prol, igual hai outras que non votaría outro grupo. El neste momento, e reiterando que a partir de agora si que se van traer todas por separado, sen ningunha dúbida, non vai desdicir o que dixo quen presidiu as comisións e, polo tanto, van votar a proposta.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os cinco concelleiros de UxC, os tres concelleiros presentes do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros do BNG e o concelleiro non adscrito. Votan en contra os cinco concelleiros presentes do PP e os dous concelleiros de ACdC-SON. Abstense a concelleira do GM (C's).

O Pleno municipal, por once votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

### **1.5. Recoñecemento de obrigas procedentes de exercicios anteriores con cargo ao Orzamento de 2016. Expediente número 9/2016**

Vista a proposta de Alcaldía do día 13 de maio de 2016 que consta do seguinte teor literal:

“Vista a relación de facturas que se achega, correspondentes a prestacións realizadas en exercicios anteriores e de importe total de 2.034,65 euros.

Visto que as facturas que se pretende aprobar non se aprobaron no seu debido momento, por non terse presentado no Concello no mesmo exercicio no que se prestou o servizo ou se realizou a subministración ou obra.

Tendo en conta o principio de anualidade recoñecido no artigo 162 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de facendas locais (TRLFL), ao definir o orzamento das entidades locais como a “expresión cifrada, conxunta e sistemática das obrigas que, como máximo pode recoñecer a entidade e os seus organismos autónomos, e dos dereitos que prevea liquidar durante o correspondente exercicio”.

Tendo en conta que o artigo 176.1 do TRLFL e 26.1 do RD 500/1990, no relativo aos gastos, establecen que con cargo aos créditos do estado de gastos do exercicio corrente só se poderán contraer obrigas derivadas de adquisicións, obras, servizos e despesas en xeral que se realicen no ano natural do propio exercicio orzamentario.

Considerando que o artigo 26 do Real decreto 500/1990, de 20 de abril, permite, non obstante, aplicar aos créditos do orzamento vixente no momento do seu recoñecemento, as obrigas procedentes de exercicios anteriores ás que se refire o artigo 60.2 do mesmo texto. (“Corresponderá ao Pleno da entidade o recoñecemento extraxudicial de créditos, ...).

E por tanto, atopándonos ante gastos realizados que se teñen que aboar por terse prestado o servizo ou realizado a subministración ou obra, o recoñecemento extraxudicial de créditos posibilita a aprobación de gastos dun exercicio noutro. Doutro modo prexudicariáanse os intereses dos acredores, aos que a xurisprudencia lles recoñece o dereito a percibir o importe dos seus servizos, con independencia da aplicación da normativa orzamentaria, en aplicación da teoría do enriquecemento inxusto.

Por todo iso, PROPONSE ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

**Primeiro:** Aprobar o expediente número 9/2016 de recoñecemento de obrigas de exercicios anteriores con cargo ao orzamento de 2016 por importe de 2.034,65 euros, correspondente ás seguintes facturas:

NÚM ENTRADA	DATA ENTRADA	NIF/CIF	NOME/DENOMINACIÓN SOCIAL	IMPORTE
F/2016/976	21/03/2016	B70084272	DINAMO XESTION DE ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIS,S.L.	1.045,00
F/2016/1310	19/04/2016	B15696149	ESTACION DE SERVICIO BUGALLO, S.L.	119,16
F/2016/1148	31/03/2016	J15702640	EXTINTORES SEGMA, S.C.	51,05
F/2016/1335	20/04/2016	B70477260	METAL CLAVE, S.L.U.	319,44
F/2016/1349	19/04/2016	G70433297	ASOCIACIÓN CULTURAL HERMANAS TEATRO	500,00
<b>TOTAL</b>				<b>2.034,65 euros</b>

Segundo: Autorizar, dispoñer e recoñecer as obrigas correspondentes a cada un dos acredores relacionados anteriormente.”

Foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Economía, Facenda, Seguridade Cidadá e Participación de data 18 de maio de 2016, por catro votos a prol, correspondentes ás dúas concelleiras de UxC e ás dúas concelleiras do PSdeG-PSOE; e coa abstención dos dous concelleiros do PP, do concelleiro de ACdC-SON, do concelleiro do BNG, da concelleira de C's, integrante do GM, e do concelleiro non adscrito.

Concedida a palabra a don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, voceiro do PSdeG-PSOE, explica que a relación de facturas que se achega corresponde a prestacións realizadas en exercicios anteriores, por un importe total de 2.034,65 euros. Tendo en conta que as facturas que se pretenden aprobar non se aprobaron no seu debido momento, por non terse presentado no concello no mesmo exercicio no que se prestou o servizo ou se realizou a subministración ou obra, o que se propón é aprobar un expediente de recoñecemento de obrigas de exercicios anteriores con cargo ao orzamento de 2016 por importe de 2.034,65 euros.

Concedida a palabra a don Manuel Rivas Caridad, voceiro do PP, manifesta que, como xa dixeron nas comisións, vanse abster.

Concedida a palabra dona M<sup>a</sup> Olga Santos López, voceira de ACdC-SON, manifesta que o seu grupo nas facturas presentadas fóra de prazo e sen reparos de Intervención, non poden menos que permitir que se paguen. O seu voto vai ser abstención, para non paralizar os ditos pagos, e non votan directamente a prol neste punto porque aparecen novamente empresas das que queren que haxa un debate neste concello, e non se lles está permitindo coa actuación do alcalde no punto anterior, de xeito que se van abster.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, voceiro do BNG, manifesta que non sendo estritamente necesario o seu voto favorable para que estas facturas saian adiante, vanse abster.

Concedida a palabra a dona M<sup>a</sup> José García Hidalgo, voceira do GM (C's), manifesta que en Ciudadanos tamén se van abster.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os cinco concelleiros de UxC, os tres concelleiros presentes do PSdeG-PSOE e o concelleiro non adscrito. Abstéñense os cinco concelleiros presentes do PP, os dous concelleiros de ACdC-SON, os dous concelleiros do BNG e a concelleira do GM (C's).

O Pleno municipal, por nove votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

#### **1.6. Ratificación do texto definitivo do convenio urbanístico suscrito entre o Concello de Cambre e distintos propietarios de parcelas sitas no Seixal, O Temple**

Vista a proposta de Alcaldía do día 12 de maio de 2016 que consta do seguinte teor literal:

“Visto o informe do xefe da Área de Urbanismo e Réxime Interior de data 7 de marzo de 2016 sobre borrador do convenio urbanístico a subscribir entre este Concello e distintos propietarios de parcelas situadas no ámbito físico do lugar do Seixal

lindante coa estrada nacional AC-12, antes N-VI, para modificación puntual das Normas Subsidiarias do Planeamento de Cambre co fin de clasificar o dito ámbito como solo urbanizable.

Visto o texto inicial do convenio urbanístico referido suscrito o 9 de marzo de 2016 entre esta Alcaldía e don Manuel Gómez Portela, dona Pastora Rivadulla Souto, dona M<sup>a</sup> Berta Blanco Rivadulla, don César Eloy Blanco Rivadulla, don Miguel Ángel Blanco Rivadulla, don José Ramón Fernández-Villarrenaga Reija e dona Marta Ramal Estrada, propietarios ou os seus representados de distintas parcelas sitas no ámbito indicado.

Vistos os anuncios de información pública do texto inicial do dito convenio urbanístico publicados no *Diario Oficial de Galicia* nº 56 de data 22 de marzo de 2016 e no periódico 'La Voz de Galicia' do día 23 do mesmo mes.

Vistas as alegacións presentadas no trámite de información pública por dona Virtudes Mejuto Sánchez e o Grupo Municipal Popular, así como o escrito de adhesión ao mesmo presentado no mesmo trámite pola mercantil "Inmobiliaria Valdetorres, S.L."

Visto o informe-proposta de resolución emitido tras a fase de información pública polo xefe da Área de Urbanismo e Réxime Interior de data 9 de maio de 2016 polo que se propón a desestimación das alegacións presentadas, a admisión da adhesión ao convenio urbanístico solicitada e o texto definitivo do convenio urbanístico referido.

Visto que a proposta do texto definitivo deste convenio urbanístico remitida por esta Alcaldía a cada un dos asinantes do mesmo foi aceptada por todos e cada un deles sen manifestar reparo ningún segundo os escritos presentados no día de hoxe.

Considerando que de conformidade co artigo 168-4 da Lei 2/2016, do solo de Galicia, o texto refundido do convenio urbanístico debe ser ratificado polo órgano competente e que de conformidade co artigo 22-2,c) da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local na redacción dada polo Texto refundido da Lei do solo aprobado por Real decreto legislativo 2/2008, é o Pleno da Corporación o órgano competente para a aprobación dos convenios que teñan por obxecto a alteración de calquera dos instrumentos de ordenación previstos na lexislación urbanística, como é o que nos ocupa.

Formulo ao Pleno da Corporación de Cambre a seguinte

### PROPOSTA DE ACORDOS

**Primeiro:** Non estimar as alegacións presentadas por dona Virtudes Mejuto Sánchez ao texto inicial do convenio urbanístico suscrito o 9 de marzo de 2016 para a Modificación Puntual das Normas Subsidiarias do Planeamento de Cambre no ámbito físico sito no lugar do Seixal-O Temple por canto que en primeiro lugar, tanto o artigo 27 da actual Lei 2/2016, do solo de Galicia, como o artigo 14 da anterior Lei 9/2002, establecen que solo urbanizable será aquel constituído polos terreos que o planeamento considere adecuados para permitir o crecemento da poboación e da actividade económica ou para completar a estrutura urbanística existente, en definitiva terreos susceptibles de transformación urbanística, que é precisamente o que se pretende coa Modificación Puntual das Normas Subsidiarias do Planeamento de Cambre obxecto do convenio referido, e, en segundo lugar, que o solo rústico é "regrado" en determinados supostos e non sempre, como di a alegante. Así ten este carácter de "regrado" os terreos sometidos a algún réxime de especial protección, de conformidade coa lexislación sectorial de protección do dominio público marítimo-terrestre, hidráulico ou de infraestruturas ou coa lexislación sectorial de protección de valores agrícolas, gandeiros, forestais, paisaxísticos ou culturais entre outros, ou que estean ameazados por riscos naturais ou tecnolóxicos incompatibles coa súa urbanización, de conformidade co artigo 31.1 da Lei 2/2016 citada, non encontrándose en ningún destes supostos os terreos que constitúen o ámbito de actuación do convenio urbanístico en cuestión.

**Segundo:** Non estimar as alegacións presentadas polo Grupo Municipal Popular ao texto inicial do convenio urbanístico suscrito o 9 de marzo de 2016 para a Modificación Puntual das Normas Subsidiarias do Planeamento de Cambre no ámbito físico sito no lugar do Seixal-O Temple por canto que, se ben o publicado na páxina web municipal non é exactamente o redactado no convenio, o que se expón a información pública a través de anuncios no *Diario Oficial de Galicia* e na prensa é o texto íntegro do convenio urbanístico así como o seu expediente, non a breve recensión que del se colga na dita páxina, e o que se analiza e se aproba, se se estima pertinente, e o que por iso é verdadeiramente válido e substancial, como así o propio alegante recoñece, é o texto do dito convenio e non a referencia que ao mesmo se fai na dita páxina web.



Neste apartado o alegante cre necesario que se incorpore ao convenio o "establecemento duns mínimos o uns máximos que aseguren a porcentaxe de solo residencial descrito na Estipulación Terceira" dado que nesta estipulación só se establece un mínimo de edificabilidade para o uso comercial/terciario que será do 70% da edificabilidade total que teña o ámbito. Pois ben, á marxe de que xa se establece implicitamente o máximo de uso residencial que reclama o alegante xa que está claro que este non pode superar o 30% da edificabilidade total, temos que dicir que se isto é así é porque o uso terciario considérase prioritario para esta actuación, como así se indica na propia Estipulación Terceira, pero iso non implica que non vaia existir uso residencial. Será o planeador quen a través do proxecto de Modificación Puntual das Normas Subsidiarias propoña de maneira xustificada e razoada a edificabilidade que pode ser destinada a uso residencial, respectando, iso si, esta edificabilidade mínima do 70% para comercial/terciario.

E será ao Pleno desta Corporación ao que lle corresponderá aprobar no seu momento esta ordenación a través do proxecto de modificación das Normas Subsidiarias que se elabore, tramite e se eleve ao este para a súa aprobación.

Non vai quedar a criterio de ningún outro órgano municipal que non sexa o Pleno, o mesmo que agora ten a competencia para ratificar este convenio.

Por outra parte non temos que esquecer que o propio convenio reconece o uso residencial como propio tamén deste ámbito, así no Antecedente Terceiro establécese "que se considera conveniente ordenar detalladamente o dito sector, establecendo un ámbito mixto no que xunto ao uso residencial se estableza o uso terciario/comercial ...", no Antecedente Sexto indícase que "se considera pertinente que no dito uso mixto terciario-residencial se priorice o primeiro sobre o meramente residencial" e, na propia Estipulación Terceira do convenio establécese que se admite "o uso residencial no encontro deste sector coa actual Unidade de Execución nº 7 das Normas Subsidiarias do Planeamento de Cambre", que é precisamente o que suxire o alegante no último parágrafo desta primeira alegación.

E por último as reservas de solo que a maiores das mínimas legais se poidan establecer, estableceranse a través desta modificación puntual do planeamento, se é que se considera pertinente nela, xa que é ao planeamento ao que lle corresponde establecer e por iso xustificar estas reservas e se encima contén a ordenación detallada con máis motivo, tal e como se establece no artigo 42-2 da Lei 2/2016, do solo de Galicia, tendo en conta que se neste precepto se establece tal esixencia para as reservas mínimas de solo para equipamentos públicos, ás que non obstante non alude o alegante, o mesmo ten que ocorrer, e con máis motivo, con aquelas outras que sobrepasen tales mínimos.

Por outra parte o obxectivo principal deste convenio é a creación dun complexo comercial/terciario como así se establece no seu Antecedente Sexto, polo que establecer unha serie de parámetros sobre a parcela que principalmente se vai destinar ao dito uso que garante a instalación dun grande establecemento comercial e que fixe os criterios a seguir polo redactor do proxecto de modificación das Normas Subsidiarias non ten que estrañar a ninguén cando ademais con iso se lle dá xa máis información aos operadores interesados no dito uso terciario.

**Terceiro:** Admitir a adhesión ao convenio urbanístico referido solicitada pola entidade mercantil "Inmobiliaria Valdetoques, S.L." propietaria da parcela catastral nº 15017A00100058 de 2.050 m<sup>2</sup> de superficie, parte da cal encóntrase no ámbito físico obxecto deste convenio, incorporándoa a este para todos os efectos.

**Cuarto:** Ratificar o texto definitivo do convenio urbanístico que a continuación se expón:

## CONVENIO URBANÍSTICO

En la Casa Consistorial de Cambre, a de de 2016

### REUNIDOS

De una parte, **D. Óscar García Patiño**, como Alcalde-Presidente del Ayuntamiento de Cambre,

Y de otra:

- **D. Manuel Gómez Portela**, mayor de edad, con DNI nº \_\_\_\_\_ y domicilio en \_\_\_\_\_;

- **D<sup>a</sup> Pastora Rivadulla Souto**, mayor de edad, con DNI nº \_\_\_\_\_ y domicilio en \_\_\_\_\_;
- **D<sup>a</sup> María Berta Blanco Rivadulla**, mayor de edad, con DNI nº \_\_\_\_\_ y domicilio en \_\_\_\_\_;
- **D. César Eloy Blanco Rivadulla**, mayor de edad, con DNI nº \_\_\_\_\_ y domicilio en \_\_\_\_\_;
- **D. Miguel Ángel Blanco Rivadulla**, mayor de edad, con DNI nº \_\_\_\_\_ y domicilio en \_\_\_\_\_;
- **D. José Ramón Fernández-Villarrenaga Reija**, mayor de edad, DNI nº \_\_\_\_\_ y **D<sup>a</sup> Marta Ramil Estrada**, mayor de edad, con DNI nº \_\_\_\_\_, ambos con domicilio a estos efectos en \_\_\_\_\_;
- **y D. Rafael Javier Arean González**, mayor de edad, con DNI nº \_\_\_\_\_ y domicilio en \_\_\_\_\_.

#### INTERVIENEN

**D. Oscar García Patiño**, en nombre y representación del **AYUNTAMIENTO DE CAMBRE**, en la representación legal que le confiere el artículo 21 de la Ley 7/85, de 2 de Abril, Reguladora de las Bases del Régimen Local.

**D. Manuel Gómez Portela**, en su propio nombre y representación, y además, en nombre y representación de su esposa **D<sup>a</sup> María Olga Delfina Late Blanco**, en virtud del poder general otorgado en fecha 25 de febrero de 2010, ante el Notario de A Coruña, Don Ramón González Gómez, al número ciento noventa de su protocolo y que se acompaña como **ANEXO Nº 1** a este Convenio.

**D<sup>a</sup> Pastora Rivadulla Souto, D<sup>a</sup> María Berta Blanco Rivadulla, D. César Eloy Blanco Rivadulla y D. Miguel Ángel Blanco Rivadulla**, en su propio nombre y representación.

**D. José Ramón Fernández-Villarrenaga Reija y D<sup>a</sup> Marta Ramil Estrada**, en nombre y representación de la mercantil **Promociones Esga S.A.**, con C.I.F. A-15219744 y domicilio social en la calle San Andrés, num. 15 bajo, A Coruña, como consejeros delegados mancomunados de la misma en virtud de escritura de protocolización de acuerdos sociales de fecha 6 de abril de 2010, autorizada ante el notario de A Coruña, D. JOSÉ MANUEL LOIS PUENTE, bajo el número 715 de su protocolo; cuya copia consta compulsada como **ANEXO Nº 2** de este Convenio. Consta inscrita dicha sociedad al tomo 1105, folio 164, hoja c-5363 del Registro Mercantil de A Coruña.

**D. Rafael Javier Arean González**, en nombre y representación de la mercantil "Inmobiliaria Valdettorres, S.L.", con C.I.F. B-32.114.571 y domicilio social en la calle Cardenal Quiroga, núm. 18, entresuelo, 32003, Ourense, como administrador único de la misma, según escritura autorizada ante el Notario de Ourense doña María José Rodríguez Tourón el 5 de junio de 2014, con nº de protocolo 595, sobre elevación a público de acuerdos sociales de cese de administradores y modificación del órgano de administración de la mercantil "Inmobiliaria Valdettorres, S.L.", cuya copia compulsada se acompaña como **ANEXO Nº 2 BIS** a este convenio.

Ante mí, **D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Luisa de la Red Ampudia**, Secretaria General de este Ayuntamiento, ambas partes, de mutuo acuerdo, formalizan el presente CONVENIO URBANÍSTICO DE PLANEAMIENTO que se tramitará conforme a lo dispuesto en la legislación urbanística en vigor, con arreglo a los siguientes,

#### ANTECEDENTES

**PRIMERO.-** ÁMBITO DE ACTUACIÓN FÍSICA, PORCENTAJE DE TITULARIDAD Y DESCRIPCIÓN DE LAS PARCELAS.

D. Manuel Gómez Portela, D<sup>a</sup> María Olga Delfina Lale Blanco, D<sup>a</sup> Pastora Rivadulla Souto, D<sup>a</sup> María Berta Blanco Rivadulla, D. César Eloy Blanco Rivadulla, D. Miguel Angel Blanco Rivadulla, la entidad mercantil Promociones Esga, S.A. y la entidad mercantil Inmobiliaria Valdettres, S.L. son titulares de las propiedades que luego se detallarán en el ámbito físico del lugar de O Seixal (parroquia del Temple), que linda al Norte: límite administrativo con el Ayuntamiento de Oleiros; al Sur: con la carretera nacional AC-12, antes N-VI; al Este: con la Unidad de Ejecución nº 7 de las Normas Subsidiarias del Planeamiento de Cambre en vigor, hoy Suelo Urbano Consolidado y también con el Término Municipal de Oleiros y al Oeste: con la Unidad de Ejecución Nº 19 (suelo urbano no consolidado) de las Normas Subsidiarias del Planeamiento de Cambre indicadas.

Se acompaña como **ANEXO Nº 3**, plano delimitativo del ámbito de actuación físico indicado.

La superficie total del ámbito físico descrito asciende a **45.353,51 m<sup>2</sup>**, según los datos catastrales y la cartografía municipal, sin perjuicio del levantamiento topográfico que para mayor precisión se realice.

Dentro de este ámbito **Promociones Esga, S.A.**, es propietaria de la siguiente finca:

Finca registral de Cambre nº 30.126, resultante de la agrupación de fincas núms. 9.952 y 10.094, e inscrita al Tomo 3.125 del Libro 438 Folio 2 (IDUFIR: 15025000303632) del Registro de la Propiedad nº 5 de A Coruña;  
Descripción: "Casa chalet, si bien actualmente ya no existe, pues ha sido objeto de demolición, sin número, sita en la carretera de Madrid a La Coruña, kilómetro 600, hectómetro 3, margen derecha, en el lugar del Seixal, parroquia de Santa María de El Temple, Ayuntamiento de Cambre, compuesto de planta baja y piso alto y, rodeándola terreno a huerta, labradío y monte tojal, cerrado en una parte por muralla y alambrada. Todo forma una sola finca, de la extensión total superficial de veintinueve mil quinientos cuarenta y ocho metros con treinta y siete décimos cuadrados, de los cuales ochenta metros cuadrados corresponden al edificio. Linda: Norte, Promotora de Viviendas Lodeiro, S.L. y terreno de los señores Folla Cisneros; Este, fincas de don Ángel Díaz Ramos y herederos de don Manuel Cachaza Espiñera; Oeste, carretera general de La Coruña a Madrid y fincas de Promotora de Viviendas Lodeiro, S.L.; y Sur: carretera General de La Coruña a Madrid.

**Referencias catastrales núms.:** 15017A001000150000MI y 15017A001000160000MJ.

Asciende la superficie efectiva de esta finca incluida en el ámbito, a expensas del pertinente levantamiento topográfico, a 16.393,64 m<sup>2</sup>.

Por su parte, **D. Manuel Gómez Portela y D.<sup>a</sup> María Olga Delfina Lale Blanco** son propietarios de las siguientes fincas:

1. Finca registral nº 9.719, inscrita al Tomo 3.036 Libro 367 Folio 134 (IDUFIR: 15025000135011) del Registro de la Propiedad nº 5 de A Coruña.  
Descripción: "RÚSTICA- Porción de labradío, prado y braña, al sitio de "La Fuente" y por otro nombre "So a Horta" de una superficie de doce áreas, cuarenta y seis centiáreas y cuarenta y seis décimos cuadrados, que linda: por la izquierda, Oeste, más de Don Francisco y Don Ramón Pan Rioboo, frente, Sur, la carretera; espalsa, Norte, labradío de Don Romualda Ventos; derecha entrando, Este, más de Don Antonio Morlán y herederos de José Villar Riosoto.

**Referencia catastral:** 15017A001000120000MR.

2. Finca registral nº 9.883, inscrita al Tomo 3.036, Libro 367, Folio 137 (IDUFIR: 15025000136155) del Registro de la Propiedad nº 5 de A Coruña.  
Descripción: "RÚSTICA- Heredad a labradío y en una pequeña parte a prado, conocida con los nombres de La Fuente, So a Horta y dentro de la Cerca da Revolea, en el Lugar de la Tapia, parroquia de Santa María del Temple, de seis mil metros cuadrados, que linda: Norte, más de Son Manuel Martínez Morlán, y herederos del Señor Ponte; Sur, de Don Ramón y Don Francisco Pan Rioboo, Don Carlos Valcarce Suárez y Don Francisco Galán y carretera general de A Coruña a Betanzos; Este, de Don José Folla Fernández, camino de servidumbre y de Don Manuel Martínez Morlán; y Oeste, de Don Manuel Cachaza y Francisco Galán. La atraviesa de Norte a Sur una zanja de agua.

**Referencia catastral:** 15017A001000030000ML.

La superficie total incluida en el ámbito con los datos catastrales importa 6.088,53 m<sup>2</sup>.

Por otro lado, **D.<sup>a</sup> Pastora Rivadulla Souto, D.<sup>a</sup> María Berta Blanco Rivadulla, D. César Eloy Blanco Rivadulla y D. Miguel Angel Blanco Rivadulla**, son propietarios de la siguiente finca:

Finca registral nº 10.057, inscrita al Tomo 2.585, Libro 269, Folio 169 (IDUFIR: 1502500004607) del Registro de la Propiedad nº 5 de A Coruña.

Descripción registral: "URBANA". Finca conocida por SO A HORTA, en cuyo interior existe un edificio destinado a chalets, en la parroquia de Santa María del Temple, Ayuntamiento de Cambre, de dos entradas, independientes, pero formando un solo conjunto, integrado por planta baja y sótano, destinado a garaje, éste constituyendo el tipo de casitas-chalet gemelas. Tiene un frente lo edificado, de dieciocho metros con acceso por la carretera general a Madrid, y un fondo de nueve metros cincuenta centímetros, lo que totaliza una superficie cubierta de ciento setenta y un metros cuadrados. La rodea por todos sus lados el terreno a labradío, prado y braña que mide mil seiscientos ochenta y siete metros cuadrados. Constituye todo una sola finca de mil ochocientos cincuenta y ocho metros cuadrados, que linda: por su frente, Sur, en un frente de veintinueve metros y cincuenta centímetros, con la carretera general que de La Coruña sigue a Madrid; por el Norte, espalda, labradío de Doña Romualda Ventos; derecha entrados, en cincuenta y un metros y veinte centímetros, con las fincas de Don Francisco Galán Aradas; e izquierda, más de Don Manuel Cachaza.

**Referencia catastral:** 15017A001000130000MD.

En la actualidad, el inmueble que figura en la descripción registral no existe, ya que ha sido demolido. La superficie total incluida en el ámbito con los datos catastrales importa 1.494,90 m<sup>2</sup>.

Y por último, **la entidad Inmobiliaria Valdeterres, S.L.** es propietaria de la siguiente finca:

Finca Registral nº 33265, inscrita al Tomo 3.154, Libro 458 y Folio 67 del Registro de la Propiedad nº 7 de A Coruña.

Descripción: Rústica: Finca a prado y labradío al sitio de "La Tapia", denominada Leira Longa o Freseira con una extensión superficial de veinte áreas y cincuenta centiáreas, en la Parroquia de Santa María de El Temple, Ayuntamiento de Cambre, que linda: Norte, más de la herencia de Doña María-Manuela Carro Naveira y Don Manuel Martínez Morían, hoy, límite de término municipal; Sur, finca de Don Ricardo Martínez Barbeito y Don Manuel Sánchez, hoy parcelas 61 y 62 de don Andrés Martínez Carro; Este, herederos de Don Benito Prado, hoy parcela 18 de Doña Josefina-Pilar Martínez Pina y parcela 8 de Don José Gómez Sánchez; y Oeste, fincas de la herencia de Doña María-Manuela Carro Naveira y don Manuel Martínez Morían, hoy parcela 61 de Don Andrés Martínez Carro.

**Referencia catastral:** 15017A00100058000MA.

Asciende la superficie de esta finca incluida en el ámbito, a expensas del pertinente levantamiento topográfico, a 1.510,23 m<sup>2</sup>

Ello implica pues que los arriba relacionados son propietarios del 56,19% del ámbito descrito al alcanzar sus propiedades un total de 25.487,30 m<sup>2</sup> del mismo, sin perjuicio del levantamiento topográfico que en su momento realice.

Se acompañan como **ANEXO Nº 4**, las certificaciones y/o notas simples del Registro de la Propiedad, así como las copias compulsadas de los títulos de propiedad de dichas fincas y las certificaciones catastrales descriptivas y gráficas correspondientes, estando constituido dicho anexo por ciento dieciocho (118) páginas debidamente numeradas.

**SEGUNDO.- ORDENACIÓN URBANÍSTICA VIGENTE EN EL ÁMBITO.**



La totalidad de las fincas englobadas dentro del ámbito físico descrito, están clasificadas como suelo no urbanizable común (hoy suelo rústico de protección ordinaria, conforme a la legislación urbanística en vigor), según las vigentes Normas Subsidiarias del Planeamiento del Ayuntamiento de Cambre, aprobadas definitivamente por la Comisión Provincial de Urbanismo el 27 de julio de 1.994 y publicadas en el B.O.P. nº 222, de 27 de septiembre del mismo año.

### **TERCERO.- INTERÉS DE LA ORDENACIÓN DEL ÁMBITO FÍSICO DESCRITO.**

El ámbito físico descrito se encuentra enclavado entre dos suelos clasificados como urbanos (consolidado y no consolidado), lindando al Norte con el Término Municipal de Oleiros y al Sur con una carretera nacional. Es por ello que se entiende oportuno y conveniente proceder a clasificar dicho ámbito como un suelo urbanizable delimitado, en tanto en cuanto resulta palmario que dicha zona ha perdido las características propias del suelo rústico que poseía al tiempo del anterior instrumento de ordenación general aprobado en 1994, al encontrarse en medio de un espacio físico eminentemente urbano y por ello necesitado de ordenación.

Por otra parte, el hecho de que el ámbito descrito se ubique en un área estratégica del municipio, al estar lindando con una vía estatal y de interconexión con los municipios de Oleiros, A Coruña y otros de la comarca, hace que esta zona sea un área de desenvolvimiento preferente para el municipio de Cambre, por lo que se considera conveniente ordenar detalladamente dicho sector, estableciendo un ámbito mixto en el que junto *al* uso residencial se establezca el uso terciario/comercial como dinamizador no solo del ámbito sino del área en el que éste se encuentra.

En consecuencia, resulta de esencial trascendencia para el municipio proceder a la nueva ordenación planteada, a los efectos de alcanzar, simultáneamente, diversos objetivos:

- En primer lugar, conseguir ordenar una zona que actualmente no responde a las características propias del Suelo Rústico en que está clasificada, que permita, en sintonía con los suelos colindantes, culminar el proceso de desarrollo urbano del Temple de una manera integral.
- Y en segundo término, intentar alcanzar un descenso exponencial en la actual tasa elevada de desempleo del municipio con la creación de un complejo terciario que aproveche la ubicación estratégica del ámbito y sirva como nexo de cohesión con los municipios vecinos.

### **CUARTO.- CONVENIO URBANÍSTICO Y PLAN GENERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL.**

Sobre tales premisas y para la consecución de tales objetivos, el 15 de mayo de 2013 se suscribe Convenio Urbanístico entre la representación de este Ayuntamiento y los anteriormente citados que es incluido en la documentación del Plan General de Ordenación Municipal (PGOM) actualmente en tramitación a los efectos de su información pública y perfeccionamiento, de acuerdo con el artículo 237-2 de la Ley 9/2002, de Ordenación Urbanística y Protección del Medio Rural de Galicia, una vez que su contenido es informado como correcto y adecuado para los objetivos de ordenación del nuevo Plan General por el responsable de nueva ordenación del equipo redactor del mismo y de manera igualmente favorable por el Arquitecto Municipal y por el Jefe del Área de Urbanismo y Régimen Interior de este Ayuntamiento los días 15 y 17 de abril del 2013, respectivamente.

### **QUINTO.- MODIFICACIÓN PUNTUAL DE LAS NORMAS SUBSIDIARIAS DEL PLANEAMIENTO DE CAMBRE.**

No obstante, dada la importancia y trascendencia que tiene la inversión a realizar para la creación de dicho complejo comercial y dada la actual situación en la que se encuentra la tramitación del Plan General de Ordenación Municipal pendiente tanto de su adaptación a los informes municipales y sectoriales emitidos sobre su contenido, como de su necesaria adaptación a la nueva Ley del Suelo de Galicia, Ley 2/2106, de 10 de febrero, se plantea la utilización de un instrumento de planeamiento mucho más rápido y eficaz para alcanzar tal objetivo habida cuenta tanto de su especial concreción territorial como de su interés general. Este instrumento no es otro que la Modificación Puntual de las Normas Subsidiarias del Planeamiento de Cambre para tal ámbito.

## SEXTO.- USO COMERCIAL/TERCIARIO.

Por otro lado y dada la densidad de población ya existente en la zona así como el interés que tiene un complejo comercial/terciario como dinamizador económico en la parroquia de El Temple se considera pertinente que en dicho uso mixto terciario-residencial se priorice el primero sobre el meramente residencial.

## SÉPTIMO.- DOTACIONES PÚBLICAS.

Igualmente y habida cuenta de la escasez de dotaciones públicas que hoy en día existe en dicha parroquia en relación con la alta densidad de población que aglutina se considera pertinente que parte de la edificabilidad que dicho ámbito va a albergar sea destinada al sistema general de equipamiento comunitario de titularidad pública y/o dotaciones de equipamiento público al margen de la reserva legal existente para dotaciones urbanísticas.

En base a ello y para la concreción y consecución de las anteriores determinaciones, teniendo presente que este documento se formalizará y perfeccionará tras información pública, de acuerdo al procedimiento regulado en la legislación urbanística en vigor por cuanto que implica iniciar una Modificación de las Normas Subsidiarias del Planeamiento de Cambre, ambas partes suscriben las siguientes

## ESTIPULACIONES

**PRIMERA.-** Revocar el Convenio urbanístico suscrito el 15 de mayo de 2013 entre la representación de este Ayuntamiento y los aquí intervinientes sobre el ámbito físico descrito en el Antecedente Primero de este Convenio dejándolo sin efecto jurídico alguno.

**SEGUNDA.-** El Ayuntamiento de Cambre incoará y tramitará el pertinente procedimiento para la Modificación Puntual de las Normas Subsidiarias del Planeamiento de Cambre que clasificará como Suelo Urbanizable los terrenos incluidos en el ámbito físico descrito en el Antecedente Primero de este Convenio y que se reflejan en el plano que se adjunta al mismo como **ANEXO Nº 3**, sobre el cual los propietarios firmantes disponen del 52,87% de su superficie.

Asimismo, el Ayuntamiento de Cambre se obliga a incorporar a dicha Modificación Puntual la ordenación detallada de dicho ámbito, delimitándose el mismo como una única área de reparto y un único sector a efectos de su gestión y ejecución, con las conexiones pertinentes con el sistema viario rodado y/o peatonal, y de conformidad con los parámetros que en las Estipulaciones siguientes se indican, sin perjuicio de su incorporación igualmente al Plan General de Ordenación Municipal en tramitación.

**TERCERA.-** El uso prioritario de dicho ámbito será el comercial/terciario al que se destinará un mínimo del 70% de la edificabilidad total que tenga el mismo, admitiéndose el uso residencial en el encuentro de este sector con la actual Unidad de Ejecución nº 7 de las Normas Subsidiarias del Planeamiento de Cambre.

**CUARTA.-** La edificabilidad apropiable por los propietarios de este nuevo ámbito de Suelo Urbanizable será la que legalmente le corresponda sobre el 0,62 m<sup>2</sup>/m<sup>2</sup> de uso terciario-residencial que se fija para el mismo.

La Modificación Puntual de las Normas Subsidiarias del Planeamiento objeto de este documento o, en su caso, el Plan General de Ordenación Municipal podrá reservar en dicho ámbito parcelas para el sistema general de equipamiento comunitario de titularidad pública o para el sistema local de equipamientos públicos de cesión obligatoria y gratuita a este Ayuntamiento cuya edificabilidad no computará para el aprovechamiento urbanístico apropiable por los propietarios del ámbito y que, por otra parte, estarán al margen y serán independientes de las reservas legales para dotaciones públicas de cesión igualmente obligatoria y gratuita a esta administración municipal.

**QUINTA.-** El sistema de actuación para la ejecución de este ámbito será el de compensación, estableciéndose un único polígono a efectos de su gestión.

Se garantizará que al menos una de las parcelas de resultado cumpla con los siguientes parámetros:

- Superficie neta: como mínimo 20.455 m<sup>2</sup>.

- Edificabilidad sobre rasante: como mínimo 8.450 m2 construibles y como máximo 9.000 m2.
- Altura máxima: 15 metros a cornisa, sin contar las instalaciones en cubierta y pudiendo instalarse elementos publicitarios singulares que sobrepasen dicha altura de manera justificada y salvo previsión en contrario en la normativa aplicable.
- Se construirá un aparcamiento en el que la parte del mismo que quede en situación de sótano o semisótano pueda ejecutarse en cualquier zona de la parcela y no únicamente en la proyección vertical del edificio.
- Uso: el uso característico será el que permita la implantación de un gran establecimiento comercial de al menos 8.450 m2 de superficie de venta conforme a la definición de la legislación comercial gallega, apto para el ejercicio de la actividad comercial de venta al por menor tanto a profesionales como al público en general, así como para las actividades complementarias de oficinas, cafetería, almacén, aparcamiento y otros servicios.

El Proyecto de Compensación, necesario para el cumplimiento de los deberes de cesión y equidistribución, se presentará en el Concello para su aprobación en el plazo máximo de cinco meses, contados a partir de la entrada en vigor de la Modificación Puntual de las Normas Subsidiarias del Planeamiento de Cambre referida o, en su caso, del PGOM de Cambre. En el mismo plazo de cinco meses se deberá presentar el Proyecto de Urbanización siendo la ejecución del mismo costeada íntegramente por los propietarios del sector.

**SEXTA.-** El Ayuntamiento de Cambre contratará los trabajos para la redacción de la Modificación Puntual de las Normas Subsidiarias del Planeamiento de Cambre referida en el plazo máximo de tres meses desde la firma del presente documento una vez que el texto definitivo del mismo sea ratificado por el órgano municipal competente, de conformidad con la legislación en vigor.

El Ayuntamiento de Cambre tramitará tal Modificación Puntual de la manera más ágil y rápida que sea factible para hacerla efectiva en el menor tiempo posible.

Por los propietarios firmantes de este Convenio se abonará a este Ayuntamiento el coste del proyecto de Modificación Puntual de las Normas Subsidiarias en el plazo de un mes contado a partir de la notificación a los mismos de su aprobación definitiva.

**SÉPTIMA.-** Los propietarios del ámbito referido asumen entre los costes de la obra urbanizadora del sector la conexión con las redes existentes al otro lado de la AC-12 de los servicios de saneamiento (pluviales y fecales), abastecimiento de agua y electricidad. La conexión se hará mediante un canal subterráneo a través de topo.

En el suministro eléctrico se suprimirá el C.T. existente trasladándolo al ámbito objeto de este documento.

**OCTAVA.-** Todas las estipulaciones recogidas en este Convenio se incorporarán igualmente a la documentación del Plan General de Ordenación Municipal en tramitación sin perjuicio del procedimiento de Modificación Puntual de las Normas Subsidiarias del Planeamiento de Cambre que se instruya de manera simultánea.

**NOVENA.-** La plena vigencia de este Convenio y la producción de efectos entre las partes firmantes quedan sometidas a la condición suspensiva de que la Modificación Puntual de las Normas Subsidiarias del Planeamiento de Cambre que se va a tramitar o, en su caso, el PGOM que actualmente se tramita, se apruebe definitivamente y entre en vigor, incluyendo como Suelo Urbanizable el ámbito físico descrito con la ordenación detallada conforme a lo dispuesto en las anteriores estipulaciones.

En el supuesto de que la aprobación definitiva de la Modificación Puntual de las Normas Subsidiarias del Planeamiento de Cambre no se llegase a producir o, en su caso, la correspondiente al PGOM, o aprobándose definitivamente no incluyera la totalidad de las determinaciones previstas en este Convenio, se exonera expresamente al Concello de Cambre de cualquier responsabilidad o indemnización por los daños y perjuicios que, eventualmente, se les pudiesen ocasionar a las demás partes.

**DÉCIMA.-** Una vez que el presente Convenio produzca plenos efectos jurídicos con la entrada en vigor de la Modificación Puntual de las Normas Subsidiarias del Planeamiento de Cambre referidas o, en su caso, del Plan General de Ordenación Municipal, el incumplimiento por cualquiera de las partes de las estipulaciones del mismo, facultará a la otra a instar su resolución con la pertinente indemnización por los daños y perjuicios causados.

**UNDÉCIMA.-** La enajenación de la totalidad o parte de los terrenos propiedad de los firmantes del presente Convenio, no modificará ni alterará los compromisos contraídos en el mismo. El adquirente quedará subrogado en los derechos y obligaciones del transmitente, el cual deberá hacer constar los compromisos asumidos en los actos traslativos de dominio y, en tal caso, poner en conocimiento del Concello de Cambre el hecho de la transmisión y el nombre y domicilio del nuevo titular, por medio de la presentación de copia autorizada de la escritura de transmisión del dominio y subrogación del adquirente en los derechos y obligaciones derivados del presente Convenio.

**DUODÉCIMA.-** Este Convenio se someterá al trámite de información pública mediante anuncio a publicar en el Diario Oficial de Galicia y en uno de los periódicos de mayor difusión de la provincia por un periodo de 20 días, para posteriormente ser ratificado, si procede, de conformidad con la normativa urbanística de aplicación.

**DECIMOTERCERA.-** El presente Convenio anula y/o deja sin efectos cualquier otro documento o convenio urbanístico que sobre el mismo ámbito se haya formalizado, al margen del ya indicado en la Estipulación Primera del presente documento.

Y en prueba de su conformidad, lo firman las partes por duplicado en el lugar y fecha arriba indicados.

**Quinto:** Proceder a sinatura deste texto definitivo do convenio urbanístico polas persoas interesadas dentro do prazo de quince días contado a partir da notificación do presente acordo, de conformidade co artigo 168-4 da Lei 2/2016, do solo de Galicia.”

Foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Urbanismo, Obras, Medio Ambiente, Patrimonio e Desenvolvemento Socioeconómico de data 18 de maio de 2016, por catro votos a prol, correspondentes aos dous concelleiros de UxC e aos dous concelleiros do PSdeG-PSOE; e coa abstención dos dous concelleiros do PP, do concelleiro de ACdC-SON, do concelleiro do BNG, da concelleira de C's, integrante do GM, e do concelleiro non adscrito.

Concedida a palabra a don Juan González Leirós, voceiro de UxC, explica que o que traen aquí é a proposta para iniciar unha modificación puntual das Normas subsidiarias, co fin de desenvolver un ámbito que completa o eixe terciario que comeza na ponte Pasaxe e continúa polo solo terciario de Icaria, e remata no Seixal.

Neste asunto, ao mellor son moi presuntuosos, pero presumen o apoio do PP, posto que a iniciativa realmente é súa. O PP asinou un convenio, xa no ano 2013, onde propoñían este tipo de opción, este tipo de iniciativa de modificación puntual e propuxérona tamén no Plan xeral, nun documento que se lles entregou e que foi tamén un documento inicial, propoñían xa o cambio de cualificación a solo urbanizable, coa condición de o solo terciario.

O actual Goberno continuou con este tema porque cren nel. A diferenza é que o PP deixou o convenio, e pide desculpas porque ao mellor non é a expresión acertada, metido nun caixón á espera da aprobación do Plan xeral, para recoñecelo dende o Plan xeral, o cal é moi lícito. Eles non, eles cren que deben de sacalo, que deben de expoñelo, por unha cuestión, porque entenden que a xestión do urbanismo en Cambre non só debe depender do Plan xeral, senón que paralelamente hai certas actuacións que se deben de ir levando a cabo para activar os procesos urbanísticos no concello. Como todos saben entre eles está a UE-3, a unidade de execución de Morás, ou está a Nacional VI, entre outras que teñen formuladas.

Di que esa é a diferenza máis clara entre unha actuación e a outra. Polo tanto, o que se trata aquí non é de formular unha ordenación, senón simplemente decidir se consideran de interese xeral o desenvolvemento dese ámbito e, polo tanto, se ratifican o convenio e con el a proposta de iniciar unha modificación puntual das Normas subsidiarias nas condicións formuladas no convenio.

Concedida a palabra a don Manuel Rivas Caridad, voceiro do PP, manifesta que o Sr. Leirós antepón o voto do seu grupo antes de nada. Dálle as grazas, porque efectivamente este é un convenio que foi asinado no ano 2013, cando gobernaba o PP, porque pensaban que era un bo convenio. Pero hai algunhas diferenzas no tipo de convenio, que ademais lle sorprenden, e é unha pregunta que lles ten que facer, porque o que se publica na



páxina web do concello o día 10 de marzo e o día 30 de marzo, non é o mesmo, corríxiron o erro da páxina web, onde poñían “poderase”, referíndose ao ámbito residencial, despois o corríxiron e o limitaron ao 30%. El supón que iso foi un erro, porque a información da páxina web do 10 de marzo coincide co publicado nos xornais, concretamente en ‘La Opinión’ do día 10, e con todo despois o corríxen e o fan aplicando un mínimo dun 30% dedicado a solo residencial.

Ademais, di que como consecuencia da charla que dende o Goberno lle foron dar aos veciños, comerciantes ou industriais da zona do Graxal, chegaronlles unhas queixas, porque parece ser que afirmaron que ían trasladar o pavillón do colexio ao outro lado da N-VI. El failles esta pregunta porque diso vai depender o seu voto, e pregunta ao señor concelleiro se llela vai contestar.

Concedida a palabra a don Juan González Leirós manifesta que si, que llela vai contestar, pero non lle vai dicir nin si, nin non, porque este non é o momento de decidir se o pavillón vai ou non vai. Este é o momento de decidir se impulsan a modificación puntual, o escenario e a modificación puntual será quen determine se é necesario adscribir dotacións, que tipo de dotacións, e cales se levan para un lado ou para outro. Polo tanto, haberá tempo para discutir, pensar, propoñer, nas xuntas de goberno, etc., se o pavillón debe quedar onde está, ou se é máis interesante levalo a outro lado, porque unha decisión dese tipo necesita reflexión, e polo tanto, conciencia, cabeciña e lóxica.

Conclúe dicindo que cada cousa ao seu tempo, pero sen parar, é o que precisan.

Toma a palabra o Sr. alcalde para informar que foi el quen fixo aquela exposición, e o que dixo foi que, por exemplo, se o día de mañá se quere trasladar, ou facer unha piscina, ou calquera tipo de dotación que se necesite nesa zona, poderíase facer no outro ámbito, porque van terreos con este convenio, e puxo de exemplo unha piscina ou que podía ir o día de mañá o polideportivo. Non dixo que foran meter o polideportivo alí. Pide que quede claro.

Don Manuel Rivas Caridad sinala que era un tema que quería aclarar, porque claro, hai moitos veciños preocupados, porque entenderon que cando se fixera o ámbito se trasladaba o pavillón ao outro lado da N-VI. De todas maneiras, este é un convenio que se iniciou gobernando o PP e lóxicamente non van votar en contra del.

Concedida a palabra a dona M<sup>a</sup> Olga Santos López, voceira de ACdC-SON, manifesta que na xunta de voceiros previa a este pleno, hai quince días, lembra perfectamente as palabras do Sr. Leirós referíndose a unha das alegacións á que ela non vai facer referencia expresa, simplemente dicir que era unha das alegacións presentadas a este convenio por un particular, e dicía o concelleiro que era unha alegación de alguén que simplemente estaba en contra de todo.

Di que esa alegación á que facía referencia o Sr. Leirós, dende o punto de vista do seu grupo municipal é tremendamente interesante, porque quen a presenta fai un debuxo, para eles perfecto, do que se propón con este convenio. Tamén o técnico xefe da Área de Urbanismo desestima esa alegación, é dicir, non soamente o Sr. Leirós, senón tamén o técnico, por non ser alegación en sentido estrito. Está falando do sentido máis ben metafórico, porque na alegación se indica que a documentación e información que presenta o concello é pobre, e eles concordan niso. Esa alegación tamén cualifica de penosas as explicacións dadas na charla informativa á que facían referencia, ela as cualifica de insuficientes.

Certo é que nesa alegación non existen cuestións técnicas, pero non é menos certo que na reflexión desa alegación se recolle o que para eles é importante neste asunto. Di que non saben o suficiente, non teñen información concluínte, non se dan explicacións convincentes, e con todo iso, e sen que eles teñan a máis mínima idea da situación na que se atopa a día de hoxe, máis que polo que saía hoxe publicado na prensa, a xestión do Plan xeral de ordenación municipal, pretenden modificar unhas Normas subsidiarias obsoletas, e a día de hoxe incompatibles coa actual Lei do solo, a modificada de hai tres meses, e en moito coa lei anterior.

Con este tipo de propostas o que fai o Goberno dalgún xeito é o mesmo que leva criticando durante 4 anos, parchean as Normas subsidiarias para poder maquillar a ausencia de previsión de cando se vai poder aprobar un Plan xeral nesta lexislatura, á que lle quedan tres anos e tal e como se prometía en campaña electoral. É probable que sexa a próxima promesa estrela nas seguintes municipais.

A última prórroga que se lle deu á empresa redactora venceu esta semana, se non se equivoca, e agora é o momento de falar claramente e de buscar unha solución, que visto o visto a todas luces parece que sería revocar o contrato.

Evidentemente neste asunto si lles gustaría que os informaran nesta sesión sobre o que contempla o Goberno, en que punto están e como está a redacción das novas bases, nas que segundo as súas propias palabras levan traballando dende o mes pasado os técnicos municipais. Iso é extremadamente importante, porque tal e como di o xefe de área, o obxectivo principal deste convenio é a creación dun complexo comercial terciario, como así se establece no antecedente sexto do convenio. Pero a eles preocúpalles o tema dos accesos, preocúpalles o impacto medioambiental, preocúpalles a influencia no espazo do Temple, preocúpalles o tráfico, preocúpanlles unha serie de aspectos tan importantes que coidan que a modificación das Normas subsidiarias para acoller esta unidade non é para nada suficiente, nin tan sequera a día de hoxe recomendable. Debe incluírse no Plan xeral, non facer ese parcheado que pode traerlles máis problemas que alegrías.

Continúa dicindo que outra cousa é que o Goberno, neste caso fala concretamente de UxC, teña medo ou temor de non poder dar cumprimento ao que prometeu aos seus electores, de ter que recoñecer que a pesar de facer unha fichaxe estrela, con soldo astronómico, non pode de ningún xeito garantir a finalización do Plan xeral. É máis, e isto o di como opinión persoal, dubida moito que o plan se remate nesta lexislatura.

E como en puntos anteriores o voto de ACdC-SON é necesario, porque o que lles piden facer é alterar un instrumento de ordenación, pero para alterar un instrumento de ordenación a información que teñen é absolutamente insuficiente. Se votan a prol serán responsables de todas as desviacións que deste proxecto poidan xurdir, pero se entre todos conseguen ter un Plan xeral para Cambre, poderán levar a cabo todas as actuacións que coiden necesarias, incluída esta. Cambre prosperará social, económica e medioambientalmente.

Por último só quere facer constar un exemplo para que conste nesta acta. Di que non estaría de máis que o Goberno pescude sobre o feito de que en máis ocasións, esta non é a primeira, se pretenderon modificar as Normas subsidiarias para proxectos como puido ser unha Casa da Cultura, e posteriormente a Xunta non o autorizou, facendo mención expresa á necesidade de que en Cambre se aprobe un Plan xeral.

Engade que tamén é certo que dalgunha forma xa está ben de marear aos veciños. Lembra que no ano 2013 se entendía que estas propostas se debían incluír na redacción do Plan xeral, que agora mesmo entenden que está máis que abortada, segundo a información que teñen. Conclúe dicindo que o seu voto será en contra mentres non teñan información suficiente, ou mentres non se inclúa na redacción do Plan xeral.

Concedida a palabra a Daniel Carballada Rodríguez, voceiro do BNG, manifesta que dende o seu grupo queren deixar total e absolutamente claro que están a favor de que se apuren ao máximo os trámites necesarios, oportunos, para a redacción do Plan xeral. Nese sentido en próximas reunións reclamarán que se lles informe debidamente de cuestións que están aparecendo estes días en prensa, entenden que ben na xunta de voceiros ou en comisións informativas se lles poderá dar a información necesaria.

Da mesma maneira que entenden e defenden a prèsa en dotar a Cambre dun documento urbanístico que rexa para todo o concello, eles ven positivamente que se actúe alá onde se poida, con vistas a facer un crecemento urbanístico que reporte beneficios para o conxunto de Cambre e que ordene determinadas zonas onde reina a día de hoxe o caos.

Sobre esta proposta eles teñen loxicamente moitísimas dúbidas, pero non dúbidas, e quere explicitalo e que quede constancia de maneira moi clara, porque vexan mala intención, porque vexan un ímpeto malsano en sacar isto adiante, como poida ser noutras modificacións puntuais que si se fixeron en Cambre e que constituíron verdadeiros pelotazos e verdadeiras aberracións, senón porque non teñen información. Pero di que non teñen información en parte tamén porque entenden que o que votan hoxe é o convenio, non é a propia tramitación desa modificación puntual do Plan xeral. Tempo terán, e o BNG así o vai facer, para ser moi esixentes para conseguir o que cren que debe ser unha actuación urbanística que beneficie a unha parroquia que está hipertrofiada de poboación, de vías de comunicación que moitas veces nin sequera dan servizo á propia parroquia, e que ten un urbanismo caótico, froito de moitos anos de gobernos que estiveron ao servizo da especulación pura e dura neste concello.

Di que lles parece que as cifras que se achegan para este convenio son racionais, teñen que dicilo así. Moi posiblemente non fora o que fixera o Bloque, pero tamén teñen que dicir que lles gusta un pouquiño máis do que propoñía o Partido Popular, non dicindo tampouco que aquilo estivera mal. Entenden que é un camiño a andar, que tempo terán na súa tramitación de poñer negro sobre branco moitas cousas, e como veñen facendo dende comezo da lexislatura, saúdan que este Goberno intente darlle para adiante a determinadas cuestións que poden beneficiar a Cambre, máxime como é o caso se tivo a ben, en certa maneira, recoller o traballo, mellor ou peor, neste caso eles entenden que positivo, do Goberno anterior.

Concedida a palabra a dona M<sup>a</sup> José García Hidalgo, voceira do GM (C's), manifesta que en Ciudadanos descoñecen certos detalles deste acordo urbanístico que lles presentan, pero do que deducen do informe xurídico o total da parcela será dividido en dúas partes, unha de ocupación do 70% para solo de uso terciario, e un 30% para uso residencial, cun aproveitamento do 0,62 m<sup>2</sup>. En ningún caso se recolle cal vai ser o beneficio que lle corresponde da achega ao concello pola aprobación do dito acordo, e se os seus datos non están equivocados, o acordo cubre unha superficie duns 27.000 m<sup>2</sup>. Aproximadamente deles para uso comercial uns 19.000 e para residencial uns 8.000.

Estando de acordo co conxunto en xeral destes datos, o que se preguntan é que significa iso en alturas construtivas, ese 0,62. Iso por unha parte, e tamén lles gustaría que se transmitira a todos os grupos municipais un plano global de situación e dos detalles construtivos e viarios, o que teñan elaborado os técnicos do concello, así como o acceso ao dito espazo.

Conclúe dicindo que lles gustaría votar este punto despois de coñecer eses detalles e de que lles contesten.

Concedida a palabra a don Juan González Leirós dille á voceira de ACdC-SON que ela sempre fala en nome do pobo de Cambre. El entende que ela fale no seu nome, pero ao mellor non fala en nome de todo o pobo de Cambre, fala en nome de quen cre que fala.

En segundo lugar o da estrela é algo que pon ela, el nunca veu aquí con estrelas, sempre veu facer o seu traballo humildemente, entra ás 7:45 da mañá, ás veces sae ás 8 da tarde, non se pregunta o que lle pagan nin non, e asegúralle que cobra menos que o arquitecto municipal de aquí e fai moitas máis horas. Pero di que tampouco pasa nada, foi algo da súa elección, e faino con todo o candor do mundo. Cando crea que non pode facelo, irase tan tranquilamente como pode estar noutro lado.

Pero dille que lle vai contestar en xeral. Ten razón, e con isto tamén lle contesta aos demais, que un convenio é simplemente unha declaración de intencións, polo tanto unha declaración de intencións só debe levar aquilo que é unha declaración de intencións. Non se pode pedir unha lei dunha declaración de intencións, soamente é un prólogo. Polo tanto, o que están facendo é decidindo se realmente queren que aí haxa unha actuación.

O Goberno municipal cre que, en certas actuacións elixidas, non deben paralizar o planeamento e deben de axilizalo en paralelo ao que é o Plan xeral, porque son actuacións que son en ámbitos moi precisos e, polo tanto, neses ámbitos pódese facer un plan específico sen modificar nin alterar o contexto xeral e a determinación xeral do que é un Plan xeral.

Evidentemente, cando elixiron facer este tema non foron tan inocentes como para non ir á Consellería, non por nada, senón porque a vida xa lles deu moitos paos nestes temas, e así o fixeron, co alcalde, preguntaron na Consellería se vían isto mal ou ben. A resposta da Consellería foi razoable, dixeron que agora non o sabían, pero que non vían mal a intención do concello, nin tampouco vían mal a modificación, pareceulles que podía ser adecuada.

Se lle preguntan por que se fai isto, é porque teñen un Seiscentos moi antigo, xa puxeron este exemplo moitas veces, e necesitan ir renovando varias pezas mentres non teñan un coche novo, porque senón non chegan, e iso é o que están facendo, procurar aguantar o Seiscentos, que son as Normas subsidiarias, e intentar meterlle as pezas novas para que poida ir chegando. As pezas novas son as intervencións puntuais de modificacións puntuais, porque así cando acaben de aprobar o Plan xeral haberá unha xeración de instrumentos de planeamento, de posta de solo no mercado, que lles pode activar a actividade. Se non o fan o que pasará é que o Plan xeral tardará tres anos, e despois terán que empezar aínda coa promoción desas pezas e a facer ese planeamento e desenvolvemento, co cal chegará dentro de oito anos. Dese xeito non poderán competir con Oleiros, non poderán competir con Culleredo, que está facendo agora mesmo o seu plan, e volverán a quedarse na prehistoria. Polo tanto, cren que esa é a importancia.

Todas as cuestións sobre medio ambiente, planeamento, decisións dos viarios, accesos, etc., terán que pasar por todos. Tamén se foi á Carreteras a preguntarlles como vían esta intervención, e díxéronlles que un carril novo, metendo un carril de incorporación, podían facelo. A maneira de facelo, xa a estudarán. Como é razoable, non o van decidir agora, xa o estudarán, pero as posibilidades respecto da N-VI e a súa incorporación a ese ámbito se miraron e pareceron razoables. É máis, di que pareceu razoable incluso lanzar algún viario que chegue á rotonda que pasa por enriba da autoestrada, porque é o viario de distribución que despois os conectará coa Vía Ártabra que os leva a Santa Cruz, coa Artabriña que lle chaman. Esas cousas están vistas.

Se lle preguntan se van ter posibilidade de intervenir, contéstalles que por suposto, farano na modificación puntual do plan en canto se desenvolva. Agora isto hai que encargarllo a un equipo redactor, o equipo redactor poñerase a facer todos eses elementos e haberá que estudalo, haberá que traelo aquí, haberá que valoralo, haberá que afirmalo, e depende da intervención de Alcaldía, das posibilidades que dea de intervenir nos procesos que haxa que intervenir. Esa é a cuestión.

Pero insiste en que o que están facendo agora é declarar, aprobar, ratificar a posibilidade de levar ese tema adiante, todo o resto de cuestións haberá que ir formulándoas, e poderá ser, para a súa tranquilidade, que chegue o momento en que se diga que non interesa montar iso aí, porque por exemplo non cumpra coas dinámicas, que el xa lles di que non, porque tamén foron á Consellería de calidade ambiental e de medio ambiente e lles dixeron que non ten importancia, que iso non ten calidades específicas medioambientais, pero puidera ser que se dera, e entón habería que modificalo e deixalo no sitio.

Respecto das alturas contesta o mesmo. Non pode sabelo mentres nos haxa unha ordenación, pero a súa perspectiva é que ao ser un terciario, agás temas puntuais como puidera ser un hotel, que sexan densidades baixas. Loxicamente as actividades comerciais terciarias móvense mellor en unha ou dúas plantas, que non en catro plantas, onde é máis difícil de xestionar para eles, polo tanto, xa o verán, porque tamén as empresas terán algo que dicir na súa forma de producir, etc. Iso hai que ir véndoo pouco a pouco e hai que analízalo. En todo caso, lémbbralles que Cambre ten a regra de como moito, e agás temas excepcionais, o baixo+3, como todos saben.



Toma a palabra o Sr. alcalde para informar que igual que fixeron con este convenio, que o mesmo día de asinalo se colgou na páxina web para que todo o mundo soubera, con toda transparencia, o que se está a facer, exactamente igual van seguir cos trámites a partir de agora. Se aproban isto, o día que comecen a traballar na ordenación e se teña algo que presentar, dende logo que se vai presentar, para poder traballar sobre algo. Decidirán entre todos que é o que queren aí, sen ningunha dúbida. Con iso non hai ningún problema.

Concedida a palabra a dona M<sup>a</sup> Olga Santos López manifesta que ela entende que o Sr. Leirós estea enfadado con ela, porque sempre o chama futbolista, e o fai precisamente para que se enfade, ten que recoñecelo. Se falara en nome de todo o pobo de Cambre dille que non estaría sentada aquí. Fala do chisquiño que lles chega. De todas formas dille que ACdC-SON non está aquí soamente para ese chisquiño. Eles recollen o que lles di calquera, e filtran igual que o fai o señor concelleiro. Pero é certo que non pode falar en nome de todo o pobo de Cambre.

O de que traballa máis que o arquitecto, dille que despidan ao arquitecto e xa está, porque sempre fai mención, e dille que non poña esa cara porque é que está moi feo dicir o que acaba de dicir, iso de que bota aquí máis horas que o arquitecto, e que fai máis que o arquitecto. Pois dille que en hora boa, de verdade.

Ela fala do que UxC prometeu en campaña, diso fala, e diso é do que os acusa, nin máis nin menos. Evidentemente non ven ningunha mala intención nesta proposta por parte do Goberno, ningunha, e iso que quede clarísimo, pero a responsabilidade, que é unha palabra que está saíndo neste pleno constantemente, a responsabilidade dunha actuación de tal envergadura necesita de moitísimo máis estudo e de moitísima máis reflexión.

Teñen a proba, neste pleno tamén, de que as súas decisións teñen consecuencias. Falou do impacto medioambiental, falou do tráfico da zona. O tráfico da zona xa de por si colapsado é un tema moi preocupante. Falou dos accesos a esa zona, que tamén son complicados de por si.

Dicía o Sr. Leirós que un convenio é unha declaración de intencións, tamén é unha declaración de intencións o compromiso do Sr. Bao coa Anpa e dilles que miren en que situación se atopan. As declaracións de intencións na casa de cada un, aquí están na casa do pobo.

Dixo que tiñan un Seiscentos moi antigo e que hai que cambiar as pezas. O problema é que cambian todas as pezas do Seiscentos e deixan para o final o motor, e se non se cambia o motor o coche non anda. Queda moi bonito e queda precioso ante o pobo de Cambre, pero hai que cambiar o motor, e o motor é o Plan xeral, non é outro, por moito que queiran.

Por outra parte di que ela está tamén un pouco farta da frase “xa o estudaremos”, porque cando sexa o momento de estudalo ao mellor nin o Sr. Leirós nin ela están aquí sentados, e a Corporación que estea terá que asumir os fallos ou os acertos que cometan aquí, e teñen a posibilidade de non cometelos, porque non é necesario.

Dicía o Sr. Leirós, e a ela dálle moito medo esa frase, o de que agora o aproban e despois xa o verán. Se non é imprescindible aprobalo neste momento preguntalle por que non se completa a documentación como se require e por que non se loita polo Plan xeral. Acaba de asumir que xa verán se despois é factible ou non é factible, pero é que este convenio estase asinando cunha serie de propietarios, e ela entende que se ela fora propietaria dalgún deses terreos, que dalgunha forma están avaliando un compromiso por parte do concello. Pois despois verán se se fai ou non. Dille ao señor concelleiro que iso non é serio.

O que lle están dicindo, cre que xa está suficientemente claro, é que non se tome isto como algo persoal, que do que están falando non é do interese de todo o pobo de Cambre, ela non fala de todo o pobo de Cambre, pero cre que todos son coincidentes en dicir, e dixérono moitos dos que estiveron na Corporación pasada, que o Plan xeral de Cambre é algo imprescindible, é un feito necesario e hai que poñerse a traballar xa. Saben cal é a

situación do Plan xeral de Cambre a día de hoxe, e nunca fixeron responsables ao actual Goberno da situación na que se atopan no día de hoxe, porque saben como se comportou a empresa redactora, saben o que pasou con esa UTE e saben a situación na que están. Conclúe dicindo que o que lle pide é un pouco de humildade, simplemente.

Concedida a palabra a don Juan González Leirós dille á voceira de ACdC-SON que cre que ela confunde a vehemencia co cabreo. El non se cabrea, é vehemente, pero é vehemente porque el é así. Quizais a señora concelleira non o entenda, non o comprenda, pero tampouco lle pide iso, el tampouco comprende cousas dela, pero lévase ben con elas.

Pide que non confundan. O Plan xeral é o máis importante, pero o Plan xeral non impide nin debe impedir, baixo ningún concepto, que eles propoñan actuacións que lles permitan en paralelo seguir avanzando e mantendo áreas de actividade. Se ela coñece como funciona a Lei do solo de Galicia e coñece como funciona a lexislación urbanística, saberá que os plans xerais nunca chegan ao detalle, é imposible, non lle permite a propia lei. O que fan é marcar unha liña, dicindo que esa é unha área e que nela se pode facer tal cousa.

Despois hai que facer un proceso longuísimoo para precisamente comprobar que todas aquelas cuestións que se propoñen, e que a lei permite, son adecuadas para ese ámbito, e se na metade do proceso non se dá, se paraliza. Así é como funciona o planeamento, porque planeamento non é algo que se fai dun día para outro, é algo que necesita pouso, e necesita avanzar pouco a pouco, e necesita esa constancia na produción de documentos.

Di que é o que están facendo, aplicando a lei. Primeiro o convenio; segundo modificación puntual; terceiro exposición pública; cuarto outra exposición pública (primeiro ambiental e despois de ordenación); quinto pleno; exposición pública outra vez; pleno e aprobación. Todo ese proceso vai levar dous anos, teñen dous anos para preparar de forma adecuada todo isto. Pero ademais non é que teñan dous anos, é que é a única forma de facelo, porque é como esixe a lei, é como o impón. O único que pasa é que eles poden actuar neste momento, para que cando cheguen ao Plan xeral poder competir cos concellos limítrofes, tendo áreas residenciais e áreas de terciario, co cal poderán desenvolverse, ou poden agardar a aprobar o Plan xeral e despois aínda tardar outros catro anos en poñerse a competir cos concellos limítrofes.

Conclúe dicindo que iso é do que se trata aquí. Non se trata doutra cousa. Non hai outra posibilidade, e vaille insistir, pídelle que non confunda a súa vehemencia co cabreo, el non se cabrea, non se enfada.

Concedida a palabra a dona M<sup>a</sup> José García Hidalgo expón que Ciudadanos vai confiar de novo no Goberno. Agardan que á maior brevidade posible se lles dea ese plano global de situación e dos detalles construtivos. Van votar a prol.

Toma a palabra o Sr. alcalde e dille á voceira de ACdC-SON que cando fala de responsabilidade a el de verdade lle dá a sensación de que o que quere expresar é que a única que ten responsabilidade aquí é ela e o grupo que representa. Polo menos na forma na que o está dicindo el séntese nesa situación, e el cre que a responsabilidade é de todos, dos vinte e un que están aquí, todos a teñen, cada un no seu grao.

Tamén cre que nisto hai unha parte importante, que é unha cuestión de valentía á hora de decidir e de votar nas cousas, e de honestidade, porque está moi ben que se diga que había que metelo nun Plan xeral, así estaba asinado polo anterior Goberno, metido nun Plan xeral, aí metido, sen ter constancia a oposición dese convenio, eles o sacaron, o asinaron e directamente o queren executar. E como este outros que teñen en marcha e que tamén queren sacalos en paralelo ao Plan xeral. Queren chegar ao próximo ano, dous anos, tres anos, canto antes mellor, con feitos, para que os veciños e veciñas de Cambre poidan gozar disto. Dende logo se este convenio se leva a cabo, e despois da participación de todos os grupos, o que vai xerar tamén é algo importante

para todos, que é o emprego, polo tanto, se o poden facer en dous anos, non van agardar tres ou a ter o Plan xeral.

Conclúe dicindo que esa é a súa intención e a súa responsabilidade. E pídelle á señora voceira que o desculpe, porque é unha percepción que el ten cando a escoita falar de responsabilidade no ton no que fala, parece que a única persoa e o único grupo que ten responsabilidade, e o único que representa aquí aos veciños é o grupo de Asemblea Cidadá de Cambre, e aquí todos representan aos veciños e veciñas de Cambre, e todos, absolutamente todos, non ten ningunha dúbida, teñen a responsabilidade que lles dá ser concelleiros deste concello.

Concedida a palabra a dona M<sup>a</sup> Olga Santos López manifesta que ela cre que iso o entenden eles porque non lles gusta o que está dicindo. Ela fala da responsabilidade de todos por igual, e levan falando da responsabilidade dende o principio. Se escoitaron a súa primeira intervención o que dixo foi que non podían apoiar esta proposta porque entendían que estaba falta de estudo e falta de documentación, non porque non estiveran de acordo con ela, simplemente. É dicir, ese feito fai que atopen desprotexido o seu voto, e nese sentido fala de responsabilidade, que o alcalde ten a del e ACdC a súa.

Di que en Asemblea Cidadá son dous concelleiros de vinte e un, e non fai falta dicir nada máis que iso para saber que non poden falar en nome de todo o pobo. Pero dille que si falan, e facía mención a esa alegación ao principio, porque non soamente son eles, é dicir, hai unha alegación expresa respecto dese convenio, dicindo que é insuficiente, que é pobre a documentación que se presenta. E eles concordan con iso, porque teñen dúbidas, e teñen dúbidas que non se resolven. E teñen dúbidas que non se resolven e que de súpeto teñen que afrontar esa responsabilidade, e o que lle dicía ao Sr. Leirós é que dentro de catro anos seguramente moitos deles non estarán aquí, pero o que estea aquí terá que asumir as consecuencias desa responsabilidade que outros asumiron correcta ou incorrectamente. Iso é o que quere dicir, non quere dicir que ela sexa máis responsable que ninguén, porque ela mete a pata como a primeira.

Continúa dicindo que, por non meter a pata, pediron máis información, porque non é suficiente. Precisamente por non meter a pata e porque son responsables desa pequena porción de voto que é a súa, e que non vai interferir para nada na aprobación do convenio, que entende que se vai aprobar. Evidentemente, claro que si, e non pasaría nada, poderían votar abstención, deixar que todo tire para adiante e listo, pero a súa desconformidade é por ausencia de información e porque non teñen claro que este proxecto vaia ser, non vai dicir bo, pero si di correcto. E porque entenden que a fórmula correcta sería incluílo no Plan xeral, porque están metidos agora mesmo, e di que lle van perdoar a expresión, nun marrón tremendo co tema do Plan xeral, do cal o actual Goberno non é responsable, insiste niso, porque quere que conste en acta, e do que todos os presentes si son responsables.

Di que aí si que fala de responsabilidade, todos os concelleiros, exactamente por igual, son responsables de que antes de que acabe esta lexislatura, polo menos poder dicirlles aos cidadáns de Cambre que teñen iso terminado, ou que polo menos o teñen ben encamiñado, non como hoxe, que non saben como o teñen. Esa era simplemente a súa intención, e conclúe dicindo que a súa forma de falar é a que é, lamentándoo moito, como di o Sr. Leirós el non se cabrea, ela si que se cabrea, cabréase moitísimo.

O Sr. alcalde preguntalle que información pediu que non se lle dera, que non é suficiente, e dille que o pregunta porque non o sabe, que é unha pregunta sen ánimo de lucro.

Dona M<sup>a</sup> Olga Santos López contesta que non pediron información, non a pediron. Refírese a proposta que teñen e as dúbidas que lles xurden, futuras, respecto da aplicación dese convenio. Entenden que non están suficientemente estudadas, tecnicamente. Falan do impacto medioambiental, falan dos accesos, falan de todo iso do que falaron.

O Sr. alcalde dille que iso xa o contestou o concelleiro, que iso toca despois, é algo a posteriori.

Dona M<sup>a</sup> Olga Santos López di que claro, pero que por iso se refería ao da declaración de intencións. Que a declaración de intencións na casa de cada un, pero que na casa do concello non se poden facer declaracións de intencións. Dende o seu punto de vista deben estar as cousas claras para non cometer erros nun futuro, ese é simplemente o seu punto de vista.

Toma a palabra o Sr. alcalde para dicir que el cre sinceramente que se están adiantando. Queren saber cal será o impacto medioambiental, queren saber cantos pisos se van facer, cantas alturas, onde vai ir a estrada, onde van ir os accesos, en fin. Dilles que se están adiantando a este paso, que é o paso inicial. Aínda non chegaron a esa outra fase, e nesa fase, dende logo, el dilles abertamente que van participar todos nela, como non pode ser doutra maneira, nada máis. Trátase dunha actuación tremendamente importante na que todos teñen que ter claro o que van facer alí, nin máis nin menos.

Concedida a palabra a don Juan González Leirós manifesta que por suposto que pode votar en contra, é o seu voto, faltaría máis. O único que lle quere especificar e que lle quede claro, e senón están arriba e llo poden explicar, é cal é o criterio. Explícalle que na actual proposta, que é unha diferenza coa proposta do PP, pero que non ten importancia, tampouco quere sacar partido diso, prevese que os propietarios paguen todos os gastos que vai haber pola modificación puntual do plan, ese é o convenio. Se o concello fai esta proposición, van a xestionala e levala adiante, pero cando estea aprobada os propietarios teñen que pagarlle o resarcimento ao concello. Se o fan sen este convenio, non lle poden pedir aos propietarios que lle paguen ao concello. Esa é unha parte do convenio.

O que tamén están pedindo é que o transformador da N-VI se leve ao outro lado da N-VI e se quite de alí, porque é un transformador que realmente está nunha posición que é difícil. Vale unha pasta, porque hai que meter un tubo por abaixo, hai que meter un topo e hai que levalo ao outro lado. Ninguén o vai facer, Fenosa xa dixo que nin de broma, pero teñen a posibilidade de que os propietarios asinen que si o fan.

Conclúe dicindo que eses son os compromisos que adquiren co convenio. Eses son os compromisos, non as outras cousas. Esas outras cousas desenvolveranse despois, porque así o marca a lei.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez manifesta que, tentando ser breve e dende a máxima cordialidade, pasa moitas veces, e seguro que dende o Bloque o teñen feito varias veces, e di isto en primeira persoa, é un matiz que el quere introducir neste momento, que ás veces se reparten un pouco dadivosamente responsabilidades alícuotas entre o conxunto de membros da Corporación, e dise iso de que, por exemplo, é responsabilidade de todos o do Plan xeral. Pois ben, do Bloque non, porque o Bloque xa hai catro anos dixo que había que rescindir o contrato con esa unión fracasada temporal de empresas, e dixo que era todo un auténtico camelo. Din isto con moita modestia, pero en certa maneira que conste en acta.

Dende o Bloque gústalles tamén que se dean os debates na Corporación, sexa no pleno, sexa en comisións, sexa en xunta de voceiros, e eles o que ven, e o di así a título de inventario, para o día de mañá cando se volvan reunir noutro órgano colexiado, é que no fondo, máis aló da cuestión da información como se acaba de dicir aquí, hai tamén unha diverxencia de opinións, que é lexítima, que é lícita, e da que eles en certa maneira participan sen tomar partido a día de hoxe de maneira decidida por ningunha das dúas visións. Trátase dunha diverxencia sobre como afrontar o tema das modificacións puntuais urbanísticas en Cambre, si van ou non parellas á tramitación do Plan xeral. Porque hai quen di que o que teñen que facer é forzar o tema do Plan xeral canto antes e deixar as modificacións a un lado, e hai quen está dicindo, neste caso dende o Goberno, que deben compaxinalo, porque facelo ten unha serie de elementos positivos para o Concello de Cambre.

Quere trasladar unicamente ao Pleno e ao conxunto da opinión pública, que o Bloque é, folga dicilo, un grupo de dous de vinte e un, que están na oposición, e que entenden que lles toca tamén, non por responsabilidade nin



por valentía, senón porque é o seu posicionamento e o cren así, darlle para adiante a determinados temas, moitas veces sen toda a información, pero entendendo que poden ser positivos para o conxunto de Cambre.

El quere lembrar aquí un caso que infelizmente non saíu para adiante, que foi un tema que tiveron el cre que xa hai case catro anos, foi no mandato anterior, e que foi un proxecto empresarial de Cabinas Lago no que podíase ter dito, pois mira, ben, para adiante. É dicir, se teñen uns elementos mínimos, que non olen mal, que non cheiran, nos que non ven que haxa un interese especulativo ou calquera chafallada detrás, pois entón para adiante, todas as facilidades, porque tamén teñen que ser conscientes da situación.

É dicir, ese uso, loxicamente terciario, porque non van poñer alí unha industria, nin vai haber alí un uso primario, quere pensar, se pode estar, seguro que estará, pero se non se fai teñen a fronteira oleirense para instalarse diante dos nosos fociños, tamén con multitude de facilidades, e despois se verá como os veciños de Cambre van facer uso desas instalacións comerciais, que empregan a xente a través do servizo de colocación municipal de Oleiros.

Conclúe dicindo que, polo tanto, entenden que é positivo darlle a garantía, en certa maneira a carta de boa vontade a este tema, darlle para adiante aos promotores, ás persoas que levan adiante o convenio e esa modificación urbanística, por iso o seu voto é favorable.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os cinco concelleiros de UxC, os tres concelleiros presentes do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros do BNG e a concelleira do GM (C's). Votan en contra os dous concelleiros de ACdC-SON. Abstéñense os cinco concelleiros presentes do PP e o concelleiro non adscrito.

O Pleno municipal, por once votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

### **1.7. Aprobación inicial, se procede, da modificación da Ordenanza reguladora do servizo de axuda no fogar**

Vista a proposta do concelleiro delegado da Área de Recursos Humanos e Servizos Sociais do día 10 de maio de 2016 que consta do seguinte teor literal:

“Visto o informe-proposta da coordinadora de servizos sociais de data 03 de maio de 2016 sobre a xustificación da necesidade de modificación da Ordenanza reguladora da prestación do servizo de axuda no fogar, no que propón realizar os seguintes cambios:

1. No artigo 12.2, relativo á modalidade de acceso ao servizo polo Réxime de libre concorrencia, incluír dentro da documentación que debe acompañar á solicitude, a seguinte documentación:
  - Certificación catastral de todos os bens inmoables da unidade familiar ou autorización para a cesión da información relativa ao catastro da persoa usuaria e do resto dos membros da unidade de convivencia (Anexo IX).
2. Modificar o Anexo III Acordo de servizo, que quedará integrado polos seguintes documentos:
  - Anexo III A) Acordo de Servizo para usuarios de dependencia
  - Anexo III B) Acordo de Servizo para usuarios de libre concorrencia
3. Engadir un novo Anexo IX para a cesión de información relativa a Catastro da persoa usuaria e do resto dos membros da unidade de convivencia, dentro da modalidade de libre concorrencia.

Á vista do anterior, formulo ao Pleno municipal a seguinte proposta de acordos a adoptar:

**Primeiro:** Aprobar, con carácter inicial, a modificación da Ordenanza reguladora da prestación do servizo de axuda no fogar no artigo 12 punto 2 e Anexo III, así como incorporar un anexo, denominado Anexo IX "Modelo de autorización catastral", tal e como se transcribe a continuación:

**"Art. 12 Modalidades de acceso ao servizo, organización e procedemento**

O acceso ao servizo de axuda no fogar municipal producirase de acordo co seguinte: (...)

2. Réxime de libre concorrencia: (...)

A documentación que acompaña á solicitude é:

- Fotocopia del DNI ou NIE da persoa beneficiaria do servizo e das persoas que convivan no mesmo domicilio, de ser o caso
- Fotocopia da tarxeta sanitaria da persoa solicitante
- Xustificante de convivencia do padrón municipal
- Modelo de solicitude (Anexo V)
- Modelo de autorización bancaria (Anexo VI)
- Informes médicos recentes sobre o estado de saúde da persoa beneficiaria
- Certificado de minusvalía e/ou certificado do grao e nivel de dependencia, de ser o caso
- Copia da última declaración da renda ou autorización para acceder aos datos tributarios da persoa usuaria e do resto dos membros da unidade de convivencia, segundo Anexo VII
- Recibo da contribución do ano en curso
- Certificado de xuros capitais
- Certificación do número de conta
- Certificado da pensión mensual do organismo correspondente ou certificación bancaria da persoa usuaria e do resto dos membros da unidade de convivencia
- Copia da declaración do imposto sobre o patrimonio da persoa usuaria e do resto dos membros da unidade de convivencia. No caso de non percibir ingresos: certificado de alta no INEM, certificado conforme non cobra prestación do INEM e da Seguridade Social
- Certificación catastral de todos os bens inmoables da unidade familiar ou autorización para a cesión da información relativa ao catastro da persoa usuaria e do resto dos membros da unidade de convivencia (Anexo IX).

(...)"

**ANEXO III – ACORDO DE SERVIZO**

**Anexo III. A) CONTRATO DE ACEPTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR MUNICIPAL LIBRE CONCORRENCIA**

Reunidos en Cambre (A Coruña), dunha parte D. \_\_\_\_\_  
DNI número \_\_\_\_\_ Domiciliado en \_\_\_\_\_

E doutra \_\_\_\_\_, en calidade de Traballador Social do Concello de Cambre, Técnico responsable do servizo de axuda no fogar

**ACORDAN:**

1.- Que o Concello de Cambre prestará o Servizo de Axuda no Fogar (SAF), á persoa arriba citada, dende o día \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_. A prestación do servizo realizarase por un prazo de \_\_\_\_\_ con posibilidade de prórroga segundo valoración técnica do Departamento de Servizos Sociais.

2.-. Que a persoa usuaria ten recoñecido por Resolución da concellería competente, unha intensidade de \_\_\_\_\_ horas mensuais. Que as citadas horas distribuiranse semanalmente nos seguintes días:-----  
-----

3.- Que atendendo ao Decreto 99/2012, á Orde do 22 de xaneiro de 2009 que regula o Servizo de Axuda no Fogar, a Ordenanza Fiscal municipal que regula as taxas do SAF, e a aplicación do baremo que corresponde, a unidade de convivencia conta cunha capacidade económica de \_\_\_\_\_ euros, polo que lle corresponde unha porcentaxe de \_\_\_\_\_ % sobre o custo do servizo. En base ao anterior e tendo en conta a intensidade do servizo, comprométese a achegar a cantidade de \_\_\_\_\_ euros mensuais polo total de horas prestadas.

4.- Que a persoa usuaria acepta domiciliar o aboamento da taxa do SAF establecido no punto tres, na entidade bancaria da súa elección, no número de conta autorizada para tal efecto.

5.- Que, de acordo co proxecto de intervención establecido para o caso, as actividades que se fixan inicialmente para o desenvolvemento do SAF son as seguintes:

- Atencións de carácter persoal
- Atencións de carácter persoal doutras actividades da vida diaria (acompañamentos fora do fogar)
- Atencións de carácter de apoio psicosocial e educativo
- Atencións de carácter técnico e complementario
- Atencións de carácter doméstico e da vivenda

6.- Que as modificacións que puidese haber nas condicións inicialmente estipuladas neste acordo, deberán ser recollidas nun documento novo asinado pola persoa usuaria e a persoa responsable do SAF, sendo anexadas ao acordo orixinal.

7.- Que o servizo se prestará atendendo ás condicións reguladas na Orde do 22 de xaneiro de 2009 que regula o Servizo de Axuda no Fogar e na Ordenanza Municipal sobre o SAF, onde están recollidos os dereitos e obrigas da persoa usuaria, as suspensións ou extincións do servizo.

8.- Que existe un libro de reclamacións a disposición das persoas usuarias nas dependencias do Concello.

9.- Que co presente acordo do servizo se lle entrega á persoa usuaria unha copia da ordenanza reguladora do servizo de axuda no fogar debidamente visada.

Ámbalas dúas partes dan a súa conformidade ao presente acordo de prestación do SAF, e asínano.

Cambre, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

A persoa usuaria

Representante da entidade ou  
Traballador/a social

### ANEXO III – ACORDO DE SERVIZO

#### Anexo III. B) CONTRATO DE ACEPTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR MUNICIPAL USUARIOS DE DEPENDENCIA

Reunidos en Cambre (A Coruña), dunha parte D. \_\_\_\_\_  
DNI número \_\_\_\_\_ Domiciliado en \_\_\_\_\_

E doutra \_\_\_\_\_, en calidade de Traballador Social do Concello de Cambre, Técnico responsable do servizo de axuda no fogar

#### ACORDAN:

1.- Que o Concello de Cambre prestará o Servizo de Axuda no Fogar (SAF), á persoa arriba citada, dende o día \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_, e con carácter indefinido.

2.- Que a persoa usuaria ten recoñecido por Resolución do Programa Individual de Atención, unha intensidade de \_\_\_\_\_ horas mensuais.

3.- Que o SAF se levará a cabo por un total de \_\_\_\_\_ horas efectivas mensuais, distribuídas semanalmente nos seguintes días:  
\_\_\_\_\_

4.- Que atendendo ao Decreto 99/2012, modificado polo Decreto 149/2013, á Orde do 22 de xaneiro de 2009 que regula o Servizo de Axuda no Fogar, á Ordenanza Fiscal municipal que regula as taxas do servizo e, a capacidade económica de .....€, da persoa usuaria, correspóndelle aboar a cantidade de ..... € por cada hora de servizo prestada.

5.- Que a persoa usuaria acepta domiciliar o aboamento da taxa do SAF establecido no punto 4, na entidade bancaria da súa elección, no número de conta autorizada para tal efecto.

6.- Que, de acordo co proxecto de intervención establecido para o caso, as actividades que se fixan inicialmente para o desenvolvemento do SAF son as seguintes:

- Atencións de carácter persoal na realización das actividades básicas da vida diaria no propio domicilio.

- Atencións das necesidades de carácter doméstico e da vivenda que incidan e axudan na mellora do contorno das persoas usuarias e da súa familia.
- Acompañamento persoal na realización doutras actividades necesarias da vida diaria ( trámites de carácter administrativo, xudicial, consultas médicas..etc)

7.- Que as modificacións que puidese haber nas condicións inicialmente estipuladas neste acordo,deberán ser recollidas nun documento novo asinado pola persoa usuaria e a persoa responsable do SAF, sendo anexadas ao acordo orixinal.

8.- Que o servizo se prestará atendendo ás condicións reguladas na Orde do 22 de xaneiro de 2009 que regula o Servizo de Axuda no Fogar e na Ordenanza Municipal sobre o SAF, onde están recollidos os dereitos e obrigas da persoa usuaria, suspensións temporais e causas de extinción.

9.- Que se informa á persoa usuaria do dereito que lle asiste a recibir o servizo todos os días da semana, incluíndo domingos e días declarados festivos.

10.- Que existe un libro de reclamacións a disposición das persoas usuarias nas dependencias do Concello.

11.- Que co presente acordo do servizo se lle entrega á persoa usuaria unha copia da ordenanza reguladora do servizo de axuda no fogar debidamente visada.

Ámbalas dúas partes dan a súa conformidade ao presente acordo de prestación do SAF, e asínano.

Cambre, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

A persoa usuaria

Representante entidade ou traballador social  
Traballador/a social

#### ANEXO IX MODELO DE AUTORIZACIÓN CATASTRAL

Anexo para a cesión de información relativa a catastro aos efectos de solicitude e renovación anual do servizo de axuda no fogar municipal, a cubrir por todos os membros da unidade de convivencia maiores de 18 anos:

Nome e Apellidos	Enderezo	DNI	Sinatura

Autorizamos ao Concello de Cambre para solicitar a cesión de información por medios informáticos ou telemáticos, sobre as propiedades que posuímos a efectos de solicitude do servizo de axuda no fogar municipal.

Cambre, de de 20



**Segundo:** Abrir un período de información e audiencia aos interesados por prazo de trinta días mediante anuncios publicados no *Boletín Oficial da Provincia* e taboleiro de anuncios do Concello, co fin de que poidan presentarse reclamacións e suxestións que estimen oportunas.

**Terceiro:** No caso de que non se presenten reclamacións e suxestións, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional, e, polo tanto, definitivamente aprobada a modificación da ordenanza de referencia, publicándose no *Boletín Oficial da Provincia*.

**Cuarto:** A modificación da ordenanza entrará en vigor unha vez teña transcorrido o prazo de quince días establecido no artigo 70.2, en relación co artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local."

Foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Servizos, Xuventude, Cultura, Deportes, Recursos Humanos e Benestar Social de data 18 de maio de 2016, por sete votos a prol, correspondentes aos dous concelleiros do PP, aos dous concelleiros de UxC, aos dous concelleiros do PSdeG-PSOE e á concelleira de C's, integrante do GM; co voto en contra do concelleiro do BNG; e coa abstención do concelleiro de ACdC-SON e do concelleiro non adscrito.

Concedida a palabra a don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, voceiro do PSdeG-PSOE, explica que visto o informe que lles presentan dende Servizos Sociais sobre a xustificación da necesidade de modificación da Ordenanza reguladora de prestación do servizo de axuda no fogar, propoñense una serie de cambios. No artigo 12.2, relativo á modalidade de acceso ao servizo polo réxime de libre concorrencia, incluír dentro da documentación que debe acompañar á solicitude a certificación catastral de todos os bens inmoables da unidade familiar ou autorización para a cesión da información relativa ao catastro da persoa usuaria e do resto dos membros da unidade de convivencia.

Tamén se modifica o Anexo III Acordo de servizo, que queda integrado polo Anexo III A) Acordo de servizo para usuarios de dependencia, e Anexo III B) Acordo de servizo para usuarios de libre concorrencia.

Finalmente propónse engadir un novo Anexo IX para a cesión de información relativa a Catastro da persoa usuaria e do resto dos membros da unidade de convivencia, dentro da modalidade de libre concorrencia.

Conclúe dicindo que isto foi realizado seguindo as instrucións da última inspección da Consellería de Política Social.

Concedida a palabra a dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel, concelleira do PP, manifesta que o seu grupo vai manter o voto de apoio a este cambio.

Concedida a palabra a dona M<sup>a</sup> Olga Santos López, voceira de ACdC-SON, manifesta que entenden que pode chegar a considerarse un engorro presentar as referencias catastrais de todos os membros da unidade familiar, pero tamén entenden que é necesario, porque ademais o poder adquisitivo dunha familia non só se pode estudar dende o punto de vista económico, senón tamén inmobiliario.

Di que é importante ter en conta que o servizo de axuda no fogar en Cambre é complementario dun servizo non permanente, e a traballadora social é a que fixa o horario e temporalidade. Non é un servizo que definitivamente poida dar alivio a unha familia, pero polo menos as avaliacións que se deben realizar terán que ser absolutamente xustas e obxectivas.

Por este motivo, e aínda que a entrega de documentación se complica, entenden que é xusto que se soliciten as referencias dos inmoables dos que dispón a familia, para evitar concesións que non se adecúen ao principio de valoración económica e patrimonial da situación de cada familia. Conclúe dicindo que nese sentido o seu voto vai ser favorable.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, voceiro do BNG, manifesta que van votar en contra. A eles parécelles isto unha auténtica tomadura de pelo, entenden que o que se está facendo é dificultar o acceso das familias a determinados programas sociais, utilizando un argumento total e absolutamente perverso, como é, en aparencia, unha maior equidade e xustiza social.

Di isto porque eles subscriben o que acaba de dicir a compañeira Olga, total e absolutamente, pero entenden que neste caso a normativa ten determinadas aristas que o que fan é incidir na dificultade, para provocar o desestimento á hora de presentar determinadas solicitudes ou realizar determinados trámites. Eles pensan nos veciños, en parte dos veciños, en xente moitas veces de idade avanzada que poden ter dificultades para cumprimentar este tipo de cuestións. Di que lles vai poñer un exemplo, sen ir máis lonxe o da súa casa. Na súa casa vive a súa avoa, que é unha señora que ten 86 anos. Na mesma casa vive o seu xenro, loxicamente non están casados, son xenro e sogra, comparten unidade familiar. Dilles que imaxinen por caso, que non é a situación, porque o seu pai é un bendito, que fora un xenro que quere mal á súa sogra, e que realmente ten pouco menos que ganas de que a palme e de quitarse do medio. E ese xenro ten unha serie de patrimonio, e ten propiedades, e ten unha serie de valores catastrais que deberán figurar nesa declaración, pero dos que loxicamente a súa avoa non pode facer uso para valerse. Pois ben, a ollos da administración pública, si. A ollos da administración pública os bens neste caso do seu pai computarían para unha solicitude da súa avoa.

Reitera que é un completo e absoluto despropósito, e que se lles intente facer pasar isto como unha medida pouco menos que progresista é total e absolutamente impresentable. Saben que este tema vén da Xunta, saben quen está na Xunta, e saben que en certa maneira hai que cumprir e que a proposta vai saír deste pleno aprobada, pero di que cheira. Determinadas cuestións tamén hai que dicilas, porque de que vale a declaración patrimonial, de que valen os bens catastrais de determinada xente, que é a xente de abaixo, cando os de arriba teñen todo en Panamá, en Suiza e nas quimbambas. Polo tanto, como xa dixo, isto a verdade é que cheira un pouco.

Concedida a palabra a dona M<sup>a</sup> José García Hidalgo, voceira do GM (C's), manifesta que o seu voto vai ser a prol.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os cinco concelleiros presentes do PP, os cinco concelleiros de UxC, os tres concelleiros presentes do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros de ACdC-SON e a concelleira do GM (C's). Votan en contra os dous concelleiros do BNG. Abstense o concelleiro non adscrito.

O Pleno municipal, por dezaseis votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

### **1.8. Modificación da Relación de Postos de Traballo e do Cadro de Persoal en execución das sentenzas do Xulgado Contencioso-Administrativo nº 2 da Coruña, do 31 de marzo de 2015, e do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, do 28 de outubro de 2015**

Vista a proposta do concelleiro delegado da Área de Recursos Humanos e Servizos Sociais do día 13 de maio de 2016 que consta do seguinte teor literal:

“Vista a sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 da Coruña de 31 de marzo de 2015, sentenza nº 50/15, pola que se estima o Recurso Contencioso-Administrativo interposto polo sindicato U.G.T. contra o acordo do Pleno do Concello de Cambre adoptado o 19 de maio de 2014 polo que se aprobaba a Relación de Postos de Traballo (R.P.T.) revogando o mesmo “nos extremos referidos ás prazas de axente de Protección Civil, operario de Servizos e posto de xefe de negociado (sección SAC)”.

Vista a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia do 28 de outubro de 2015, sentenza nº 588/2015, pola que se desestima o Recurso de Apelación interposto polo Pleno do Concello de Cambre contra a sentenza antes citada do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 confirmando a mesma.

Visto o Informe - Proposta emitido para a execución de tales sentenzas polo xefe da Área de Urbanismo e Réxime Interior de data 19 de abril de 2016.

Considerando que de conformidade co artigo 22-2, i) da Lei 7/1985, reguladora das Bases de Réxime Local, o órgano competente para a aprobación da Relación de Postos de Traballo e do Cadro de Persoal é o Pleno da Corporación, e polo tanto para a execución das sentenzas referidas.

Formulo ao Pleno da Corporación de Cambre a seguinte

#### PROPOSTA DE ACORDOS

**Primeiro:** Modificar a Relación de Postos de Traballo (R.P.T) en vigor en execución das sentenzas do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 da Coruña do 31 de marzo de 2015, Sentenza nº 50/2015, e do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, sala do Contencioso – Administrativo, do 28 de outubro de 2015, Sentenza nº 588/2015, tal e como a continuación se indica:

1º) Suprimir un posto de axente de Protección Civil, o que implica a supresión da ficha da R.P.T. de “axente de Protección Civil 2ª actividade” para así manter os catro postos de axente de Protección Civil recollidos na ficha da R.P.T. coa denominación “axente de Protección Civil” xa existentes na R.P.T. do ano 2013.

2º) Suprimir un posto de “operario de servizos”, o que implica modificar a ficha da R.P.T. do posto de funcionario de “operario de servizos múltiples” para reducir o número de postos de traballo homoxéneos de 3 a 2.

3º) Suprimir o posto de traballo de “xefe de negociado (atención S.A.C)” o que implica a supresión da ficha da R.P.T. do posto denominado “xefe negociado (atención SAC)”

**Segundo:** Aprobar a ficha da Relación de Postos de Traballo correspondente ao posto funcionario de “operario servizos múltiples” tal e como a continuación se transcribe:

---

DENOMINACIÓN DO POSTO: OPERARIO SERVICIOS MÚLTIPLES

---

---

DESCRIPCIÓN IDENTIFICATIVA: Conduce o equipo móbil da brigada municipal e realiza traballos manuais de baixa cualificación.

---

---

NÚMERO DE POSTOS DE TRABALLO HOMOXÉNEOS: 2

Código: AL151700048 – Tipo de posto: N

---

#### REQUISITOS DE DESEMPEÑO DO POSTO:

PRAZAS DO CADRO DE PERSOAL QUE PODEN OCUPALO:

FUNCIONARIOS :  
SUBGRUPO : Outras agrupacións profesionais  
ESCALA : Administración Especial  
SUBESCALA : Servizos Especiais  
CLASE : Persoal de oficios

FORMACIÓN ESPECÍFICA:

Certificado de escolaridade ou equivalente e carné de conducir, mínimo C-1

REQUIRIMENTOS ESPECÍFICOS DO POSTO:

---

FORMA DE PROVISIÓN: Concurso. A3 – Administración do Estado, CCAA e Local

---

### RETRIBUCIÓN AO POSTO DE TRABALLO (RPT)

COMPLEMENTO DE DESTINO (nivel 12): 3.252,12 euros (271,01 MES)

COMPLEMENTO ESPECÍFICO: 3.488,13 euros (249.15 MES)

**Terceiro:** Modificar o Cadro de Persoal funcionario no que ao número das prazas que a continuación se relacionan se refire da seguinte maneira:

Denominación da praza	Prazas
- Axente de Protección Civil	4 (antes 5)
- Operario de Servizos	2 (antes 3)

**Cuarto:** Remitir copia deste Acordo modificativo da Relación de Postos de Traballo e do Cadro de Persoal tanto á Administración Xeral do Estado como á da Comunidade Autónoma de Galicia dentro do prazo de 30 días desde a súa adopción, sen prexuízo da publicación íntegra de ambos documentos no *Boletín Oficial da Provincia*, de conformidade cos artigos 127 do Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado polo Real decreto lexislativo 781/1986, e 202-3 da Lei 2/2015, do emprego público de Galicia."

Foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Servizos, Xuventude, Cultura, Deportes, Recursos Humanos e Benestar Social de data 18 de maio de 2016, por catro votos a prol, correspondentes aos dous concelleiros de UxC e aos dous concelleiros do PSdeG-PSOE; e coa abstención dos dous concelleiros do PP, do concelleiro de ACdC-SON, do concelleiro do BNG, da concelleira de C's, integrante do GM, e do concelleiro non adscrito.

Concedida a palabra a don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, voceiro do PSdeG-PSOE, explica que se trata dunha sentenza do Tribunal Superior de Galicia, do 28 de outubro de 2015, sobre a relación de postos de traballo de Cambre. O pleno de Cambre do día 19 de maio de 2014 aprobou a RPT coas seguintes modificacións: amortizaba dúas prazas, unha de oficial de policía local, e outra de asistente domiciliaria, así mesmo creaba unha praza de protección civil de segunda actividade, unha praza de operario de servizos, e creaba tamén unha xefatura de servizo de atención ao cidadán. Todo isto fíxose a instancia do concelleiro de Réxime Interior e co informe desfavorable da Intervención e do xefe da Área de Réxime Interior e Urbanismo. Foi publicado no *Boletín Oficial da Provincia* núm. 112, do 13 de xuño de 2014.

Contra este acordo plenario presentouse un recurso de reposición polo sindicato UXT, por entender que non se axustaba á legalidade, recurso que non foi resolto polo Pleno, órgano competente, e ante o silencio administrativo e con iso ante a desestimación tácita do recurso de reposición, UXT presentou recurso contencioso-administrativo contra a dita desestimación, solicitando a revogación do acordo plenario.

Con data 31 de marzo do 2015 ditouse a sentenza do xulgado contencioso-administrativo núm. 2 da Coruña, pola que estima o recurso interposto, e revoga o acordo do pleno municipal de Cambre no referente ás prazas de protección civil, operario de servizos e xefe do S.A.C.

O Pleno do 30 de abril de 2015 aproba ratificar a Resolución da Alcaldía do 17 do mesmo mes, pola que se interpoñía recurso de apelación contra a indicada sentenza do xulgado contencioso-administrativo.

Con data 28 de outubro de 2015 dítase sentenza polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no que desestima o recurso de apelación do Concello de Cambre contra a sentenza do xulgado contencioso-administrativo. A resolución insta a suprimir o posto de axente de protección civil, o posto de operario de servizos e o posto de xefatura do S.A.C., modificando o cadro de persoal funcionario, pasando o grupo de axentes de protección civil de cinco a catro, e o operario de servizos de tres a dous.



Concedida a palabra a don Juan Abalo Castex, concelleiro do PP, manifesta que se trae a pleno efectivamente a execución dunha sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. Hai que ter en conta, en primeiro lugar, que houbo unha sentenza en primeira instancia na que se interpuxera un recurso contencioso-administrativo, que recaeu no xulgado do contencioso núm. 2, e na que se pedía precisamente a supresión, na RPT do ano 2014, da praza de axente de protección civil, operario de servizos e xefe de negociado. Os motivos que se aduciron foron precisamente que a Lei de orzamentos xerais do Estado do 2014 prohibe a incorporación de novo persoal no sector público, e respecto do posto de xefe de negociado facíase unha alegación subsidiaria, cuestionando a adscrición indistinta ás subescalas administrativa e auxiliar.

O maxistrado do xulgado do contencioso núm. 2 efectivamente ten en conta o primeiro dos motivos, é dicir, que a Lei de orzamentos xerais do Estado prohibe a incorporación de novo persoal no sector público, sentenza que foi recorrida, efectivamente en apelación, ante a sala do contencioso-administrativo, que confirma a sentenza ditada en primeira instancia.

Evidentemente estas sentenzas hai que executalas, non se pode facer doutra forma, e así o establece o informe elaborado polo técnico competente, o xefe da Área de Urbanismo e Réxime Interior, que consta no expediente, no que insta a suprimir o posto de axente de protección civil, o posto de operario de servizos, e o posto de traballo de xefe de negociado.

Di que, evidentemente, o Grupo municipal Popular non pode votar en contra dunha execución xudicial. O que si querían poñer de manifesto, e entenden que é absolutamente reprobable, é o tratamento que se ten dado neste asunto por parte do Goberno municipal. Unha vez máis, o Goberno municipal está máis preocupado por saír nos medios de comunicación e darlle publicidade ás sentenzas xudiciais, que por falar cos propios interesados.

Nas comisións informativas que tiveron lugar hai hoxe unha semana, o PP preguntou se o concelleiro pertinente se tiña posto en comunicación cos traballadores afectados, se tiña falado con eles, e se os tiña informado sobre cal era a situación na que quedaban coa execución da sentenza, e díxoselles que non, que non se tiña falado aínda. Non saben se a día de hoxe teñen falado con eles e lles teñen explicado a situación na que se atopan.

Que a sentenza en canto se reciba se publique nos medios de comunicación e que non se fale cos principais afectados, cando a primeira sentenza leva máis dun ano no concello e a segunda sentenza leva máis de sete meses no concello, é absolutamente reprobable, sobre todo tendo en conta quen é o concelleiro competente en materia de persoal e recursos humanos, e pídelles que o corrixa se erra no que vai dicir. Pregúntalle ao señor concelleiro se é funcionario público, cre que tamén é liberado sindical, co cal unha das súas funcións tamén é garantir os dereitos e intereses dos traballadores afiliados ao seu sindicato. E ademais dille que é o responsable da Área de Persoal e Recursos Humanos.

Reitera que é absolutamente reprobable, non cabe en cabeza humana que non se teña posto en contacto cos traballadores para dicirlles cal é a situación laboral na que quedan coa execución desta sentenza. Repite que a día de hoxe aínda non saben se se teñen posto en contacto con eles e se lles teñen explicado cal é a situación.

Conclúe dicindo que iso é o que eles queren reprobar. Efectivamente non poden facer outra cousa que executar a sentenza, pero o seu voto vai ser abstención, iso pola forma na que novamente se tratan estes temas por parte do equipo de goberno.

Concedida a palabra a dona M<sup>a</sup> Olga Santos López, voceira de ACdC-SON, lembra que no pleno de maio do 2014, onde se aprobaban estas modificacións do cadro de persoal que hoxe se deben de anular, e facendo xustiza ao que veñen sinalando ao longo deste pleno, e como di o seu pai sempre “neniña ten que haber patadas e pa todos”, cre que quen debería asumir as responsabilidades daquela decisión que se adoptou, e volven falar de responsabilidade, agarda que ao Sr. alcalde non lle pareza mal, é o Partido Popular en xeral e o Sr. Felipe Andreu en particular.

Di que daquela ela formaba parte do grupo municipal de EU, e aquí tamén volve facer mención ao que falaban antes, eles naquela votación abstivéronse precisamente polo mesmo, falta de información, a pouca que lles chegaba estaba incompleta, chegaba tarde, e este é un exemplo de que en ocasións, e polo dicía antes o Sr. alcalde de parecer que non se equivocan, recoñécelle que tamén se equivoca. Naquel momento UxC votou en contra, o Partido Socialista votou en contra, pero en EU, por ese voto de confianza ou esa cuestión de fe á que aludía o Sr. Leirós, abstivéronse.

Efectivamente, e di que fala por ela, por Olga Santos, porque aquel grupo o formaban dúas persoas, pero ela a día de hoxe cre que moitas veces por temor a prexudicar ás persoas en particular, votaron de xeito sopesado, pero que deberían ter votado en contra.

En relación co que dicía o compañeiro de corporación, o Sr. Abalo, dille que o que é reprobable, dende o seu punto de vista, é a actuación do PP durante catro anos respecto da reconfiguración da RPT, iso si que é tremendamente reprobable. Evidentemente a anulación dos postos, vista a documentación daquel momento, era evidente que se ía producir, tendo en conta os informes desfavorables do xefe de servizo e Intervención emitidos daquela. Era unha proposta contraria á lei, e a lei vén de pronunciarse, de xeito que eles evidentemente van votar a prol da proposta que se lles presenta hoxe.

A cuestión é que a execución desta sentenza, como da que van ver no punto seguinte, non significa, nin máis nin menos, que resulta que se atopan exactamente no mesmo punto que no ano 2011. O cadro de persoal do Concello de Cambre necesita dunha reorganización do seu persoal, levan falando disto moito tempo. Dende o propio Partido Socialista, e quere lembrar a figura da Sra. Margarita Iglesias Pais, á que lle gustaría recoñecerlle o seu sentido crítico neste tema, fíxose unha defensa enraizada da necesidade de aprobar unha nova RPT, dende UxC no mesmo sentido, e moitos deles tamén o fixeron. Non saben que avances hai sobre esa negociación, pero evidentemente van respectar estas sentenzas, como non pode ser doutra forma, e o seu voto vai ser a prol.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, voceiro do BNG, manifesta que dende o seu grupo, postos a facer exercicio de memoria histórica no pleno, el cre lembrar que eles votaron favorablemente á proposta que trouxo o PP, aínda que a compañeira Olga non o dixo, non sabe se por camadería ou por un lapsus. En calquera caso di que eles non teñen en absoluto ningún problema en dicir que votaron a prol, están total e absolutamente orgullosos do voto que emitiron no seu día. Non poderán dicir que sabendo que era ilegal ou que era contrario a principios, talvez si intuíndoo, pero entendendo sobre todo que o voto que emitiron naquel día de hai dous anos xa, transcendía o meramente técnico e legal, era un voto político. Era un voto onde determinado grupo político, neste caso o Bloque, daba un paso adiante, amosaba unha predisposición a tratar determinados temas, e a chegar a determinados acordos naquel momento con outros grupos políticos, para tratar cousas que pasan en Cambre.

E dende a fina ironía pide que lle permitan rematar dicindo que información, o que se di información tiñan de sobra para saber que era o que realmente estaban votando nese momento.

Concedida a palabra a dona M<sup>a</sup> José García Hidalgo, voceira do GM (C's), manifesta que a Ciudadanos, grupo municipal que representa, sorpréndenlle varias cousas por parte do PP, e intentará tratalo coa maior delicadeza posible. Non saben con que intención, pero pódese deducir que había intereses ocultos nesa RPT. Se ben é certo que foi ratificado polo Pleno municipal en primeira instancia, co apoio do BNG, o aprobaron en contra dos criterios do sindicato maioritario, e apóianse novamente en criterios de CCOO ou da CIGA.

O Goberno central do PP, que é o de todos naquel momento, tomou unhas medidas restritivas para o control do gasto público, e como a súa señoría recolle no auto e a súa sentenza, pecha o paso a prazas de nova contratación, e subliña a súa señoría, sen distingos nin arabescos interpretativos que se apoian en conxecturas sobre a súa reserva de provisión para funcionarios prexistentes para cubrirse por libre disposición.

Continúa dicindo que non contentos con esa sentenza, a recorren. O BNG cre que se apea dese cabalo e é UxC o que coa súa abstención lle dá o seu apoio. A eles fáiselles moi estraño que un partido como o PP presentara un recurso contra esa sentenza e que novamente outro tribunal teña que denegar e ordenar a cancelación da RPT proposta por eles.

Non queren pensar mal, pero coa súa actuación obríganlles a facelo. Pregúntase se podía haber certos intereses en que algúns cargos se mantiveran e outros se melloraran. E di que iso os conduce a outras reflexións máis. Está o persoal S.A.C. de xefe de negociado ao que agora hai que volver a rebaixar a súa categoría laboral, e consecuentemente o seu salario, ademais das melloras a nivel de cotización á Seguridade Social, e pregunta que consecuencias tería para este concello se esa persoa, con todo o dereito do mundo, se querela contra o concello por danos e perdas.

Tamén resulta un tanto curioso, raro, estraño, non sabe como chamalo, que para esta praza teñan concurrido soamente tres ou catro persoas, de case 200 traballadores do concello. Pregunta por que había tanto interese e urxencia en aprobar esa RPT, sen acordos sindicais nin plenarios maioritarios. Pregunta que é o que estaba tan mal para non contar con máis apoios.

E para finalizar, e non menos importante, pregunta quen vai pagar as costas destas dúas sentenzas contrarias á proposta do anterior Goberno, ditadas por tribunais diferentes. Outra vez a cidadanía, a través da caixa do concello, ou pregunta se deberían pagar as costas e demais gastos os promotores que apoiaron esa RPT.

Tampouco quere entrar nas cuestións dos incrementos de salario que uns poucos desfrutaron. Pregunta agora que pasará, se van ter que devolver a diferenza do cobrado.

Conclúe dicindo que lles resulta moi estraño todo isto, pero esa é outra cuestión. Van votar a prol da proposta.

Concedida a palabra a don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez dille ao concelleiro popular que lamenta a súa desinformación, porque si falon cos traballadores. E se con algún deles non se puido falar, foi porque estaba de vacacións e demorou a visita. Pero confírmalle que a día de hoxe tense falado con todos os traballadores, e a día de onte tamén, e antonte tamén.

Concedida a palabra a don Juan Abalo Castex manifesta que el o que lle dixo foi o que pasou. Hai unha semana en comisións informativas eles lle preguntaron se tiña falado, e a ese día non o tiña feito. Dálle o mesmo que se demorara unha semana, pero a primeira sentenza estaba aquí hai un ano, e a segunda sentenza, a do Tribunal Superior de Xustiza, estaba dende hai sete meses, é dicir, houbo tempo suficiente para que alguén do Goberno, e en concreto o Sr. Rodríguez Vázquez, que volve dicir tamén é funcionario público, fixera algo. Pregúntalle que tería pensado el se estivera nesa situación como funcionario público, e dille que el non quere para os demais o que tampouco quere para el. Cre que ese é un principio básico, de sentido común, que moitas veces ven que neste equipo de goberno tampouco existe.

Respecto das alusións que lles fixo a compañeira de Ciudadanos, pídelle que lle permita que lle diga que a súa reflexión é froito dun descoñecemento absoluto do que é o mundo xurídico, díllle con total humildade. Un xulgado, un xuíz, un maxistrado pode ter unha opinión, e unha sala pode ter unha opinión totalmente distinta, para iso existen os recursos, para iso existe a primeira instancia e a segunda instancia. Incluso dentro dunha mesma sala pode haber maxistrados que opinen distinto, e para iso están tamén os votos particulares. Incluso dentro dunha mesma sala, distintas seccións poden pensar de forma distinta.

Di que aquí houbo un problema de interpretación, que no mundo xurídico é moi normal, para iso existen as vías xudiciais. Por parte do concelleiro do PP no seu momento se pensou dunha forma, e se modificou a RPT creando tres prazas, amortizando unha serie de postos, e logo os xulgados consideraron que non era aplicable esa interpretación, porque a Lei de orzamentos xerais do Estado o impedía. Pero se non se recorre non hai

posibilidade de manifestar se é conforme ou non é conforme a dereito, para iso existe a vía xudicial e para iso existen os recursos.

Respecto da situación dos traballadores, iso é precisamente o que eles están preguntando, cal é a situación na que van quedar e cal é a explicación que se lles deu hai dous ou tres días. Non saben cal é esa explicación que lles deron. Efectivamente eses traballadores están no seu dereito, non a querelarse, entende el, senón a solicitar un procedemento contencioso-administrativo ou de responsabilidade patrimonial da Administración, porque ten sido unha situación que no foi buscada por eles. Están no seu perfecto dereito, e farán o que consideren pertinente, como non pode ser doutro modo.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez maniféstalle moi directamente á concelleira de Ciudadanos, por alusións, en función do que dixo, dúas cuestións previas. Unha, respecto dos coñecementos xurídicos e tal, tamén el é total e absolutamente analfabeto na materia, nese sentido pola súa parte total e absolutamente escusada, pero tamén lle di, con toda confianza, que cre que foi na súa intervención un pouco, con todas as comiñas do mundo, un pouco atrevida.

E logo unha cuestión tamén de matiz. En certa maneira el entende que non poden hoxe, bo sería, pero non poden vulgar a lexislatura pasada. Pero en tal caso si lle di, porque o Bloque non ten absolutamente nada que ocultar, que as decisións que toma o Bloque, son do Bloque, e ela mencionou un sindicato maioritario que é UXT, que non pasa nada por mencionalo, tamén mencionou outros dous, os minoritarios, que son a CIGA e CCOO, e el quere trasladarlle, con total e absoluta claridade, para que figure na acta desta reunión, que as posturas do Bloque son políticas e son do Bloque, non se sustentan no posicionamento de ningún sindicato, non están en estratexia con absolutamente ningún sindicato, nin o están agora, nin o estiveron antes.

Reitera que a súa postura é total e absolutamente autónoma, teñen un trato que é cordial, pero total e absolutamente superficial coa xente das diversas seccións sindicais que operan no concello, e nese sentido votaron naquel momento algo que crían positivo, sabendo, efectivamente, que había posicionamentos e informes en contra, por suposto que si. Pero eles consideraban que postos nunha balanza por un lado a compoñente por así dicilo xurídica, legal ou administrativa, os informes e todo ese tipo de cuestións, e no outro lado unha compoñente que é netamente política, e que naquel momento ao seu modo de ver excedía netamente á cuestión meramente técnica, decidiron, non sabe se valente, pero si conscientemente, decidiron votar, pero crendo como BNG que era algo nese momento positivo para o concello, e redundando niso para a cidadanía.

O porqué o consideraban así é porque eles entendían que nesta casa, e visto dende fóra, porque eles son moi pouco de ir a festas e cousas desas que hai moitas veces con funcionarios, xa que consideran que eles teñen o seu ámbito e deben preservalo de xeito total e absolutamente independente, pois entendían que ás veces nesta casa había funcionarios que mandaban máis que os políticos, e isto pareceulles naquel momento unha boa pedra de toque para dicir que determinadas cousas teñen que cambiar. Intentárono no 2014 desa maneira, e intentaranoutra vez no 2016 da maneira que toque, coincidirán cun sindicato, deixarán de coincidir, haberá informes a prol, haberá informes en contra, pero o Bloque decidirá a súa postura no concello a prol do que entendan bo para o Concello de Cambre e bo para os veciños.

De verdade que eles non teñen a día de hoxe ningún tipo de convivencia, nin con cúpulas sindicais, nin con funcionarios, nin absolutamente con ninguén, nin tampouco co Partido Popular, que sería lexítimo que a tiveran, pero que dende logo non a teñen, e pódelle dicir incluso que non hai moita comunión ideolóxica, organizativa, partidaria con boa parte deses representantes sindicais.

Concedida a palabra a dona M<sup>a</sup> José García Hidalgo manifesta que respecto do que dixo o Sr. Abalo, encántalle aprender dos profesionais, efectivamente ela non é nin avogada, nin xuíz, nin moitísimo menos, pero tamén a soberbia é mala conselleira, aquí están todos para dar a súa opinión.



Ela entende que este é un tema no que ao mellor o PP quere pasar no bico dos pés por el, pero os informes son os informes, e como o Sr. Carballada dixo, aquí actuouse en contra dos informes de Intervención e dos servizos xurídicos. Aquí hai dúas persoas que van sufrir por culpa dunha mala política de persoal, e aquí hai uns custos procesuais de máis de 1.000 euros dos que non sabe se o PP se vai facer responsable, pero dende logo o pobo de Cambre vai ter que pagalo, como sempre. E foi o PP quen levou ao Concello de Cambre a esta situación, polo que cre que un pouco de humildade neste pleno e recoñecer as culpas non viría mal.

Concedida a palabra don Manuel Rivas Caridad, voceiro do PP, dirixese á concelleira de Ciudadanos e dille que é verdade que ten descoñecemento xurídico, pero el cre que no caso que lles ocupa ela o que debería facer é falar con eses traballadores e preguntar por que se cambiou a RPT nese momento, por que se trouxo a este pleno e houbo un acordo para cambiala. Agora os xuíces non lles dan a razón, pero el cre que debería facer o esforzo de falar con eses traballadores. Aquí non hai nada escuro, en absoluto. Pídelle que vaia co funcionario que está en protección civil, que fale con el, que lle conte a súa historia e despois pode recriminar ao PP.

Toma a palabra o Sr. alcalde para pedirle ao Sr. Abalo que non trate agora de botar a culpa da situación que teñen os traballadores a este Goberno. O PP tomou esa decisión, que recoñece abertamente que foi unha decisión valente, en contra da maioría dos grupos que estaban aquí, foi unha decisión valente tomada polo concelleiro que levaba Réxime Interior e polo alcalde que estaba naquel momento, Manuel Rivas. Pero naquel entón o PP tiña que ter pensado que era o que podía ocorrer con todos os informes en contra que había, e que danos se lles podía facer a eses traballadores. Non sopesaron iso e agora din que se o señor concelleiro non falou ou falou cos traballadores. Falou cando el considerou que tiña que falar, non sabe se acertadamente ou non, pero falou con eles e punto. Foi algo que se lle escapou ao PP naquel entón, sopesar que podía pasar non futuro cos traballadores. Iso cre que non se tivo en conta.

Concedida a palabra a don Juan Abalo Castex manifesta que só un momento para dicirle á concelleira de Ciudadanos que se o coñecera sabería que soberbia non houbo en ningún momento, non foi nunca nesa dirección, se o entendeu así pide desculpas, pero cre que non ía de ningunha das maneiras, nin se lle pasou en ningún momento pola imaxinación.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os cinco concelleiros de UxC, os tres concelleiros presentes do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros de ACdC-SON, os dous concelleiros do BNG e a concelleira do GM (C's). Abstéñense os cinco concelleiros presentes do PP e o concelleiro non adscrito.

O Pleno municipal, por trece votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

### **1.9. Modificación da Relación de Postos de Traballo e do Cadro de Persoal en execución das sentenzas do Xulgado Contencioso-Administrativo nº 3 da Coruña, do 21 de abril de 2015, e do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, do 20 de xaneiro de 2016**

Vista a proposta do concelleiro delegado da Área de Recursos Humanos e Servizos Sociais do día 13 de maio de 2016 que consta do seguinte teor literal:

“Vista a sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 da Coruña de 21 de abril de 2015 pola que se estima parcialmente o recurso contencioso-administrativo interposto polo Colexio Oficial de Licenciados en Educación Física e do Deporte de Galicia contra o acordo do Pleno do Concello de Cambre adoptado o 19 de maio de 2014 polo que se aprobaba a Relación de Postos de Traballo (R.P.T.) no que aos postos de “animador deportivo” e “coordinador deportivo” refírese, por canto se considera en dita sentenza que, se ben a titulación esixida para tales postos non ten que ser a universitaria que esixía a recorrente, o posto de “coordinador deportivo” precisaría dunha titulación de formación profesional das actividades físicas e deportivas e non a xenérica que actualmente ten “sen que elo signifique que se deba esixir a titulación de Grao superior que a demanda interesa”.

Vista a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia do 20 de xaneiro de 2016, sentenza nº 01/2016, pola que se desestima o Recurso de Apelación interposto polo mesmo Colexio Oficial de Licenciados en Educación Física e en Ciencias da Actividade Física e do Deporte de Galicia contra a sentenza antes citada do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 confirmando a mesma.

Visto o Informe- Proposta emitido para a execución de tales sentenzas polo xefe da Área de Urbanismo e Réxime Interior de data 21 de abril de 2016.

Considerando que de conformidade co artigo 22-2, i) da Lei 7/1985, reguladora das Bases de Réxime Local, o órgano competente para a aprobación da Relación de Postos de Traballo e do Cadro de Persoal é do Pleno da Corporación, e polo tanto para a execución da sentenzas referidas.

Formulo ao Pleno da Corporación de Cambre a seguinte

### PROPOSTA DE ACORDOS

**Primeiro:** Modificar a Relación de Postos de Traballo (R.P.T.) en vigor en execución das sentenzas do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 da Coruña de 21 de abril de 2015, procedemento 394/2014, e polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, do 20 de xaneiro de 2016, sentenza nº 01/2016, tal e como a continuación se indica:

Modificar a ficha da R.P.T. correspondente ao posto de “coordinador deportivo” no que á formación específica se refire, substituíndo o título de Bacharelato, F.P. II ou equivalente. Adestrador polideportivo“ que ata agora se esixía polo de Formación profesional de técnico superior en animación de actividades físicas e deportivas, e no que substituíndo o subgrupo –C1- polo grupo B, a Subescala de Servizos Especiais, Escala de Administración Especial pola Subescala Técnica e a clase de Cometidos Especiais pola de Técnicos Auxiliares, de conformidade cos artigos 170,171 e 172 do Texto Refundido das Disposición Legais vixentes en materia de Réxime Local aprobado polo Real Decreto Lexislativo 781/1986.

**Segundo:** Aprobar a ficha da Relación de Postos de Traballo correspondente ao posto de “coordinador deportivo” tal e como a continuación se transcribe:

---

DENOMINACIÓN DO POSTO: COORDINADOR DEPORTIVO

---

---

DESCRIPCIÓN IDENTIFICATIVA: Dirección, execución e coordinación das actividades dos programas en que se concreta a política de deportes. Avaliación dos programas. Responsable dos conserxes de instalacións deportivas. Atención ao público.

---

---

NÚMERO DE POSTOS DE TRABALLO HOMOXÉNEOS: 1

Código: AL151700043 – Tipo de posto: N

---

#### REQUISITOS DE DESEMPEÑO DO POSTO:

PRAZAS DO CADRO DE PERSOAL QUE PODEN OCUPALO:

FUNCIONARIOS :  
GRUPO : B  
ESCALA : Administración Especial  
SUBESCALA : Técnica  
CLASE : Técnicos Auxiliares.

FORMACIÓN ESPECÍFICA:

Formación Profesional Técnico Superior en Animación de actividades físicas e deportivas.

**REQUISITOS ESPECÍFICOS DO POSTO:**

Dispoñibilidade e dedicación para o exercicio das funcións do posto fóra da xornada habitual de traballo.

---

**FORMA DE PROVISIÓN:** Concurso. A3 – Administración do Estado, CCAA e Local

---

**RETRIBUCIÓN AO POSTO DE TRABALLO (RPT)**

COMPLEMENTO DE DESTINO (nivel 22): 6.118.08 euros (509.84 MES)

COMPLEMENTO ESPECÍFICO: 6.547.10 euros (409.20 MES)  
Incluída a utilización do seu vehículo para o servizo (1.180 € anuais).

**Terceiro:** Modificar o Cadro de Persoal de funcionario no que á praza de “coordinador deportivo” se refire e no que á súa clasificación profesional e funcional concirne quedando a mesma da seguinte maneira:

Denominación praza	Prazas	Grupo - Subgrupo	Escala	Subescala	Clase
Coordinador deportivo	1	B	Administración Especial	Técnica	Técnicos Auxiliares

**Cuarto:** Remitir copia deste acordo modificativo da Relación de Postos de Traballo e do Cadro de Persoal tanto á Administración Xeral do Estado como á da Comunidade Autónoma de Galicia dentro do prazo de 30 días desde a súa adopción, sen prexuízo da publicación integral de ambos documentos no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade cos artigos 127 do Texto Refundido das disposicións vixentes en materia de Réxime Local aprobado polo Real Decreto Lexislativo 781/1986, e 202-3 da Lei 2/2015, do Emprego Público de Galicia.”

Foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Servizos, Xuventude, Cultura, Deportes, Recursos Humanos e Benestar Social de data 18 de maio de 2016, por catro votos a prol, correspondentes aos dous concelleiros de UxC e aos dous concelleiros do PSdeG-PSOE; e coa abstención dos dous concelleiros do PP, do concelleiro de ACdC-SON, do concelleiro do BNG, da concelleira de C's, integrante do GM, e do concelleiro non adscrito.

Concedida a palabra a don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, voceiro do PSdeG-PSOE, explica que por acordo do Pleno do Concello de Cambre do 19 de maio de 2014 aprobouse a RPT, incluíndo os postos de animador deportivo e coordinador deportivo tal e como se recollían nas RPT dos anos anteriores. Contra ese acordo presentouse un recurso de reposición polo Colexio Oficial de Licenciados en Educación Física, por entender que os postos de traballo de animador e coordinador deportivos exercían funcións que son propias do grupo A e non do grupo C, subgrupo C1, recurso de reposición que non foi resolto polo Pleno e, polo tanto, ante o silencio administrativo e con iso ante a desestimación tácita do recurso de reposición, o colectivo do colexio profesional interpuxo recurso contencioso-administrativo contra a desestimación.

Con data 21 de abril de 2015 dítase sentenza polo xulgado do contencioso-administrativo na que se di que resulta claro que o posto de animador carece de relevancia para esixir unha titulación específica de tipo deportivo, se ben non sucede o mesmo para a praza de coordinador en relación coas súas funcións, e sen que teña que ser titulado de grao superior, xa que servirían as cualificacións profesionais que se engloban no Real decreto 146/2011, no que hai varias especialidades.

Polo Colexio Oficial de Licenciados de Educación Física interpúxose o recurso de apelación contra a sentenza do contencioso-administrativo. O Tribunal Superior de Xustiza de Galicia ditou sentenza desestimando o recurso de apelación interposto polo Colexio, polo que a praza de animador deportivo pode continuar coa mesma valoración que tiña, e pola contra a de coordinador deportivo deberá englobarse no grupo B, que corresponde a Formación Profesional de técnico superior en actividades físicas e deportivas, non como estaba, que simplemente cun bacharelato ou cunha formación profesional II era suficiente.

Concedida a palabra a don Juan Abalo Castex, concelleiro do PP, expón que o motivo, como acaba de explicar o concelleiro competente, é completamente distinto ao caso anterior, refírese á categoría e nivel de estudos necesarios para o exercicio da praza. Eles volven reiterar que, efectivamente, a execución da sentenza ten que levarse a cabo, pero o motivo da reprobación volve ser o mesmo, senón corrixido e aumentado, porque a primeira sentenza que teñen aquí é do mes de abril do 2015, cun auto aclaratorio do 5 de xuño, é dicir, o mesmo que dixeron no punto anterior, preguntaron en comisións informativas se tiñan falado co traballador correspondente e díxoselles que non. A día de hoxe imaxina que terán falado, pero houbo tempo máis que suficiente para ter falado con el e explicarlle cal era a situación que había.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os cinco concelleiros de UxC, os tres concelleiros presentes do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros de ACdC-SON e a concelleira do GM (C's). Abstéñense os cinco concelleiros presentes do PP, os dous concelleiros do BNG e o concelleiro non adscrito.

O Pleno municipal, por once votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

### **1.10. Aprobación, se procede, das bases da convocatoria pública de bolsas para deportistas de Cambre para o ano 2016**

Vista a proposta do concelleiro delegado da Área de Cultura, Tradicións Populares e Deportes do día 12 de maio de 2016 que consta do seguinte teor literal:

“O concello é a administración máis próxima ao cidadán e afronta a responsabilidade inmediata de promover a democratización do deporte orientando a súa estratexia cara á consolidación de programacións estables, con obxectivos a medio e longo prazo sobre un traballo baseado en obxectivos definidos, metodoloxía e calidade no recursos técnicos-humanos e coherencia nas programacións.

Dende hai anos asínase polo Concello de Cambre diferentes convenios de colaboración con distintas entidades de ámbito deportivo para o fomento e desenvolvemento no municipio do deporte de base.

O Departamento de Deportes ademais vén colaborando na promoción de deportistas de nivel de Cambre a través da concesión de bolsas para estes deportistas nos últimos anos.

Este ano, novamente, preténdese por esta concellería continuar con esta liña de actuación como principal medida de fomento ao deporte de nivel en Cambre, para o cal se pretende a aprobación dunha nova convocatoria onde se establezan os criterios e procedementos para conceder bolsas para deportistas de acordo cos principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación.

Por todo iso, é polo que se propón ao Pleno adoptar os seguintes acordos:

Primeiro: Aprobar as bases da convocatoria pública de bolsas para deportistas de nivel do Concello de Cambre durante 2016, que se achegan como Anexo I, así como a súa convocatoria.

Segundo: Aprobar o gasto por importe de dez mil euros (10.000,00 euros) con cargo á aplicación orzamentaria 2016 341 48907 Bolsas deportistas.

Terceiro: Aprobar os modelos normalizados de solicitude e xustificación da convocatoria pública de bolsas para deportistas de nivel do Concello de Cambre durante 2016, que se achegan como anexo II e anexo III respectivamente.

Cuarto: Publicar as bases no *Boletín Oficial da Provincia*, no taboleiro de anuncios do Concello, así como darlles publicidade mediante anuncio nun dos xornais de maior tirada da provincia.

Quinto: Dar traslado á Base de Datos Nacional de Subvenciones (BDNS) da aprobación das bases, da convocatoria, así como comunicar o extracto da convocatoria á BDNS, co fin de que esta lle dea traslado ao *Boletín Oficial da Provincia* para a súa publicación, segundo o disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.”



Foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Servizos, Xuventude, Cultura, Deportes, Recursos Humanos e Benestar Social de data 18 de maio de 2016, por cinco votos a prol, correspondentes aos dous concelleiros de UxC, aos dous concelleiros do PSdeG-PSOE e ao concelleiro do BNG; e coa abstención dos dous concelleiros do PP, do concelleiro de ACdC-SON, da concelleira de C's, integrante do GM, e do concelleiro non adscrito.

Concedida a palabra a don Ramón Boga Moscoso, concelleiro de UxC, explica que o obxecto da convocatoria é asentar os criterios e o procedemento para a concesión das bolsas a deportistas. Substancialmente o corpo do programa é o mesmo que o do ano pasado.

Concedida a palabra a don Manuel Rivas Caridad, voceiro do PP, manifesta que o seu grupo vai cambiar o voto da comisión, que foi abstención, e van votar a prol.

Concedida a palabra a don Antonio Bruquetas Santos, concelleiro de ACdC-SON, manifesta que o seu grupo bota en falta algunha medida para reducir ou comprimir dalgún xeito a burocracia que leva consigo o acceso a estas bolsas, xa que pensan que historicamente son un pouco liosas.

Tamén coidan que queda un pouco escasa a partida, e como medida de promoción da práctica deportiva, e como medida compensatoria para os deportistas de elite de Cambre, debería ter algo máis de volume. Agardan que para os vindeiros orzamentos se teña en conta este tema e se aposte firmemente polo aumento desa partida e daquelas que leven consigo a promoción do deporte e da cultura en xeral.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, voceiro do BNG, manifesta que o voto do seu grupo é favorable.

Concedida a palabra a dona M<sup>a</sup> José García Hidalgo, voceira do GM (C's), manifesta que o seu grupo en outubro do 2015, cando se presentaron as anteriores bases, xa dixo que non estaba de acordo con certos criterios de avaliación, pero que aínda así ían votar a prol. Tamén agora van votar a prol, aínda que lles dixeran que ían revisar iso e non o fixeron, isto é un corta e pega da outra vez. Pídelles que para a vindeira ocasión, se pode ser, se estuden os criterios de avaliación, porque seguen sendo moi difusos e deixan unha marxe moi ampla á realidade. Conclúe reiterando que o seu voto vai ser a prol.

Toma a palabra o Sr. alcalde para dicir que estarían encantados de que lles fixera chegar esas propostas, e dálle as grazas.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os cinco concelleiros presentes do PP, os cinco concelleiros de UxC, os tres concelleiros presentes do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros de ACdC-SON, os dous concelleiros do BNG e a concelleira do GM (C's). Abstense o concelleiro non adscrito.

A Corporación, por dezaioito votos a prol, acordou:

Primeiro: Aprobar as bases da convocatoria pública de bolsas para deportistas de nivel do Concello de Cambre durante 2016, que se achegan como Anexo I, tal e como se transcriben a continuación, así como a súa convocatoria:

## **BASES CONVOCATORIA DE BOLSAS PARA DEPORTISTAS DO CONCELLO DE CAMBRE PARA O ANO 2016**

### **A- Obxecto:**

O obxecto da presente convocatoria é establecer os criterios e o procedemento para a concesión de bolsas a deportistas de nivel do Concello de Cambre, de acordo cos principios de obxectividade, concorrencia e publicidade coa intención de fomentar o deporte de nivel entre os veciños do municipio.

Estas axudas serán compatibles con outras axudas, públicas ou privadas, que se concedan para a mesma finalidade.

A dotación total da presente convocatoria é de 10.000,00 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 2016/341/48907, cun límite máximo por bolsreiro de 1.200,00 euros.

### **B- Destinatarios:**

Poderán participar nesta convocatoria os deportistas do concello de Cambre que reúnan os seguintes requisitos:

- 1.- Ter a idade mínima de trece anos cumpridos no ano da solicitude con carácter xeral e en ximnasia rítmica, natación e patinaxe artística, 10 anos cumpridos no ano da solicitude.
- 2.- Estar empadroado no Concello de Cambre cunha antigüidade de, polo menos, catro anos consecutivos, no ano da solicitude.
- 3.- Estar en posesión de licenza deportiva, vixente no momento da convocatoria e expedida pola federación deportiva correspondente.
- 4.- Acreditar nivel deportivo na especialidade, polo menos, o ano anterior ao da solicitude, e ter proxección nas previsións de futuro.
- 5.- Non estar incurso en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para obter a condición de beneficiario de subvencións (artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións).

### **C- Documentación:**

As solicitudes de bolsas presentaranse no Rexistro Xeral do concello, pola persoa interesada deportista de nivel ou por quen ostente a súa representación, no modelo normalizado que se facilitará neste rexistro ou na sección de deportes, e no que constará:

1. Solicitude da subvención segundo modelo normalizado.
2. Resumo do historial deportivo, obtido durante o ano 2015, no que haberá de constar as participacións e os resultados máis importantes obtidos en competicións autonómicas, nacionais ou internacionais, con especificación de datas, lugar e nivel de competición; este historial haberá de vir dilixenciado co visto e prace da Federación deportiva correspondente en documento orixinal.
3. Proxecto deportivo, a desenvolver durante o ano 2016, no que se incluírá necesariamente:
  - 3.1.- Detalle das competicións as que se asistiu e se pretende asistir no 2016, expresando a súa denominación, data, lugar, número e duración das competicións.
  - 3.2.- Nivel da competición (nacional, internacional).
  - 3.3.- Categoría da competición (absoluta, previa a absoluta...).
  - 3.4.- Orzamento de gastos e ingresos estimados da tempada.
4. Copia compulsada da licenza federativa para a tempada 2016. Para a realización da compulsa será preciso presentar o orixinal da mesma no momento de realizar a solicitude.
5. Declaración xurada de estar ao corrente coas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
6. Certificado dun número de conta corrente do que sexa titular o solicitante.

A presentación da solicitude de concesión de subvención polo interesado levará consigo a autorización ao órgano xestor para recabar as certificacións que deban emitir a AEAT, a Tesourería xeral da Seguridade Social e a Xunta de Galicia, no seu caso, tal e como establece o artigo 20.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. O solicitante poderá denegar expresamente o consentimento, debendo presentar entón os certificados de cumprimento de obrigas.

Incorporarase de oficio ao expediente o volante de empadramento no que conste a data de alta.

A sección de deportes revisará os expedientes de solicitudes e verificará que conteñan a documentación esixida. Se resulta que a documentación está incompleta ou defectuosa, requiriráselle ao solicitante para que no prazo de DEZ días a partir da

data de notificación, achegue a documentación necesaria ou corrixa os defectos observados, facéndolle saber que, no caso de incumprimento, se entenderá que desiste da súa solicitude, previa resolución que haberá de ser ditada nos termos previstos no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

#### **D- Prazo de solicitude:**

O prazo de presentación de solicitudes iniciarase ao día seguinte da publicación do extracto da convocatoria no *Boletín oficial da Provincia*, a través da BDNS, e rematará o 25 de xullo de 2016.

De forma excepcional poderanse admitir solicitudes fóra deste prazo cando conorra algún dos seguintes supostos:

- 1.- O deportista solicitante acceda a probas de nivel (nacionais ou internacionais) por clasificación en probas menores logo do prazo de solicitude.
- 2.- O deportista solicitante sexa seleccionado durante a tempada para probas de nivel (nacionais ou internacionais) despois do prazo de solicitude.

#### **E- Comisión de avaliación:**

As solicitudes das bolsas serán estudadas e valoradas por unha comisión de avaliación que estará formada por:

Presidente:	Alcalde ou persoa en quen delegue
Secretaría:	Secretaría xeral do concello ou funcionario en quen delegue
Vogais:	Concelleiro delegado da Área de Deportes Interventor do concello ou funcionario en quen delegue Persoal da concellaría de Deportes

#### **F- Concesión das bolsas:**

Previamente á concesión, comprobarase de oficio que os posibles bolseiros se encontran ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á seguridade social.

Tramitaranse en réxime de concorrencia competitiva, e resolverá o outorgamento das bolsas o concelleiro delegado da área de Cultura, Tradicións Populares e Deportes logo da proposta da comisión de avaliación segundo os seguintes criterios:

- 1.- Proxecto deportivo para a presente tempada (nivel, categoría e número de competicións): ata 35 puntos divididos en tres subcriterios:
  - Nivel máx. de competición:
    - 11,68 puntos campionato del Mundo/Olímpico
    - 7,77 puntos campionato de Europa
    - 3,88 puntos campionato internacional
  - Categoría:
    - 11,66 puntos sénior
    - 7,77 puntos xuvenil/júnior (previo a sénior)/veterano
    - 3,88 puntos resto de categorías
  - Número de probas:
    - 11,66 puntos de asistencia a 10 o máis probas federadas
    - 7,77 puntos asistencia entre 5 e 9 probas federadas
    - 3,88 puntos asistencia a menos de 5 probas federadas
- 2.- Implantación e importancia da modalidade deportiva no eido nacional: ata 20 puntos. Tomarase como referencia o número de licenzas federadas, de cada deporte, do ano 2015 segundo a publicación do Consejo Superior de Deportes. Ao deporte de maior implantación se lle outorgarán 20 puntos e o resto proporcionalmente.
- 3.- Resultados obtidos na tempada anterior á da solicitude: ata 20 puntos.
  - 20 puntos por clasificacións entre os tres primeiros do campionato do Mundo/Olimpíada/Europeo.

- 15 puntos por clasificación entre o 4º e 10º de campionatos do Mundo/Olimpiada/Europeo.
- 12 puntos por clasificación (finais) entre os tres primeiros en campionato/copa de España.
- 10 puntos por clasificación entre os tres primeiros en probas de rango internacional.
- 5 puntos por clasificación entre o 4º e o 10º en campionatos de España.

4.- Achega económica propia para o desenvolvemento do proxecto/competición: ata 20 puntos. Tomarase como referencia a achega económica propia que debe facer cada deportista para cubrir o seu proxecto 2016. Ao deportista con maior achega económica se lle outorgarán 20 puntos e ao resto proporcionalmente.

5.- Outros méritos que valorará a comisión: ata 5 puntos. Valoráranse outros méritos non contemplados nos criterios anteriores como concesión de becas deportivas doutras administracións, convocatorias seleccións, estar becado en centros de alto rendemento.....

### **G- Obrigas do beneficiario:**

1.- Realizar o proxecto deportivo obxecto da bolsa, é dicir, ter competido, no ano da convocatoria, en eventos/probas deportivas de relevancia nacional ou internacional organizados ou recoñecidos polas respectivas federacións e sempre que este acceso sexa por selección, por clasificación directa en probas menores ou por acreditar unha marca mínima.

2.- Sinalar a súa condición de bolseiro deste programa nas competicións ou actividades nas que participe, e facer constar de maneira visible o escudo e lenda "Concello de Cambre".

3.- Acreditar o cumprimento da finalidade para a que se concede a axuda, coa presentación da seguinte documentación xustificativa:

- Memoria descritiva da tempada realizada e dos resultados obtidos.
- Certificación orixinal da Federación deportiva correspondente, acreditativa da participación nas probas e da clasificación obtida, no que consten as datas e lugar da súa realización.
- Documentación acreditativa da publicidade do Concello de Cambre nas competicións obxecto da convocatoria (fotos, prensa, vídeo...).
- Relación detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras Administracións Públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou ben, declaración de non ter outras axudas ou subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto.
- Relación completa dos gastos da actividade, con identificación respecto a cada factura do emisor e número de documento, concepto, importe, data de emisión e data de pagamento.

En particular terase en conta as seguintes regras:

- Considéranse gastos subvencionables aqueles que sen lugar a dúbidas respondan á natureza da actividade deportiva subvencionada.
- Non se admitirán facturas de bebidas alcohólicas, tabaco ou calquera outro produto considerado lesivo para a saúde.
- Nas viaxes que se realicen por mor da actividade e competicións, admitiranse como gastos subvencionables os de desprazamento, aloxamento e os de alimentación.
- Cando o gasto xustificativo se presente a través de liquidacións por indemnizacións en concepto de desprazamentos efectuados, deberá achegarse certificado federativo ou certificado do club, segundo o caso, acreditativo da relación entre as datas dos desprazamentos efectuados e as actividades deportivas ou competicións.
- Facturas orixinais ou copias debidamente compulsadas referidas a gastos efectuados no exercicio 2016. As facturas deberán especificar de forma detallada, o número, concepto e características dos servizos prestados ou do material adquirido, os prezos unitarios así como calquera outra información que facilite a comprobación de que estes documentos se axustan ao obxecto da subvención. Non se admitirán como xustificante de gasto, as facturas nas que non se detallan os anteditos aspectos. É dicir, non se terán en consideración como gastos validamente xustificadas os importes das facturas nas que non conste desglose adecuado dos produtos adquiridos e o prezo unitario de cada un deles, e nos que non sexa identificable a súa natureza e vinculación ao proxecto deportivo.



No momento da súa presentación, antes de facer a fotocopia, sobre o orixinal deberá estenderse dilixencia na que se faga constar que a factura foi utilizada como xustificante de gastos para a obtención dunha subvención do Concello de Cambre.

4.- Someterse ás actuacións de comprobación do concello e ás de control financeiro que lle corresponde á intervención municipal.

5.- Comunicarlle ao concello, tan pronto como se coñeza, a concesión doutras subvencións concorrentes por parte doutras administracións ou entidades privadas para a mesma finalidade.

6.- Participar en actividades ou campañas de difusión/promoción do deporte que poida realizar a Concellaría de Deportes.

O incumprimento dalgunha destas obrigas poderase resolver coa suspensión do pagamento ou coa apertura do expediente de reintegro da subvención indebidamente percibida.

#### **H- Notificación e publicidade da resolución:**

A resolución da concesión das bolsas ditarase polo concelleiro delegado de Cultura, Tradicións Populares e Deportes nun prazo máximo de tres meses dende a finalización do prazo de solicitude, e procederase a dar publicidade no taboleiro de anuncios e na páxina web do concello ([www.cambre.org](http://www.cambre.org)), así como á notificación individual aos beneficiarios, nun prazo máximo dun mes dende a data da resolución.

#### **I- Xustificación e pagamento:**

Os bolseiros deberán xustificar a realización do proxecto deportivo mediante a presentación, no rexistro de entrada, da documentación conforme ao apartado G.3. das presentes bases.

O prazo de presentación da xustificación comezará a contar dende o día seguinte ao da comunicación da concesión da bolsa, e rematará o 15 de outubro de 2016.

Vista a documentación xustificativa presentada, a Concellaría de Cultura, Tradicións Populares e Deportes valorará se se cumpriu a finalidade da subvención e propondrá a aprobación da xustificación presentada, o recoñecemento das obrigas correspondentes, así como a aprobación do pagamento mediante transferencia bancaria, ao Alcalde ou concelleiro delegado, no seu caso, que ditará resolución ao respecto.

Para aqueles deportistas que non cumpran na súa totalidade, o proxecto deportivo por mor de lesión derivada da práctica deportiva, entenderase cumprida a finalidade básica da subvención, aboándose un máximo do 40% da subvención concedida, previa valoración da concellería de Deportes.

A renuncia á bolsa por forza maior, deberá comunicárselle ao concello tan pronto como se produza.

O importe da bolsa concedida en ningún caso poderá ser de tal contía que en concorrencia con subvencións ou axudas doutras Administracións Públicas ou entidades privadas supere o custo da actividade. En tal caso reducirase a achega municipal de forma proporcional.

#### **L- Incorporación ao Rexistro publico de subvencións e publicación da subvención concedida**

En cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003 (LXS) e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da persoa beneficiaria, así como o importe da subvención efectivamente percibida, resolucións de reintegros e sancións impostas, serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto.

#### **Disposición adicional primeira**

Para o non previsto nesta convocatoria será de aplicación o disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o R.D. 887/2006 polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 38/2003, do 17 de novembro,



xeral de subvencións, a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e as bases para a execución do orzamento xeral do Concello de Cambre, e demais normativa aplicable.

Segundo: Aprobar o gasto por importe de dez mil euros (10.000,00 euros) con cargo á aplicación orzamentaria 2016 341 48907 Bolsas deportistas.

Terceiro: Aprobar os modelos normalizados de solicitude e xustificación da convocatoria pública de bolsas para deportistas de nivel do Concello de Cambre durante 2016, que se achegan como anexo II e anexo III respectivamente, tal e como se transcriben a continuación:



## ANEXO II

### FORMULARIO DE SOLICITUDE BOLSAS PARA DEPORTISTAS DO CONCELLO DE CAMBRE 2016

#### DATOS INTERESADO

Nome: \_\_\_\_\_ NIF: \_\_\_\_\_  
Idade: \_\_\_\_\_ Enderezo: \_\_\_\_\_ CP: \_\_\_\_\_  
Tlf.: \_\_\_\_\_ Correo-electrónico: \_\_\_\_\_

#### DATOS REPRESENTANTE

Nome: \_\_\_\_\_ NIF: \_\_\_\_\_  
Enderezo: \_\_\_\_\_ Código postal: \_\_\_\_\_ Municipio: \_\_\_\_\_  
Tlf.: \_\_\_\_\_ Correo-electrónico: \_\_\_\_\_

#### DATOS DEPORTIVOS

Especialidade deportiva: \_\_\_\_\_  
Licenza Federativa nº: \_\_\_\_\_  
Categoría: \_\_\_\_\_  
Club ao que pertence: \_\_\_\_\_  
Enderezo do club: \_\_\_\_\_  
Cambre, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2016

Asinado: \_\_\_\_\_

**Achegarase xunto a este formulario:**

- copia compulsada da licenza federativa para a tempada 2016
- Certificación de datos bancarios

**ALCALDE DO CONCELLO DE CAMBRE**



### HISTORIAL DEPORTIVO 2015

Competición	Categoría/nivel	Datas/lugar	Posto
-------------	-----------------	-------------	-------

\*  
\*  
\*  
\*  
\*  
\*  
\*  
\*  
\*  
\*  
\*  
\*  
\*  
\*  
\*

Selo e Vº e Prace da Federación deportiva



### PROXECTO DEPORTIVO 2016

Competición	Data e Lugar	Categoría	Nivel
-------------	--------------	-----------	-------

\*  
\*  
\*  
\*  
\*  
\*  
\*  
\*  
\*  
\*  
\*  
\*

## ORZAMENTO ESTIMADO DA TEMPADA

### GASTOS

Licenzas :  
Materias :  
Desprazamentos :  
Outros :

### INGRESOS

Achega propia :  
Achega Club :  
Achega Federación :  
Bolsa Concello :  
Outras bolsas :  
Patrocinadores :

TOTAL:

TOTAL :

Cambre, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2016.

Asdo.: \_\_\_\_\_



Don/ dona \_\_\_\_\_, con DNI \_\_\_\_\_, de conformidade co establecido nas bases para a convocatoria pública de bolsas de deportistas, durante o ano 2016, do Concello de Cambre,

### DECLARO BAIXO XURAMENTO:

- 1.-Estar ao corrente das miñas obrigas tributarias e coa seguridade social.
- 2.- Non estar incurso en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para obter a condición de beneficiario de subvención (artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións)

Cambre, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2016.

Asdo.: \_\_\_\_\_





CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177



### ANEXO III

## FORMULARIO DE XUSTIFICACIÓN BOLSAS PARA DEPORTISTAS DO CONCELLO DE CAMBRE 2016

### DATOS PERSOAIS

Nome:

NIF:

Enderezo:

CP:

Tlf. móbil:

Tlf. fixo:

Correo- electrónico:

Achégolle a documentación xustificativa que acredita o cumprimento da finalidade para que se me concede a axuda, segundo o establecido no apartado G.- das bases da presente convocatoria (BOP nº de de de 2016), e para o aboamento da bolsa concedida.

Cambre, \_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2016

**Asinado:**

Achegarase xunto a este formulario:

- Xustificación dos gastos realizados mediante a presentación das facturas orixinais ou copias cotexadas
- Acreditar a publicidade do Concello de Cambre nas competicións obxecto da convocatoria (fotos, prensa, vídeos..)

**Sr. Alcalde do Concello de Cambre**



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177



	Páxina
1.- Memoria da Tempada.....	3
2.- Certificación da participación nas probas obxecto da convocatoria.....	4
3.- Resumo de gastos realizados.....	5
4.- Declaración de axudas e cumprimento da finalidade da bolsa.....	6



## MEMORIA DA TEMPADA

*(Descrición de non máis de dous folios das actividades deportivas desenvolvidas polo bolseiro durante o ano 2016, que sexan de interese á hora de comprobar a efectiva realización do obxecto a subvencionar, tales como entrenamentos, competicións, cursos aos que asisten, concentracións, etc. O obxectivo da Memoria é xustificar o cumprimento do proxecto deportivo para o cal se concedeu a bolsa)*









CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177



D./ Dna. \_\_\_\_\_ con DNI: \_\_\_\_\_  
como bolseiro/a deportista do Concello de Cambre 2016,

**DECLARO:**

- 1.- Que para o 2016 obtiven unha bolsa (subvención) do Concello de Cambre, por importe de \_\_\_\_\_ euros
- 2.- Que para o mesmo obxecto, obtiven, ademais as seguintes axudas ou subvencións:

ENTIDADES CONCEDENTES	IMPORTE
TOTAL SUBVENCIONS RECIBIDAS	

NON RECIBÍN NINGUNHA OUTRA SUBVENCIÓN

- 3.- Que se cumpriu a finalidade da bolsa mediante a realización das actividades ou competicións para as que foi concedida, tal e como se reflicte na memoria que se achega.

E para que conste, para os efectos de xustificación do cumprimento da finalidade, expídese a presente declaración. En \_\_\_\_\_, a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ 2016.

Asinado: \_\_\_\_\_



Don/ dona \_\_\_\_\_, con DNI \_\_\_\_\_, de  
conformidade co establecido nas bases para a convocatoria pública de bolsas de deportistas, durante o ano 2016, do  
Concello de Cambre,

## **DECLARO BAIXO XURAMENTO:**

1.-Estar ao corrente das miñas obrigas tributarias e coa seguridade social.

2.- Non estar incurso en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para obter a condición de beneficiario de subvención (artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións)

Cambre, \_\_\_\_de \_\_\_\_\_ de 2016.

Asinado: \_\_\_\_\_

Cuarto: Publicar as bases no *Boletín Oficial da Provincia*, no taboleiro de anuncios do Concello, así como darlles publicidade mediante anuncio nun dos xornais de maior tirada da provincia.

Quinto: Dar traslado á Base de Datos Nacional de Subvenciones (BDNS) da aprobación das bases, da convocatoria, así como comunicar o extracto da convocatoria á BDNS, co fin de que esta lle dea traslado ao *Boletín Oficial da Provincia* para a súa publicación, segundo o disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

### **1.11. Mocions urxentes en asuntos de competencia de pleno segundo o artigo 22 da Lei 7/1985, que non figuren na orde do día**

Este punto non foi utilizado.

## **2. PARTE DECLARATIVA**

### **2.1. Declaracións institucionais**

Este punto non foi utilizado.

### **2.2. Mocions dos grupos municipais**

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE. Votan a prol da urxencia os cinco concelleiros presentes do PP, os cinco concelleiros de UxC, os tres concelleiros presentes do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros de ACdC-SON, os dous concelleiros do BNG, a concelleira do GM (C's) e o concelleiro non adscrito.

O Pleno municipal, por unanimidade dos dezanove concelleiros asistentes á sesión, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.

### **A) Moción do grupo municipal do PSdeG-PSOE sobre universalización do dereito á asistencia sanitaria pública e recuperación do sistema público de sanidade**

Rexistrada de entrada ao núm. 0/3166 o día 20 de abril de 2016. Consta do seguinte teor literal:

“O ámbito subxectivo do dereito á protección da saúde foi profundamente modificado por este Goberno mediante o Real decreto lei 16/2012, do 20 de abril, de medidas urxentes para garantir a sustentabilidade do sistema nacional de saúde e mellorar a calidade e seguridade das súas prestacións.

Con esta modificación alterouse unha norma de consenso que se tiña plasmado, no 2003, no artigo 3 da Lei de cohesión e calidade do sistema nacional de saúde. Retrocedendo no longo camiño percorrido ata entón, volveuse a vincular o dereito á asistencia sanitaria pública gratuita coa Seguridade Social. Consagra a volta á figura do “asegurado” como suxeito do dereito á protección da saúde. O Real decreto lei 16/2012, derogou tacitamente os preceptos da Lei xeral de saúde pública sobre a extensión da asistencia sanitaria, deixando sen cobertura sanitaria directa aos profesionais e a todos aqueles que non teñan ningún vínculo coa Seguridade Social -e, mesmo, aos descendentes de asegurados maiores de 26 anos-, cuxos ingresos superen un determinado límite que a norma non precisa. Pero o máis grave é a expulsión da cobertura pública sanitaria dos estranxeiros sen permiso de residencia, coas graves consecuencias que implica en termos de saúde individual, saúde colectiva ou saúde pública, ademais do recorte de dereitos que supón e que non respecta principios constitucionais como é o da dignidade da persoa.

Dende o primeiro día, todos os profesionais sanitarios, partidos políticos, sindicatos e organizacións sociais rexeitaron esta reforma que altera a vocación de universalidade do noso sistema nacional de saúde. Así mesmo, varias comunidades autónomas rexeitaron excluír aos inmigrantes en situación irregular do acceso ás prestacións sanitarias, recorrendo a reforma ao Tribunal Constitucional, e outras estableceron programas gratuítos de acceso á carteira básica de servizos sanitarios para este colectivo.

Por outra banda, o Goberno de España seguiu recortando neste tempo o dereito á cobertura sanitaria dos españois. Mediante modificacións legislativas incluídas na Lei de orzamentos xerais do Estado para o ano 2014, modificouse a cobertura sanitaria dos españois que esgotasen as prestacións do sistema de protección por desemprego, que perderían o seu dereito á asistencia sanitaria no noso país se saen de España por tempo superior a 90 días, incluso para buscar traballo ou formación. A presente iniciativa pretende repoñer a situación xurídica previa á promulgación do real decreto lei citado.

Despois dos anos de aplicacións deste sistema de exclusión non se puido acreditar aforro ningún para o sistema sanitario, pero si existen acreditados numerosos casos nos que a falta de acceso normalizado á asistencia sanitaria concluíu con persoas que viron agravadas as súas enfermidades, e outras que mesmo perderon a vida tras serlle rexeitada a posibilidade de ser asistidos por un médico. Un balance cruel baseado na imposición, tan inútil como inxusta, que urxe rectificar.

Evidentemente, a recuperación da universalidade do dereito á asistencia sanitaria, sendo o máis importante dos aspectos da política sanitaria que hai que rectificar non é nin moito menos o único. Como noutros ámbitos, o retroceso vivido requirirá da oportuna modificación, primeiro normativa, e posteriormente de xestión, relacionada co reforzo da xestión pública do sistema, a maior coordinación coas comunidades autónomas, a converxencia cara a unha carteira común de servizos para toda a cidadanía, así como outras medidas que deberán ser impulsadas polo Goberno e consensuadas polas forzas políticas.

Por todo isto, o grupo municipal Socialista somete a votación esta moción para ser aprobada polo Pleno, na que se solicita á Xunta de Galicia:

Que inste ao Goberno de España a derogar o Real decreto lei 16/2012, para restablecer a universalidade da cobertura do sistema nacional de saúde e reformar a lexislación sanitaria para asegurar a sustentabilidade dun sistema sanitario público, universal, de calidade, gratuíto, con equidade no acceso por parte dos cidadáns, cunha mesma carteira básica de servizos para toda a cidadanía nun marco de ampla descentralización.

Levar estes compromisos ao Consello Interterritorial de Sanidade.

Poñer os recursos e normativa necesarios na Comunidade Autónoma de Galicia para suplir estas carencias e garantir a universalidade do Servizo Público Galego de Saúde.”

Concedida a palabra a dona Marta M<sup>a</sup> Vázquez Golpe, concelleira do PP, manifesta que lida a moción do Partido Socialista, dende o Grupo municipal Popular engadirían á moción dous puntos positivos que tamén ten o Decreto do 2012, como é a creación dun fondo de garantía asistencial entre as comunidades autónomas, e tamén a obrigatoriedade de establecer un servizo de farmacia propia en hospitais e centros de asistencia social, así como

centros psiquiátricos. Eses serían dous puntos positivos que cren que o Decreto do 2012 regula con bastante acerto.

Por outra parte, di que subscriben case na súa totalidade a moción do Partido Socialista, por varias razóns, porque vista a reforma sanitaria que se levou a cabo no ano 2012, si é certo que se ignoran as obrigas internacionais asumidas por España nos tratados subscritos, así como na Declaración Universal de Dereitos Humanos, porque cren que efectivamente o dereito á saúde debe ser considerado como un dereito universal e ser protexido como o que é, como ese dereito fundamental. Nese sentido é verdade que o Tribunal Constitucional tense pronunciado, non en sentenza, pero si en auto, fíxoo despois da reforma, e di exactamente iso, que a saúde en España constitucionalmente debe ser considerada un dereito fundamental.

Por outro lado, a pretensión que tiña esa reforma sanitaria de limitar o turismo sanitario, tampouco se sostén de ningunha maneira, porque é certo que o gasto que ocasionan os estranxeiros que están en España en calidade de estancia provisional é mínimo. Por outro lado, se esas persoas se deixan sen atender, o gasto a curto e medio prazo será moito maior, porque poderán xerarse males maiores na saúde das persoas.

Logo dicir tamén que a sanidade pública finánciase con impostos, non coas retencións nas nóminas dos traballadores, polo que eses emigrantes que se atopan en situación de estancia provisional si pagan impostos indirectos, polo tanto pensan que constitucionalmente que si terían dereito á asistencia sanitaria. E por outro lado esa asistencia é un medio tamén de erradicar outro tipo de infeccións e virus que poden entrar no país, e que se non son debidamente atendidas vanse poder propagar.

Continúa dicindo que é verdade que varias comunidades autónomas se negaron a aplicar a reforma que propoñía ese decreto, pero faltaría dicir na moción que a primeira das comunidades autónomas que se negou foi precisamente a Comunidade Autónoma de Galicia. O 31 de agosto de 2012 a Consellería de Sanidade dita unha resolución na que se insta en Galicia, para as persoas que non teñen a condición de asegurado ou de beneficiario recoñecida polo Instituto Nacional da Seguridade Social, a asistencia sanitaria universal.

A Comunidade Autónoma de Galicia negouse a aplicar a reforma e seguirá, polo tanto, atendendo ás persoas chamadas "sen papeis" a través desa resolución. No caso de Galicia esas persoas só teñen que estar censadas para recibir atención médica, tanto nos centros sanitarios como nos hospitais. Esa decisión, adoptada polo Goberno de Alberto Núñez Feijoo, no verán do 2012, inmediatamente despois da reforma, mantén a asistencia sanitaria a ese colectivo, incluso lles concede unha tarxeta de iguais características ás do resto de usuarios. Os inmigrantes ilegais que cumpren eses dous requisitos non contan con limitacións no contido sanitario, de forma que reciben asistencia en atención primaria e tamén en atención especializada. Calcúlase que en Galicia hai entre 9.000 e 10.000 persoas nesa situación.

Feitas estas matizacións, queren facer constar a inoportunidade temporal da presentación da moción do Partido Socialista, e di isto porque hai unhas eleccións convocadas para o día 20 de xuño e, polo tanto, hai un Goberno en funcións. Iso quere dicir que agora mesmo a solicitude que expoñen na súa moción de derrogar ou modificar ese decreto é materialmente imposible, polo tanto, ínstaos a presentar a mesma moción outra vez cando estea constituído ese Goberno, di que eles a van apoiar, e sobre todo ínstaos a retirar o último parágrafo no que se insta á Xunta de Galicia a cumprir o que se recolle na moción, porque carece de sentido totalmente, xa que en Galicia os estranxeiros en réxime de estancia teñen as prestacións que acaba de citar.

Conclúe dicindo que o voto do PP será favorable se retiran o último parágrafo, en caso de non facelo será abstención.

Concedida a palabra a dona M<sup>a</sup> Olga Santos López, voceira de ACdC-SON, manifesta que eles están absolutamente a favor da moción, celebran que se traia a pleno por parte do Partido Socialista, e como non pode ser doutra forma van apoiala.



Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, voceiro do BNG, manifesta que tamén votan a prol.

Concedida a palabra a dona M<sup>a</sup> José García Hidalgo, voceira do GM (C's), manifesta o seu voto a prol.

Concedida a palabra a don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que non van retirar a moción.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os cinco concelleiros de UxC, os tres concelleiros presentes do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros de ACdC-SON, os dous concelleiros do BNG, a concelleira do GM (C's) e o concelleiro non adscrito. Abstéñense os cinco concelleiros presentes do PP.

O Pleno municipal, por catorce votos a prol, aprobou a moción tal e como foi transcrita.

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polo grupo municipal de ACdC-SON. Votan a prol da urxencia os cinco concelleiros presentes do PP, os cinco concelleiros de UxC, os tres concelleiros presentes do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros de ACdC-SON, os dous concelleiros do BNG, a concelleira do GM (C's) e o concelleiro non adscrito.

O Pleno municipal, por unanimidade dos dezanove concelleiros asistentes á sesión, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.

### **B) Moción do grupo municipal de ACdC-SON sobre a xestión dos residuos de fibrocemento e contaminación por amianto e as súas afeccións ambientais para a saúde**

Rexistrada de entrada ao núm. 999/54 o día 20 de maio de 2016, xunto cos rogos e preguntas presentados para este pleno. Consta do seguinte teor literal:

“O amianto é un mineral metamórfico fibroso cuxas características son que as súas fibras son o suficientemente flexibles para ser entrelazadas, polo que así soporta grandes temperaturas. Por estes motivos foi moi utilizado entre os anos 60, 70 e 80 como illante en fornos e calefaccións, tubaxes e múltiples materiais de construción en forma de compoñente, coñecidos como uralita. Tense constancia de que, sobre todo nos anos 70, importáronse ao redor de 100.000 toneladas de amianto, e de que a maioría de edificios construídos entre 1965 e 1985 conteñen este produto. Algúns expertos, calculan que no noso país a xente vivimos entre tres millóns de toneladas de amianto.

As autoridades médicas demostraron nos anos 80 que os produtos que conteñen amianto provocan cancro cunha elevada mortalidade. O po de fibras de amianto invisible a primeira ollada pode ser inhalado por persoas e animais, producindo segundo os estudos, 15 ou 30 anos máis tarde, cancro de pulmón, estómago, pleura e peritoneo, calcúlase que morren por esta causa un milleiro de persoas ao ano no Estado español.

No caso da recollida de residuos de amianto, o Concello remítese ás normativas de rango autonómico e estatal, e na web municipal non se atopa ningún tipo de información que oriente aos veciños que teñan ese material, sobre todo ferros de uralita, respecto dos procedementos que deben seguirse para a súa recollida e posterior tratamento. Non é inusual, polo tanto ver ferros ou tubaxes de uralita nos colectores de lixo ou nos arredores dos puntos limpos, debido a que non se sabe ou se descoñece que facer con estes materiais, ou ben pola imposibilidade de poder afrontar o custo económico que supón contratar a unha empresa especializada en desamiantado.

Outro aspecto que preocupa a este grupo municipal é a presenza de elementos fabricados con fibrocemento nos centros educativos do municipio. Existen exemplos, algúns deles que xa trouxemos mediante distintas iniciativas a este concello.

Desde a ACDC entendemos que o Concello, como institución máis próxima ao cidadán, debe ter un papel máis activo neste asunto e dar cumprimento ás iniciativas aprobadas en relación a este problema.

Polo exposto propoñemos ao Pleno a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro: Que por parte dos servizos técnicos municipais se redacte e publique un informe sobre a situación actual da xestión de residuos de fibrocemento.

Segundo: Que se estude a posibilidade de complementar as ordenanzas existentes, tanto a actual de limpeza e medio ambiente ou as urbanísticas, cunha regulación das licenzas de obras onde se garanta que cando se vaian a realizar obras, reparacións ou derribas de edificios, así como no seu posterior tratamento, se aplique escrupulosamente o Real decreto 396/2006, do 31 de marzo, que establece as medidas preventivas para a protección dos traballadores e persoas expostas ao amianto.

Terceiro: Elaborar un Plan para a progresiva substitución dos compoñentes de fibrocemento nos colexios e edificios públicos municipais e instar á Consellería de Educación a que se realicen actuacións similares nos CEIP e IES do concello, así como para a progresiva substitución das tubaxes de fibrocemento.

Cuarto: Que se valore a posibilidade de poñer en marcha campañas de información aos veciños, en particular sobre o risco que supón a inadecuada manipulación do amianto, e informar de cales son os pasos que deben seguir para poder contactar con empresas autorizadas para o tratamento destes materiais e os seus residuos, e dos programas de axudas económicas se os houbese.”

Concedida a palabra a don Manuel Mora Pita da Veiga, concelleiro do PP, manifesta que a moción que presenta ACdC-SON parécelles moi interesante, incluso moi acertada, pero el incluso incorporaría algún dato máis que sería interesante ter en conta, por exemplo querían incidir nun par de aspectos polos que na moción, ou ben pasan un pouco no bico dos pés, ou incluso non se mencionan.

Di que por un lado entende que o concello debe promover un programa de axudas económicas para os veciños que, sendo conscientes da presenza de amianto na súa vivenda ou edificio, vense obrigados a facer algún tipo de manipulación dese material, ben para reparalo, ben para substituílo. Sería conveniente que o concello dispuxera dalgunha partida para poder axudar a eses veciños.

Por outro lado tamén sería conveniente que o concello asinara algún convenio de colaboración con algunha das empresas que neste momento son especializadas e están autorizadas, para que cun maior control por parte dos técnicos municipais se poidan realizar eses traballos cunha absoluta protección e seguridade, e evitar problemas maiores.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, voceiro do BNG, manifesta que dende o seu grupo saúdan esta moción, e van, por suposto que si, a votar a prol. Tamén quere manifestar o seu escepticismo respecto da maioría das empresas que operan no sector, que son auténticas trangalladas, que o que fan é facturar ao tolo, que se poñen os buzos para quitar uralita do tellado e logo a levan na furgoneta tal cal. Nese sentido quizais a confianza que amosa o seu compañeiro Manuel Mora nas empresas, igual había que instar á Xunta a que endurecera, non a normativa de cara ao cidadán, que por suposto entenden que xa está todo ben estruturado, senón cara ás propias empresas. É dicir, as empresas teñen que ter outros parámetros de calidade, outra normativa moitísimo máis esixente, porque en ocasións xa di que se dan situacións de Monty Python.

Concedida a palabra a dona M<sup>a</sup> José García Hidalgo, voceira do GM (C's), manifesta que o seu grupo vai votar a prol, porque todo o que sexa mellorar a lexislación vixente parécelles ben.

Concedida a palabra a don Juan González Leirós, voceiro de UxC, manifesta que o seu grupo pode votar a prol, pero o que cre é que realmente teñen que dar traslado do problema que se está expoñendo aquí á Xunta, non por un tema de trasladar os problemas a outro, senón porque evidentemente fai falta financiamento e dende logo fai falta inspección. Así como a Axencia de Protección da Legalidade leva os temas urbanísticos e procede dende ámbitos urbanísticos, como pode ser o tema do desmonte vivendas, cre que dende a Consellería de Medio

Ambiente poderían facer un traballo moito máis oportuno, evidentemente coa colaboración dos concellos. O artigo 3 da Lei 30/1992 así o recolle, con colaboración absoluta, pero xa di que el si cre que é algo que habería que levar á Xunta, porque este non é un problema circunstancial do Concello de Cambre, senón que é un problema, como expoñía Daniel Carballada, que afecta ás actuacións, ao control, á efectividade desas accións.

Dende logo dende o concello, todos o saben, non poden garantir, aínda que se volvan loucos, o control dese tipo de actuacións, é dicir, poden facelo dende os proxectos de obra, que xa o están facendo. Esíxese que os proxectos cumpran a lei, pero ir detrás das empresas para que fagan ben o seu traballo, para eles é relativamente imposible, non poden. Non é que non queiran, non poden, é moi dificultoso. Poden habilitar á Policía para que teña catro nocións, pero cren que é un tema que hai que levalo a outras instancias e tomar unhas medidas moito máis xenéricas.

Conclúe dicindo que se os apartados da moción, o primeiro sobre todo, o elevan a outro tipo de instancias, eles non teñen inconveniente, e ademais cren que é acertada e dáselle a benvida.

Toma a palabra o Sr. alcalde para expoñer que o primeiro punto dos acordos, onde se pide que por parte dos servizos técnicos municipais se redacte e publique un informe sobre a situación actual da xestión de residuos de fibrocemento, a verdade é que non o entenden ben, ese punto en concreto. Se é un estudo do total do concello sería practicamente imposible, é dicir, eles están totalmente de acordo coa moción, agás nese punto, porque se o teñen que aprobar gustaríalles levalo a cabo, e é completamente imposible levalo a cabo, porque os técnicos municipais neste momento non poden facer esa xestión. Cre que por aquí viña un pouco a intervención do voceiro de UxC. Elevalo á Xunta de Galicia para que faga un informe dese tipo.

Concedida a palabra a don Manuel Rivas Caridad, voceiro do PP, manifesta que eles están de acordo coa moción por unha sinxela razón, que todo o que se di nela é verdade. En canto á Xunta de Galicia dilles que xa ten un departamento de inspección, é máis, cando alguén quere desmontar un tellado de uralita, o contratista ten obrigatoriamente que avisar aos servizos da Xunta de Galicia que están concretamente fronte á residencia vella, abaixo, e ten que avisar a ese departamento para que acuda o inspector a inspeccionar que é o que se vai desmontar. Iso está establecido, e está na páxina da Xunta de Galicia.

Reitera que a Xunta de Galicia ten uns servizos de inspección, é máis, e fala pola súa propia experiencia, porque o acaba de vivir, tivo que desmontar un tellado dunha nave e o construtor díxolle que tiñan que avisar á Xunta de Galicia. Tardaron 20 días en ir, pero foron, contaron os metros cadrados, o número de uralitas, exactamente todo, e asináronlle un papel á empresa, porque iso ten que ir a tratamento de residuos. O que dixo o Sr. Carballada é posible, que ao mellor se contrate a un construtor ou a un promotor que lles desmonte o tellado, que o cargue na furgoneta e que faga con el o que queira, pero as multas son moi gordas, son gordísimas. Esa é a experiencia que el ten.

Engade que, co perdón da voceira de ACdC-SON, el ten que dicir que iso de que se publique un informe sobre a situación de Cambre ao mellor é moi pretencioso, pero el cre que se o poñen na páxina web do concello para máis información, e a través de todos os medios de comunicación se informa dos medios que pon a disposición a inspección, avisando tamén das sancións que lle poden corresponder a un construtor ou a un promotor por non facer o que está por lei acordado, pois cre que ao mellor sería suficiente. Conclúe dicindo que iso terán que redactalo, loxicamente, os técnicos municipais.

Toma a palabra o Sr. alcalde para sinalar que el entende que entraría dentro do punto catro, que é a campaña de información.

Concedida a palabra a dona M<sup>a</sup> Olga Santos López, voceira de ACdC-SON, explica que respecto do sentido do primeiro punto ao mellor si é certo que lle falta unha coletilla, ou se pode retirar directamente, porque o sentido dese punto era que os servizos técnicos municipais redactaran e publicaran un informe sobre a situación actual

da xestión que actualmente está realizando ante unha eventual denuncia dun vertedoiro ilegal, ou sobre unha petición dun veciño, ou sobre o descoñecemento dun veciño que acuda ao concello e que queira saber que actividades se están realizando no concello para eliminar o amianto dos galpóns, tubaxes, alá onde se atope o amianto. Di que ao mellor o que sería correcto é engadir “que realiza o concello”. Evidentemente o fibrocemento o teñen en todas partes, e avaliar iso sería, como dixeron, absolutamente imposible. O que hai que facer é actuar, porque a uralita e o fibrocemento está, por desgraza, en moitas partes.

Continúa dicindo que non sabe se lembran que cando falaron disto no pleno do mes de outubro de 2015 o sentido do seu rogo era diferente. Tratábase de implicar economicamente ao concello, e nese sentido o Sr. Leirós dicía que efectivamente iso custaba moitos cartos como para que o concello asumira a responsabilidade de pagalo, e era certa a cantidade económica da que lles falaba, 1.000 euros/m<sup>2</sup>, iso é o que aproximadamente están cobrando as empresas que se dedican a isto.

Evidentemente iso é unha sangría tremenda, porque de feito cando chamaron a empresas de desamiantado para que lles informaran sobre como se podía facer, varias empresas chegaronlles a dicir que se un ten unha casa e outro en fronte ten outra, podían ao mellor facer o favor de recoller as chapas dos dous, pero como teñen que abrir a furgoneta, gardalas, e nese preciso momento pechar a furgoneta, ían cobrar 1.000 euros a cada un dos veciños.

Iso é así, e por iso os veciños fan cousas que son realmente perigosas, como é coller a chapa de uralita e tirala onde coincida. E fan cousas aínda máis perigosas, que seguramente ela tamén as faría, como é machucalas e enterralas, porque as multas son increiblemente bárbaras, tremendas. Entón, o que realmente lles preocupa é que un veciño estea machucando uralita, cos riscos que iso supón para a súa saúde, e non só iso, que a estean enterrando, que eses danos son absolutamente irreparables.

Dicía ao principio que o sentido desta moción é relativamente diferente ao rogo que presentaron en outubro, porque ningún, incluso se modifican ou eliminan o primeiro punto, ningún deses tres puntos implica un custo económico elevado para o concello, senón máis ben unha declaración de intencións para elaborar un plan a medio ou longo prazo. Evidentemente non poden saber que custo vai supoñer para o concello, pero o que si poden facer é elaborar un plan para que de aquí aos anos que sexa se poida ir relativamente desamiantando o concello.

E sobre todo cre que é moi importante eliminar esa incerteza tremenda que hai coas chapas de uralita, porque as ven nos contedores, e porque a xente sae de noite e as mete como pode no coche, e as deixa nun contedor, pero é que se os pillan, como dicía o Sr. Rivas, é unha auténtica barbaridade de multa. E nos puntos limpos tampouco as recollen, porque vai unha persoa ao punto limpo e no punto limpo din que nin falar diso. Entón anda esa chapa de uralita polo concello e é aí onde eles teñen que atacar, de aí o cambio nese sentido e o agradecemento aos grupos da Corporación polo seu apoio.

Toma a palabra o Sr. alcalde para dicirlles e para que teñan constancia de que hoxe o enxeñeiro xefe, Óscar Souto, comunicoulle que a cuestión do fibrocemento de abastecemento queda rematada, e non queda ningunha tubaxe en Cambre. Queda a que se está facendo na Mota, é a última obra que se está facendo de abastecemento, e aí si que había fibrocemento, pero con iso queda xa rematado o tema do fibrocemento. Dillelo para que saiban que nese caso xa están ao 100%.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os cinco concelleiros presentes do PP, os cinco concelleiros de UxC, os tres concelleiros presentes do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros de ACdC-SON, os dous concelleiros do BNG, a concelleira do GM (C's) e o concelleiro non adscrito.

O Pleno municipal, por unanimidade dos dezanove concelleiros asistentes á sesión, aprobou a moción tal e como foi transcrita.



### 3. PARTE DE INFORMACIÓN, CONTROL E FISCALIZACIÓN

#### 3.1. Informes do equipo de goberno

Toma a palabra o Sr. alcalde para dar lectura á carta remitida dende o Ministerio do Interior, Dirección xeral da Garda Civil, Comandancia da Coruña, rexistrada de entrada ao núm. 0/4363 o 24 de maio de 2016, que consta do seguinte teor literal:

“Durante a madrugada do día 23 de abril do actual, recíbese aviso da Policía Local do Concello de Cambre (A Coruña), sobre a substración dun turismo na localidade de Oleiros (A Coruña) e que os posibles autores se deron á fuga.

Presentados no lugar e co apoio da dita Policía Local establécese un operativo de busca, localizando de forma inmediata o vehículo, que se atopa accidentado contra o peche dun terreo, informando a Policía que tiña visto saír a tres mozos del e darse á fuga. Organízase unha batida pola zona localizando a dous dos sospeitosos, os que emprenden a fuxida á carreira cara a un monte próximo, conseguindo interceptar e deter a un deles, o cal tiña no seu poder as chaves do vehículo e unha substancia estupefaciente (MMDA).

Sendo localizados posteriormente os outros dous sospeitosos e detidos por un delito de hurto de uso de vehículo a motor.

En relación co dito servizo, comprácame participarlle que no seu desenvolvemento prestaron unha activa e valiosa colaboración os axentes da Policía Local dese concello (*polo Sr. alcalde dáse lectura unicamente aos números de placa, que son o 9, o 13, o 21 e o 22, facendo constar que o número 21 atópase actualmente de baixa pola dita actuación*), que interviron na busca e detención dos presuntos autores.

Por iso, prégole faga chegar aos ditos axentes a miña máis sincera felicitación, pola encomiable dedicación e espírito de cooperación amosados, virtudes que, a non dubidar, contribuíron ao éxito do servizo, prestixiando, ao propio tempo, o Corpo ao que pertence.

Sen outro particular, aproveito a ocasión para enviarlle un cordial saúdo.”

O Sr. alcalde informa que a carta está asinada polo coronel-xefe da Comandancia da Garda Civil na Coruña, don Francisco Javier Jambriña, e manifesta que cre que era de xustiza facerlle este pequeno recoñecemento tamén aos axentes da Policía Local, porque ademais na prensa, nesta ocasión e noutra con albanokosovares, saíu que a detención era por parte da Garda Civil, cando realmente foron os policías locais de Cambre. O coronel veu velo, a pedirlle desculpas pola nota de prensa, e xa lle dixo que ía mandar unha carta en recoñecemento dese labor.

Concedida a palabra a don Manuel Rivas Caridad, voceiro do PP, expón que por parte do seu grupo municipal gustaríalle que transmitira as súas felicitacións a eses axentes.

O Sr. alcalde di que el cre que por parte de todos, e agradece as súas palabras.

A continuación, de orde do señor alcalde, a secretaria accidental dá conta dos seguintes asuntos:

- Da Resolución da Alcaldía núm. 692/2016, do 29 de abril, cuxa parte dispositiva consta do seguinte teor literal:

“Primeiro: Aprobar a liquidación do orzamento de 2015 da que se deducen, entre outros, os seguintes datos:

Orzamento de gastos	Euros
Créditos iniciais	14.667.679,17
Modificacións	3.388.025,46
Créditos definitivos	18.055.704,63
Gastos comprometidos	15.864.269,84



Obrigas recoñecidas netas	14.853.866,55
Pagamentos ordenados	14.722.627,60
Pagamentos realizados	13.683.491,16
Obrigas pendentes de pago a 31/12	1.170.375,39
Remanentes de crédito	3.201.838,08

Orzamento de ingresos	Euros
Previsións iniciais	16.060.116,93
Modificacións	3.383.983,83
Previsións definitivas	19.444.100,76
Dereitos recoñecidos	16.205.253,14
Dereitos anulados	507.508,31
Dereitos cancelados	0,00
Dereitos recoñecidos netos	15.697.744,83
Recadación neta	13.914.397,68
Dereitos pendentes de cobro a 31/12	1.783.347,15
Exceso de previsión	3.746.355,93

Outros datos resumo de especial interese:

- debedores pendentes de cobro a 31/12, 2.275.967,39 euros.
- acredores pendentes de pagamento a 31/12, 1.468.341,97 euros.
- resultado orzamentario axustado do exercicio, 676.049,43 euros.
- remanente de tesourería total, 3.325.508,35 euros.
- exceso de financiamento afectado, 486.528,39 euros.
- remanente de tesourería para gastos xerais, 1.754.476,19 euros.
- capacidade de financiamento, 1.540.117,58 euros.
- aforro neto, 1.209.241,99 euros.

Segundo: Remitir copia da liquidación do Orzamento do exercicio 2015 á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, remisión que se realizará unicamente a través do Rexistro Telemático Único da Administración da Xunta de Galicia mediante a aplicación dispoñible no portal da Xunta de Galicia [www.eidolocal.com](http://www.eidolocal.com), e ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas mediante a súa rendición telemática a través da oficina virtual para a coordinación financeira coas entidades locais da Dirección Xeral de Coordinación Financeira coas Comunidades Autónomas e as Entidades Locais.

Terceiro: Comunicar a resolución ó pleno na vindeira sesión que teña lugar.”

- Do escrito rexistrado de entrada ao núm. 0/4414 o 25 de maio de 2016, procedente do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, que consta do seguinte teor literal:

“Acúsase recibo do seu escrito co que remite certificación do acordo adoptado polo Pleno desa Corporación Local, do 27 de abril de 2016, referente á invasión da *cortadería sellona*, herba, penacho, plumeiro ou carrizo da pampa.

Así mesmo informámoslles que con esa mesma data, trasladamos o seu acordo á Secretaría Xeral de Agricultura e Alimentación, Centro Xestor deste departamento, competente nesta materia.”

### 3.2. Rogos

#### Rogos do PP presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 999/55 o día 21 de maio de 2016, xunto coas preguntas presentadas para este pleno.

1º Só cando a acción dos responsables públicos se somete a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións poderemos falar do inicio dun proceso no que os poderes públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poderes públicos.

Para canalizar a publicación da información demandada e facilitar o cumprimento das obrigas de publicidade activa, tendo en conta que non se pode, por un lado, falar de transparencia e, por outro, non poñer os medios adecuados para facilitar o acceso á información divulgada, a Lei de transparencia, acceso á información pública e bo goberno contempla a creación e desenvolvemento, entre outras medidas, dun portal de transparencia. Así mesmo, as novas tecnoloxías permítenos hoxe en día desenvolver ferramentas de extraordinaria utilidade para o cumprimento das disposicións da lei que permitan aos cidadáns que o demanden, obter a información que precisen.

Con tal finalidade, no pasado pleno ordinario do mes de outubro, a corporación municipal de Cambre aprobou por unanimidade unha moción presentada por un dos grupos da oposición na que se acordaba a adopción dos medios técnicos necesarios para a emisión en directo dos plenos municipais; así como gravación e difusión deles a través da propia web municipal.

Transcorridos máis de sete meses sen que se teña dado cumprimento ao dito acordo plenario, dende o Grupo Municipal Popular solicítase do equipo de goberno que, de cara á transparencia se adopten as medidas necesarias para dar cumprimento ao dito acordo plenario coa retransmisión en directo das sesións plenarias, a súa gravación e posibilidade de reprodución.

Trala lectura deste rogo, dona Marta M<sup>a</sup> Vázquez Golpe, concelleira do PP, expón que non está recollido na moción, pero quere engadir que foi o grupo ACdC-SON quen presentou esa moción.

O Sr. alcalde contesta que si, que efectivamente é unha reclamación de ACdC, e xa de EU na pasada lexislatura tamén, unha reclamación que o Goberno ten en conta. Di que, como saberán, teñen ao funcionario que leva todo o tema de informática de baixa dende hai dous meses. É un tema que non é tan fácil como lles parecía, porque si que teñen deberes feitos, e van dende o caso da Coruña, que paga 750 euros por pleno, a Miño que paga 70 cun investimento de 3.000. Tamén está un tema que están mirando agora e que falta aínda por ver coa secretaria, que é a videoacta, onde se pode asinar dixitalmente e se pode meter xa directamente en streaming, entón queren que estea o informático tamén para velo realmente e decidir que é o que van facer, e elixir o mellor.

Insiste en que hai unha gama amplísima en todo isto, dende poñer unha cámara e recoller o que falan dende as súas cadeiras, que non o vai entender ninguén, iso é o que lles din todas as empresas que consultaron, ata estar cun operador movendo a cámara e que cando se acenda o micrófono se escoite perfectamente.

El cre sinceramente que unha vez que se vai facer, deben darlle un pouco de calidade, aínda que se agarde un pouco, dar calidade para que os que estean en casa escoitando, o escoiten ben e o vexan. Están sopesando ese tema e agardan que nun mes, dous meses como moito, o teñan xa implantado. Co tema do informático estiveron agardando, pero cre que vai para longo, polo que van continuar con isto.

Conclúe dicindo que neste momento están agardando á que a secretaria vexa o tema, que veña dende Madrid a empresa, e outra empresa, que lles presenten a videoacta, que el xa a viu, pero que lla presenten á secretaria, que ao fin e ao cabo é a que ten que dicir se serve ou non serve, e logo decidir polo tema dos custos.

Dona Marta M<sup>a</sup> Vázquez Golpe manifesta que a ela a explicación parécelle perfecta, pero hai que ter en conta que esta moción vén do mes de outubro. Di que todos saben o que é retransmitir un pleno municipal, é un trámite moi sinxelo, moi económico, e que ademais ten moitísimas posibilidades de autofinanciarse, porque incluso na mesma retransmisión se poden inxerir unha serie de anuncios publicitarios ou o que se lles poida ocorrer. É dicir,

non é nin sequera unha cuestión económica, nin técnica, é un paso adiante que hai que dar, se o queren dar, e que é sinxelo, que ten moita menos complexidade que outros asuntos que se teñen tratado nos plenos e nos que se ten que facer un procedemento de contratación longo, que require unha observancia técnica continuada. Neste caso é relativamente sinxelo e se o queren facer, faise, e dende o mes de outubro púidose ter feito se houbera vontade do grupo de goberno, isto sempre dende o respecto ao que o Sr. alcalde lles explicou.

O Sr. alcalde manifesta que, como dixo moitas veces, el entende de vernices e entende moito, pero disto non entende, por iso se deixa asesorar. Di que intenta abrir un abanico importante de posibilidades para sacar unha idea e poñela enriba da mesa, e buscar a mellor oferta de todas.

Para el é complicado. A señora concelleira dixo que non o era, nin técnica nin economicamente, e el cre que si o é, tanto técnica como economicamente tamén, porque senón poden coller o da Coruña, que son 750 euros por pleno, traelo aquí, retransmitir e xa está. Pero el cre que iso é carísimo para os veciños de Cambre, e cre que entre unha cousa e outra hai un punto intermedio. Niso están, falando cos técnicos municipais tamén.

Reitera que se están atrasando, si, hai un atraso de cinco meses, máis eses dous da baixa do informático. Quere pensar que se os apuran mañá traen unha cámara, a poñen aí e xa está, pero el cre que non é ese o sistema. E vontade si que hai.

Dona M<sup>a</sup> Olga Santos López, voceira de ACdC-SON, manifesta que ela realmente agradece que o PP requira do Goberno que se respecten os acordos plenarios, pero é que neste tema de verdade que ten que dicir un par de cousas.

Di que se o PP quería que se retransmitiran os plenos podía telo feito durante moitísimo tempo, porque EU llo requiriu. Hai unha moción aprobada, ou ao mellor está equivocada, porque a verdade é que a moción a trouxeron, pero a verdade é que a votación agora mesmo non a lembra, pero tróuxose este tema aquí e o que si lembra é que o PP falaba de miles de euros, de que non se podía asumir. Non se falou en ningún momento de que fora sinxelo, económico e autofinanciable. A negativa do PP a retransmitir os plenos foi absoluta, en varias ocasións que o trouxeron, e lembra que naquel momento quen falaba, ou quen levou este tema era o Sr. Felipe Andreu, que dicía que se pediran moitos orzamentos, EU tamén pedira uns cantos, e incluso o resto dos grupos dicían que había que ver se efectivamente podía chegar a ser tan caro.

De tan caro carísimo que non se podía levar a cabo, agora de súpeto é sinxelo, económico e autofinanciable, e se lle achaca ao Goberno, e non vai ser ela quen o defenda, porque se defenden perfectamente no Goberno actual do Concello de Cambre, pero se lles achaca un atraso de cinco ou sete meses, iso cando o PP nunca tivo nin a máis mínima intención de sentarse a falar deste tema. Parécelle dun populismo barato que non vén a conto.

Por outra parte, o de respectar os acordos plenarios. Di que por suposto que si, evidentemente, pero volve dicir o mesmo, o PP pasouse acordos plenarios polo arco do triunfo, así como lle deu a gana, e agora de súpeto véñenlles coa falsa moralina de que hai que respectar os acordos plenarios. Por suposto que si, pero teñen que respectalos todos, e teñen que respectalos nesta Corporación, na anterior e nas vindeiras, porque lembra perfectamente, por exemplo, o acordo plenario polo que se acordou que a Casa da Arrigada ía ter un determinado uso, e o PP na mesma lexislatura encargou un informe para destinalo a un uso diferente, sen falar co resto dos grupos da oposición.

Conclúe dicindo que ou todo ou nada, pero que este Goberno leve cinco meses de atraso a ela tamén lle consta, e en defensa deste Goberno, sabe que falaron con R e que levan facendo xestións dende que se aprobou a moción, algo que o PP nunca fixo, nin unha soa vez.

O Sr. alcalde manifesta que é verdade, que eles teñen por exemplo un orzamento de 17.000 euros máis IVE, ou sexa, 21.000 euros, e iso é xa con videoacta. Terán que ver se iso é caro ou barato e sopesar a cantidade de

horas que pasa unha funcionaria pasando o que están dicindo nese momento, que iso ten un custo tamén. Terán que ver que se igual eses 20.000 euros, despois de facer un estudo, é un orzamento barato, haberá que velo, pero hai que facelo con calma, con tranquilidade e intentar escoller a mellor oferta. Incluso lembra como dona Olga Santos tiña falado de poñer simplemente un ordenador, gravar e xa está, pero claro, a calidade que vai chegar á casa non é a que cre que os veciños merecen.

Conclúe dicindo que eles, e é a verdade, polo menos están intentando buscar a mellor das fórmulas, e llela amosarán a todos antes de tela tamén, non hai ningún problema.

Don Daniel Carballada Rodríguez, voceiro do BNG, manifesta que a súa intervención está patrocinada por Casa Alfredo, e quere dicir con iso que se lle permiten a brincadeira, que considera un pouco ridículo o tema de meter publicidade.

Dona Marta M<sup>a</sup> Vázquez Golpe dille que moitos concellos o están facendo.

Don Daniel Carballada Rodríguez contéstalle que moitos concellos, si, pero que agarda que este non, é dicir, que o libre mercado e ese capitalismo salvaxe no que viven ten que ter tamén un pouco de couto.

Segue a dicir que a el pásalle con isto un tema, e se lle permite a señora concelleira, moi peculiar, parecido ao tema das declaracións de bens. A el dálle moito pudor mirar esas declaracións, de verdade, supón que están por aí, el non mirou nunca a de ningún concelleiro, e resúltalle raro. Tampouco sabe se haberá xente que non vén ao pleno pero que o queira ver, ben, perfecto, parécelle ben, loxicamente entende que é un dereito democrático. Quere dicir con iso que el non sabe nin sequera se están a colgar os audios na páxina web, e quizais podería ser un medio provisional, colgar eses audios, as actas entende que si que se soben, ou sexa que todo o mundo pode nese sentido velo.

Quere dicir que habendo esas medidas, o substancial, que é o que se fala e acorda no pleno, pode chegar á cidadanía, iso é o substancial, para el é secundario que chegue en directo, e é secundario que chegue cunha nitidez de imaxe e unha calidade e demais, sempre que iso se saia un pouco de nai eses prezos.

Fóra desa cuestión da videoacta, que pode ser unha innovación técnica que ademais de ser un operativo áxil e funcional, sexa máis económico, pois se finalmente é así, benvido sexa, pero senón gastar esas cantidades, el cre que un pouco impúdicas a día de hoxe, para simplemente ofrecer mellor algo que se pode ofrecer sen maior custo, como é publicar as actas e o audio, pois mentres non atopen algo que realmente sexa barato, sendo total e absolutamente partidario de que se poidan retransmitir, si que consideran dende o Bloque que tampouco deben caer nun gasto que entenden suntuoso e supérfluo.

O Sr. alcalde informa que falta unha das empresas que vai vir tamén a presentar o tema da videoacta. Unha a teñen no Concello de Ames, que está probando ese tema, por iso en caso de que lles guste e de que poida ser asumido ese custo, porque resulte que é barato despois de analizar as horas que pasa a funcionaria pasando actas, o primeiro que van facer é ir a Ames a ver como funciona e ver se realmente están contentos ou non.

2º Nos últimos días temos asistido á publicidade da licitación da produción e contratación artística da vixésimo quinta edición do Festival Rock in Cambre, a celebrar o vindeiro mes de agosto.

Para o concelleiro de Cultura, Tradicións Populares e Deportes *“trátase dun xiro evidente respecto de edicións anteriores”*.

Os pregos de licitación propoñen a contratación de varios grupos de rock entre os que se atopan ‘Soziedad Alkoholika’ e ‘El Último Ke Zierre’.



Polo que respecta ao primeiro dos grupos indicados é preciso lembrar as queixas emitidas por diversos colectivos de policía e gardas civís pola contratación deste grupo noutras cidades de Galicia e do resto de España; colectivos indignados ante a decisión de contratar con diñeiro público a grupos musicais cuxas letras ofenden a colectivos como o de policía e gardas civís ou de vítimas do terrorismo, cuxa asociación chegou a denunciar ao dito grupo por enaltecemento do terrorismo.

Dende o Grupo Municipal Popular consideramos que un pobo como o de Cambre, exemplo de civismo e hospitalidade, e unha celebración tan importante como a vixésimo quinta edición do festival Rock in Cambre, non merece este “xiro”, se é que o que se pretende é mellorar a celebración deste ano respecto das edicións de anos anteriores, razón pola cal se interesa a reconsideración dos grupos a contratar.

Don Ramón Boga Moscoso, concelleiro da Área de Cultura, Tradicións Populares e Deportes contesta que efectivamente se trata dun xiro bastante evidente. O que eles pretenderon dalgunha maneira é volver ao espírito orixinal, é dicir, a darlle participación á xuventude, que é como naceu e como se desenvolveu o festival ata que se meteu o concello polo medio.

Explica que o asunto é que reuniron a absolutamente todos os creativos que puideron e os que quixeron vir, e entre todos dalgunha maneira confeccionaron o programa.

Don Juan Abalo Castex, concelleiro do PP, manifesta que o seu grupo o que quere poñer en evidencia son precisamente os problemas que poden xurdir, sobre todo de orde pública, coa contratación destes grupos. Teñen sacado exemplos da prensa, do ano 2014 nas festas de Pontevedra, nas que policía e gardas civís se amosaron indignados ante o concerto de ‘Soziedad Alkoholika’. Foron protestas da Unión Federal de Policía, a Unión de Gardas Civís, ás que se engadiu tamén o Sindicato Profesional de Policía. Deixaron ben claro a existencia de letras absolutamente enaltecedoras do terrorismo e lembraban ao concello que o custo da actuación deses grupos para o erario municipal era diñeiro público, diñeiro que achega todos os contribuíntes, segundo dicían eles, incluídos os policía e os gardas civís, e dicían que querían facer saber ao alcalde que non estaban en absoluto dispostos a que co diñeiro que achegaban pagando os seus impostos, xunto co do resto dos cidadáns pontevedreses naquel caso, se utilizara para insultalos e denigralos, nin a eles nin a outros colectivos de cidadáns.

Continúa dicindo que esa ten sido unha práctica utilizada noutras cidades, como por exemplo en Madrid, onde se chegou a prohibir un concerto de ‘Soziedad Alkoholika’ por un informe da propia Policía municipal. Ese informe recollía que a propia Lei de espectáculos prohibe actividades que inciten ou fomenten a violencia, racismo, xenofobia, ou calquera outra forma de discriminación, ou que atente contra a dignidade humana. O expediente recalca que as letras das cancións dese grupo xa foron obxecto de análise polo Tribunal Supremo, e o alto Tribunal recollía nunha das súas sentenzas que as cancións estaban cargadas de opinións con excesos verbais, ferintes e desafortunados. Engadía que esas eran especialmente rechazables no momento e a ocasión, tanto no ano no que se gravara a canción, ano 1993, como na actualidade, sobre a actuación de determinados membros das Forzas de Seguridade en prevención de atentados contra as súas persoas. O coordinador xeral de emerxencias da Policía municipal de Madrid ordenou a prohibición e suspendeu de maneira inmediata a celebración do espectáculo, con prohibición e recalcando a existencia do artigo 556 do Código Penal en caso de incumprimento da prohibición de celebración do concerto.

Expón que o Grupo Municipal Popular entende que tamén se pode producir esa situación no Concello de Cambre, e por iso o que solicitan é a reconsideración, sobre todo tendo en conta as declaracións do concelleiro pertinente, que di que quere dar un xiro e volver á situación orixinaria. Pódese producir unha situación de orde pública que xa viron que se tentou abortar noutras ocasións.

Tamén está o que acaba de ler o Sr. alcalde hai un momento, o recoñecemento á Policía Local polas súas intervencións, ao cal o PP se ten adherido, por un lado agradecen e por suposto enaltecen a situación da Policía



Local entre outras cousas, e despois traen grupos con letras ferintes para as Forzas e Corpos de Seguridade do Estado, entre as que se inclúe tamén a Policía Local de Cambre.

Dona M<sup>a</sup> Olga Santos López, voceira de ACdC-SON, manifesta que sabe que son as once e media da noite, pero di que ten que intervir aínda a costa de que non cheguen aos rogos e preguntas do seu grupo.

Di que existen dúas posibilidades de requirirle a un Goberno que suspenda unha actividade musical ou cultural programada. Pode ser que se solicite porque sexa ilegal ou atente contra algún precepto que impida a dita actuación. O concelleiro do PP fixo mención ás sentenzas, pero non falou do resultado desas sentenzas, esa é a cuestión.

A primeira opción, que sexa ilegal, non é admisible. No texto do rogo do PP faise mención á denuncia da Asociación de vítimas contra o terrorismo, e cabe lembrar que a Sala 1<sup>a</sup> do Penal da Audiencia Nacional absolveu á 'Soziedad Alkoholika' polo delito de apoloxía do terrorismo en novembro do ano 2006. Esa sentenza foi ratificada. O señor concelleiro fixo mención a sentenza, pero non falou de que incluso foi ratificada pola Sala 2<sup>a</sup> do Tribunal Supremo do ano 2007, tralo recurso de casación interposto pola mesma Asociación de vítimas do terrorismo. Esas sentenzas, entre outras evidencias, apóianse nas manifestacións, que ela cre que teñen validez, porque son os propios membros do grupo os que as fan, que sempre manifestaron que non apoiaban ao terrorismo.

A outra possibilidade que existe, posto que esa queda absolutamente invalidada, hai sentenzas que absolven ao grupo, a outra das posibilidades é unha cuestión de moralidade, e aí evidentemente cada un ten a súa. Aínda así di que poden completar esta cuestión da moralidade, porque ela persoalmente, que non é fan de 'Soziedad Alkoholika', pode chegar a entender que teñan unhas letras que poidan ofender a determinados colectivos, o pode entender, pero o que realmente lle produce moito noxo é que o PP veña defender a sensibilidade das Forzas e Corpos de Seguridade do Estado facendo unha demagogia electoralista barata, cando nunca dixeron nin mu respecto dos temas que entonan as orquestras nas festas, e di que agora vai cantar: *"Me equivoqué, castígame, castígame, seré una niña buena"* de Marina Seoane; de Manolo Escobar *"No te cortarás el pelo. No tengas celos. Sólo te pido que me hagas la vida agradable si decides vivirla conmigo. No me gusta que a los toros te pongas la minifalda"*; de Ramón Orlando *"Te compro a tu novia, no voy a regatear el precio. No sale a la esquina y no habla con la vecina"*; de Mocedades *"Tú me admiras porque callo y miro al cielo"*; Pimpinela *"Yo le doy mi lugar, que recoja tu mesa, que lave tu ropa y todas tus miserias"*; de Loquillo *"La mataré"*.

Di que todas esas letras, animadas e festeiras, escóitanse ano tras ano nas festas, nas orquestras que relixiosamente pagou o Concello de Cambre, e realmente ela nunca escoitou ao PP pedirle aos donos das orquestras que tiveran en conta a sensibilidade das mulleres e que por favor vestiran ás rapazas que saen a cantar dun xeito un pouquiño máis apropiado.

Se lle preguntan se ela se sente ofendida cando Loquillo di que a mate, dilles que non, que entende que é a creación artística, e entende o que quere dicir e pretende transmitir Loquillo, pero está convencida de que Loquillo non matou a ningunha das súas mulleres.

Di que se a sensibilidade fose equilibrada o PP hoxe non traería este rogo, absolutamente maniquero, que pretende coa expresión "xiro", que é unha expresión moi mal intencionada, pregúntalles xiro a onde,....

Intervén o Sr. alcalde para pedirle que vaia terminando.

Dona M<sup>a</sup> Olga Santos López di que si, que vai terminando. Dixo antes que non é ela a que vai defender ao Goberno, que se sabe defender moi ben, pero ela celebra esa contratación. Dicía a Sra. Vázquez Golpe que hai eleccións o 20 de xuño, e a quen máis se lle nota que hai eleccións é ao PP, que entre Venezuela, ETA e os "rojos" comunistas, ten a campaña feita.

Don Daniel Carballada Rodríguez, voceiro do BNG, felicita ao Partido Popular por traer esta moción, realmente cuestións que importan e preocupan á xente de Cambre, e aínda que sexan as once e media van facer un esforzo para estar á altura de tan nobre iniciativa.

Di que primeiramente el a 'Soziedad Alkoholika', e dentro da súa incultura musical, a verdade é que non lle coñece ningunha canción, non sabe polo tanto nin se lle gusta, nin se lle desgusta, o que si ten claro é que vive, ou polo menos quere vivir, nun país, nunha sociedade, neste caso nunha vila, nun concello onde haxa liberdade de expresión, e nese sentido el entende que a liberdade de expresión consiste basicamente niso, en que cada quen poida expresar con liberdade as súas opinións, e poida crear e poida producir, e poida transmitir, e poida comunicarse co resto da sociedade, neste caso dentro dunha disciplina cultural, artística, con total e absoluta liberdade de expresión, máxime no contexto dun concerto de rock.

Para el, á parte da choqueira que supón este rogo, ten un transfondo político que si é, por así dicilo, máis preocupante. É dicir, dende o Bloque non queren dar consellos a ninguén, pero si polo menos evidenciar segundo que cousas, porque vale, vén 'Soziedad Alkoholika' ao Rock in Cambre, e el entendería, e xa di que non por nada, que igual dende o PP se puidera criticar que este que é o XXV aniversario, e que o cartel desmerece, ou que non lles gusta, ou iso ou o outro, por "X" motivos, é dicir, algo relativamente máis fundamentado, pero xa ve que se van a un derrape total e absoluto.

Dilles iso basicamente por dúas cuestións. A primeira delas porque o PP trouxo a Cambre a un grupo que se chamaba 'Lendakaris Muertos', e el non sabe se son conscientes das letras de 'Lendakaris Muertos', pero foi no ano 2014, o 11 de agosto. Lémbrale ao Sr. Abalo que lehendakari tamén é unha persoa do Estado e todas esas cousas, non é un vasco que anda por aí que poden matar alegremente.

Pero di que a maiores diso, e indo de verdade ao serio, el entende que viven nun concello plural, a lexislatura pasada foron o concello con máis partidos no pleno de todo o país, este ano os superaron algúns, pero por pouco, porque faltou o canto dun duro para que entrara outro, e eles dende o Bloque sempre din que teñen a gala iso, porque está moi ben, porque é un concello onde se opina moito, e diferente, e a sociedade está máis viva e hai máis participación, e máis diverxencia de opinións, e non pasa absolutamente nada, e o din dende o Bloque, que son unha forza que defende que Galicia é unha nación, que non están de acordo co Estado no que viven, e que teñen unha opinión moi particular, máis aló da casuística propia de Cambre, do papel que debe xogar por exemplo a Garda Civil. Non entenden por que un corpo militarizado ten que facer funcións de policía, é un caso único en España. Pero di que procuran máis ou menos levarse ben, é dicir, que nestes corenta e pico quilómetros cadrados haxa sitio para todos.

E cre que o PP tamén debería de entendela, porque estiveron, e diríxese directamente ao Sr. Rivas, catro anos na Alcaldía, e el cre que tiveron unha actuación respecto do que se son as liberdades, a pluralidade, a convivencia democrática, en termos xerais positiva e aceptable, e así o teñen valorado dende o Bloque, que son bastante tiquismiquis con ese tipo de cuestión. Por iso lle sorprende que traian esta iniciativa. El cre que están, e de verdade llelo di e non son ninguén para dar consellos, pero un pouco tirados ao monte. El non sabe se estas cousas llelas manda Romay nos exercicios espirituais ou cousas así, pero si lles di, de verdade, que non fan xustiza nin á súa traxectoria, máis aló de que sabían que en Cultura sempre se pedían os libros de Ratzinger e Jiménez Losantos e tal, pero vale, gobernaba o PP, pero isto el realmente cre non, que está moi collido polos pelos, que non pasa ao seu modo de ver por algo minimamente serio. El non sabe, en relación coa moción que trouxo o PSOE, se a cobertura universal da Seguridade Social cubre este tipo de enfermidades, pero dilles que deberían miralo.

Concedida a palabra a don Ramón Boga Moscoso manifesta que, simplemente para rematar, agradécelle a súa intervención á voceira de ACdC-SON e ao voceiro do BNG. Di que ese grupo musical poderá gustar ou non, é dicir, os gustos son os gustos, pero ata hoxe en día 'Soziedad Alkoholika' está amparada pola legalidade vixente en España, iso é así sen dúbida. Hai que recibilos con civismo e hospitalidade.

Don Juan Abalo Castex pide a palabra ao Sr. alcalde porque di que foi un linchamento auténtico.

Toma a palabra o Sr. alcalde e manifesta que lle vai dicir unha cousa referente a súa exposición. Infórmalle de que el persoalmente falou co capitán da Garda Civil, que é o capitán de posto de toda a zona, e tamén co tenente do posto de Cambre, díxolles que ía vir 'Soziedad Alkoholika' e preguntoulles se había algún problema. A resposta foi que ningún. Xa estaba decidido, el simplemente lles comunicou que ían vir e lles preguntou cal era a súa opinión, se tiñan algún problema, e respondéronlle que non, que en absoluto. Tanto o tenente, que é o xefe de posto, como o capitán, lle dixeron a el persoalmente que problema cero. Polo tanto van pasar ao rogo número 3.

Neste momento os concelleiros do PP interveñen para reclaman o seu dereito a contestar ás intervencións, e don Manuel Rivas Caridad, voceiro do grupo, pregunta se é que os poden insultar e facer o que queiran.

O Sr. alcalde dilles que xa interviñeron dúas veces, e que non lles insultaron. El considera que non houbo insulto, e informa ao Sr. Rivas de que non ten o uso da palabra.

O voceiro popular manifesta que xa sabe que non o ten, que co Sr. García Patiño nunca teñen a palabra.

O Sr. alcalde reitéralle que non está no uso da palabra e que é a segunda vez que lle chama a atención.

Don Manuel Rivas Caridad manifesta que vai ter que expulsalo do pleno.

O Sr. alcalde dille que é o terceiro aviso e pídelle ao voceiro popular que abandone o salón de plenos.

Así pois, en aplicación do disposto no artigo 113.2 do Regulamento orgánico municipal, sendo as vinte e tres horas e corenta e dous minutos, don Manuel Rivas Caridad, voceiro do PP, abandona a sesión. Faise constar que no mesmo acto, os demais concelleiros presentes do PP (dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M<sup>a</sup> Vázquez Golpe) abandonan igualmente o salón de plenos.

Sendo as vinte e tres horas e corenta e tres minutos continúaase a sesión. O Sr. alcalde concédelle a palabra a voceira do GM (C's), dona M<sup>a</sup> José García Hidalgo, quen manifesta que ela hai aproximadamente quince días, cando tivo coñecemento de que ese grupo ía vir, o primeiro que fixo antes de nada foi chamar ao concelleiro de Cultura para interesarse, efectivamente, pola legalidade vixente, e ver se non ía correr ningún risco o concello por contratar algo que ao mellor puidese suspenderse por calquera motivo legal, co conseguinte custo para o concello.

Informáronlle do mesmo que o señor concelleiro de Cultura dixo antes aquí e a ela pareceulle unha explicación convincente. Conclúe dicindo que nada máis, que simplemente quería dicir iso.

### **Rogos de ACdC-SON presentados por escrito**

Rexistrados de entrada ao núm. 999/54 o día 20 de maio de 2016, xunto coa moción e as preguntas presentadas para este pleno.

O Sr. alcalde informa que o primeiro rogo tiña que respondelo a concelleira delegada dona Josefa Vázquez Soto, que hoxe non está presente, pero que se queren o poden ler sen ningún tipo de problema, para que conste en acta. Así mesmo pregúntalles se queren que a concelleira lles conteste por escrito ou no vindeiro pleno.

Don Antonio Bruquetas Santos, concelleiro de ACdC-SON, manifesta que si o vai ler, e que teñen que ver o da forma de contestar, porque pode resultar máis interesante que a concelleira conteste en pleno de cara aos

veciños. Di que este é un rogo que pensa que é bastante importante, é unha mágoa que non se poida dar resposta hoxe aquí, porque era algo bastante importante para os veciños, é algo que está pendente dende hai tempo e reitera que é unha mágoa non poder ter unha resposta hoxe.

1º Existe unha fonda preocupación entre os veciños do Temple, pola dimensión que está tomando a demora na posta en funcionamento do centro de saúde. Esta obra está acumulando atrasos de case un ano, cos conseguintes prexuízos para os veciños de Cambre, e en especial para os da parroquia do Temple, onde a dotación sanitaria existente é claramente insuficiente.

Diante desta situación, chama a atención que non exista unha información detallada por parte das administracións responsables sobre os prazos previstos para a súa apertura ou dos motivos que a impiden.

Polo exposto pregamos nos informen cales foron as xestións realizadas polo Goberno sobre o mencionado asunto e da demora na entrada en servizo desta infraestrutura sanitaria.

O Sr. alcalde explica que con independencia do que lles vai contestar a señora concelleira, por escrito ou como eles queiran, el dilles que teñen unhas sete ou oito chamadas gravadas, onde na Consellería os mandan dun sitio a outro sen darlles resposta ao que preguntan, que é cando teñen pensado inaugurar o centro. Iso o teñen gravado co móbil, porque sabían o que ía pasar.

Ademais, hai pouco, o xoves ou o venres, chegou un correo electrónico da Consellería solicitando o enderezo exacto do centro de saúde, contestáronlles ao momento e ao mesmo tempo pedíronlles información sobre cando tiñan pensado inauguralo. Tiveron a calada por resposta, e a día de hoxe non teñen ningún tipo de comunicación.

Don Antonio Bruquetas Santos pregunta se o concello vai facer algunha cousa ou algunha actuación para corrixir este problema, porque di que este é un tema no que xa levan máis de seis meses de atraso. Díxose que esta obra ía estar finalizada no ano 2015, están a metade do 2016 e aínda non saben que pasa con isto, nin por que non se recepciona, nin cales son os motivos que impiden que a Xunta colla a titularidade do tema. Non saben se son defectos que poden estar motivados polas obras, se é unha cuestión de contratados, non teñen nada de información.

Di que este rogo tamén está un pouco encamiñado a que o Goberno informe aos cidadáns e lles diga en que situación está ese centro de saúde. Non pode ser que despois de tanto tempo sigan saíndo noticias, por exemplo en abril, de xente que ten que irse a outra parte, mesmo á Coruña, para que os atendan, cando ese centro xa debería estar recepcionado e dando un servizo.

Trátase ademais dun servizo moi necesario, non soamente afecta á xente de Cambre, que é o principal receptor dese centro, senón que son a referencia da contorna, xente de Carral e de Abegondo tamén poden chegar a necesitar dese centro de saúde pola proximidade das vías de conexión que teñen. Eles pensan que o Goberno ten que tomar parte activa nisto, e se non están recibindo respostas haberá que facer algún tipo de xestión para que isto non siga así no tempo.

O Sr. alcalde contesta que están dispostos a escoitar calquera suxestión que lles fagan, para ver que queren que faga o Goberno respecto disto. Di que eles teñen unha teoría, que é que este centro de saúde é copia doutro que se fixo onde non entraban as padiolas e demais. Pensan que por aí vai o tema, hai un defecto de construción no outro, e cren que neste pode ser igual. Eles, a única ocasión na que puideron ter entrado no centro de saúde foi cando veu a conselleira a visitalo, pero decidiron non entrar, e todos saben o por que. Foi a única vez que eles tiveron a oportunidade, a partir de aí ninguén do concello foi capaz de entrar no centro de saúde.

Don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, concelleiro da Área de Recursos Humanos e Servizos Sociais, explica que el o que sabe é que os centros de saúde son todos copia calcada, máis ou menos, poden ter unha sala máis,



ou unha sala menos, en dúas alturas, todos. Hai un problema evidente, que é que a sala de críticos está abaixo, na planta baixa, como corresponde segundo a lei, e hai un problema que é que se alguén infarta na planta primeira, non o poden baixar nunha padiola porque non cabe no ascensor. E iso pasa en Arteixo, está sen abrir tamén, Culleredo, cre que é Vilarmador, hai catro ou cinco que están para abrir agora novos e que non se están abrindo, e pensan que todo o tema é porque hai que arranxar ese tema, porque os concellos non queren recepcionalo.

Engade que mañá ten unha reunión coa xerente de primaria, por temas profesionais, e pensaba aproveitar para preguntarlle polo centro de saúde de Cambre, para ver cando o abrían. Tamén quere preguntarlle polo persoal do que tiña falado con ela hai tempo. A xerente quedara en dicirlle se o ían poder aumentar, porque aquí tampouco se fala nada de odontoloxía, que non o hai. Hai sala no novo centro, pero non hai dotación para o odontólogo.

Conclúe dicindo que se ten a oportunidade e o deixa, despois da reunión que teñen mañá, lle preguntará.

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo, Obras, Medio Ambiente e Patrimonio, informa que en Urbanismo si lles pediron as conexións, os informes sobre cesións de viarios e tal, é dicir, esa xestión si a fixeron, polo tanto ao mellor si que ten que ver co que comentou o alcalde e o concelleiro, porque realmente en Urbanismo lles deron todo hai case dous meses. Estráñalles.

Don Antonio Bruquetas Santos pregunta que outras posibilidades ten o concello de facer algo.

O Sr. alcalde contesta que, como xa dixo, teñen chamado e gravado a conversación, non sabe se sete ou oito veces, para que vexan que os chaman, que lles mandaron correos preguntando cando van abrir, lles mandaron a moción que se aprobou en pleno por todos, e seguen no mesmo.

2º Somos coñecedores de que se están levando a cabo diferentes roldas de reunións por parte do Goberno con hostaleiros e técnicos ao obxecto de darlle forma á iniciativa de desenvolver unha feira no Temple. Cómpre lembrar que esta iniciativa foi unha proposta de ACdC incluída no noso programa. Agradecemos ao Goberno que unha vez máis asuma como propia unha iniciativa nosa, aínda que non estaría de máis, atendendo a criterios de honestidade e transparencia que fomos invitados tanto ACdC, como por extensión os demais grupos políticos, para poder darlle a esas reunións un prisma máis amplo do que poden plasmar os hostaleiros, o Goberno e os técnicos.

Fáltannos nas ditas reunións as opinións dos veciños, representados democraticamente nos grupos municipais que formamos parte da Corporación.

Pregamos sexamos incluídos todos os grupos da Corporación nas conversas ou tidos en conta de cara á configuración dunha iniciativa propia de ACdC, que coidamos será unha fonte dinamizadora e de recursos para o noso concello en xeral e para a parroquia do Temple en particular. Así mesmo, pregamos que na presente sesión se nos informe por parte da concelleira responsable do estado das citadas conversas.

Dona Leonor Fernández Grande, concelleira da Área de Desenvolvemento Socioeconómico, explica que no artigo 3 da Ordenanza reguladora de venda ambulante, publicada no BOP núm. 137, do 19 de xullo de 2012, xa se contemplaba a posibilidade de, ademais da feira tradicional de Cambre, desenvolver outra nas parroquias do Temple e A Barcala, sendo de interese dos partidos políticos que o tiñan no seu programa, como tamén UxC e PSOE, cre lembrar, no 2011. Co fin de traballar na posta en marcha destas feiras tiveron que modificar a ordenanza reguladora, modificación que xa foi publicada no BOP núm. 7, do 13 de xaneiro de 2016.

En canto aos traballos que se están a desenvolver, xa a anterior concelleira da área, dona M<sup>a</sup> Dolores B. García, en decembro mantivo reunións cos veciños, hostaleiros e empresarios, no local social, onde asistiron arredor de 100 persoas.



Continúa dicindo que, unha vez asumida por ela a concellería no mes de marzo, continuou coa mesma liña de traballo. Seguindo os criterios da Policía a localización da feira do Temple sería nas rúas Párroco Manuel Cobas e Celso Emilio Ferreiro, onde poderían entrar 50 postos, que a criterio dos vendedores ambulantes e das técnicas da ADL serían poucos. Están estudando a posibilidade de alongar cara ao Paseo Marítimo, e chegar aos 75 postos recomendados. Fíxose unha solicitude a Demarcación de Costas.

Co fin de establecer unha data, reuníse cos empresarios. Despois de recoller a opinión de uns e outros, uns querían o venres, outros o sábado e outros o domingo. Ao final optou porque sexa de venres, o segundo venres de mes, para que non coincida coa feira de Cambre. Parece un día apto e están tamén de acordo os vendedores ambulantes.

Conclúe dicindo que cando teñan unha resposta de Costas, manterán reunións coas asociacións de veciños, empresarios e cos feirantes da venda ambulante, para poñelo no seu coñecemento. Tamén se está a traballar na difusión e publicidade da feira.

Don Antonio Bruquetas Santos, concelleiro de ACdC-SON, expón que como ben di o texto do rogo, están ante un novo caso no que o programa do seu grupo sae para adiante sen eles. Como outro exemplo poden tamén falar das goteiras e cousas así. Di que isto lles preocupa, e pregunta se é unha falta de ideas ou é o recoñecemento dun bo programa.

Di que iso tamén está a pasar con algunhas propostas e iniciativas que outros grupos presentan. Para ACdC é un motivo de orgullo, e mentres as iniciativas positivas para o total da veciñanza vaian para adiante, eles contentos, pero agradecerían que dado que foron os ideólogos desas iniciativas, se lles incluía nas xuntanzas e conversas. E tendo en conta que todas esas cousas xa ven que están bastante adiantadas, con máis motivo, para poder dar cumprimento ao seu labor democrático.

O Sr. alcalde expón que o tema da feira da Barcala e do Temple, UxC no ano 2011 xa o levou tamén no seu programa electoral, non é un tema que ACdC sacara agora da chistera como unha idea súa. Se fora unha idea exclusivamente de Asemblea o dirían, que algunha tiveron e lles agradecen, porque non lles caen os aneis por iso, se é unha boa idea e se pode levar a cabo, se agradece, se leva a cabo e fóra. Pero esta non é exclusivamente deles, senón que o Partido Socialista tamén a levou nalgún programa, e UxC no 2011 e no 2015 tamén a levaron no seu programa electoral. Ou sexa, que non é que sexa unha idea exclusivamente deles, e se queren dálles o programa electoral de UxC, ou poden velo na web, que tamén sae alí. Só faltaría que agora se apropiasen dunha idea como é facer unha feira, que non é nada do outro mundo. Xa a tivo o Sr. Salcines que foi a Londres a ver a feira.

Respecto da participación díilles que hai unha cousa que está clara, hai unha parte que é de xestión do Goberno e hai outra parte que é da oposición. Neste caso o Goberno quere levar a cabo unha feira e está falando cos empresarios, está falando cos hostaleiros e está falando con todo o mundo, para levar unha iniciativa adiante, e ese é un labor exclusivo, ou eles entenden que así o é, do Goberno municipal.

Se ACdC quere falar cos veciños, ou cos comerciantes, ou con quen sexa, poden facelo libremente, pero eles dende o Goberno entenden que non van paralizar a súa xestión por invitar a todos os grupos a ver que fan coa feira, ou que deixan de facer con ela. Primeiro van facer a xestión, e despois xa lles expoñerán o que se vai facer, cando se vai facer e como se vai facer, e aí terán dereito a opinar, só faltaría, e a dicir o que lles dea a gana, pero parécelle fóra de lugar iso de apropiarse dunha idea como é o tema da feira.

3º Recentemente publicábase na prensa que o Goberno de Cambre iniciara contactos con diferentes asociacións xuvenís para chegar a crear unha comisión de festas en Cambre que organizara as festas patronais de Santa María.

Tendo en conta que estamos a escasos tres meses das citadas festas, dende o noso grupo pregamos ao concelleiro responsable nos informe sobre o estado das ditas conversas e contactos de cara a poder esclarecer que acontecerá coas festas patronais de Cambre para este ano 2016.

Don Ramón Boga Moscoso, concelleiro da Área de Cultura, Tradicións Populares e Deportes contesta que, como xa saben, o concello non vai organizar este ano as festas de Cambre. Efectivamente antes de comunicalo tiveron conversas cos elementos sociais que podían ser susceptibles de organizar unas festas na parroquia de Cambre. Esas conversas non frutificaron. É unha festa parroquial, e eles cren que as festas parroquias as fan a xente da parroquia, é dicir, cando un concello intervén e se apropia dunha festa tradicional, a cousa adoita acabar bastante regular. Di que é unha ideoloxía política, que conste.

Conclúe reiterando que tiveron conversacións e non frutificaron.

Don Antonio Bruquetas Santos, concelleiro de ACdC-SON, pregunta daquela en que estado se atopa actualmente este tema. Pregunta se vai levalo o concello, se van ser as comisións, e nese caso que comisión.

Don Ramón Boga Moscoso intervén para reiterar que non, que o concello non vai facer as festas.

O Sr. alcalde pídelle por favor ao Sr. concelleiro que agarde a que remate a súa intervención o concelleiro de Asemblea Cidadá.

Don Antonio Bruquetas Santos di que este é un problema motivado en que lles parece moi precipitada a decisión, e polo que o concelleiro delegado lle confirmou agora, é así, é unha cuestión un pouco precipitada, daquela o que lles interesa a eles é saber que vai pasar coas festas, en que estado están, se as van facer, en conclusión, saber se os veciños e veciñas de Cambre van ter esas festas.

Don Ramón Boga Moscoso volve sinalar que, como xa lle dixo, o concello non vai organizar as festas de Cambre, se logo se crea unha comisión ou non, xa non é cousa deles. Eles o intentaron, non frutificou, e non sabe que máis lle pode dicir.

A continuación, o Sr. alcalde informa a todos os presentes que son as doce da noite e que en aplicación do disposto no artigo 103 do Regulamento orgánico municipal procede levantar a sesión, facendo constar que segundo o establecido na alínea 2ª do citado artigo, os asuntos incluídos na orde do día que non puidesen ser debatidos e resoltos, deberanse incluír na orde do día da seguinte sesión que se realice, ordinaria ou extraordinaria. Quedan tres preguntas e di que se queren as inclúen o vindeiro día, xa que van ter un pleno extraordinario o luns, que se vai convocar mañá polo tema das mesas electorais. Ese pleno sempre se fixo pola mañá, e pregunta aos presentes se teñen algún inconveniente en que se faga ás catorce horas, en vez de ás trece horas, xa que son plenos duns dez minutos de duración.

Acordada a hora de celebración do pleno extraordinario, o señor presidente levantou a sesión cando son as vinte e catro horas, do que eu, secretaria accidental, certifico.

O presidente

Óscar A. García Patiño

A secretaria accidental

Verónica Mª Otero López